

A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural



Museo do Pobo Estradense


MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA

Núm.
2003

6

A ESTRADA

Miscelánea histórica e cultural



Comité de Redacción:

OLIMPIO ARCA CALDAS

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ BASCUAS

JOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

MANUEL MOSQUERA AGRELO

Coordinación:

XOÁN ANDRÉS FERNÁNDEZ CASTRO

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA. MUSEO M. R. PORTELA

2003

Cuberta: Virxe co neno. Pedra caliza policromada (1440-60 ca.) S. Andrés de Veá (A Estrada).

Deseño da cuberta: Xosé M. Castaño García

© Fundación Cultural da Estrada
Museo Manuel Reimóndez Portela
Apartado 78. 36680 A Estrada
Correo electrónico: museoestrada@terra.es

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Chan de Maroñas, 2 - Obre. 15217 Noia
Correo electrónico: sementeira@telefonica.net

I.S.S.N.: 1139-921X
Depósito Legal: C-2618-2001

CAPELAS E SANTUARIOS DO CONCELLO DA ESTRADA

Francisco Azurmendi Iglesias

Trala definitiva consolidación da parroquia galega como núcleo articulador do espazo xa na lonxana época altomedieval, a igrexa pasa a erixirse no edificio máis sobranceiro do territorio que aquela abarca asumindo deste modo o seu dobre papel como referente visual e ámbito de evanxelización e labor pastoral.

Sen embargo a Igrexa, institución que a través do seu clero rural coñecía moi de cerca a relixiosidade popular e a proclividade do campesiño a desviarse en ritos e cerimoniais que non sempre se atían á ortodoxia católica, moi pronto se viu na necesidade de controlar aquela tendencia mediante o establecemento do culto a determinados santos ou a cristianización de certos lugares onde se erguerían as conseguíntes ermidas, capelas ou santuarios. Hai que pensar, pois, que a construción de edificios deste tipo, que proliferaron especialmente a partir do século XVII, sería observado con especial satisfacción pola autoridade diocesana, non só porque deste modo se completaba a xa de por

sí densa rede de influencia sobre o territorio rural, senón tamén porque, deste modo, se canalizaba debidamente aquela inmensa explosión de relixiosidade e devoción que se produciu no orbe católico trala celebración do Concilio de Trento.

Francisco Azurmendi Iglesias, que xa nos ofreceu (A Estrada, miscelánea histórica e cultural, nº 5, 2002) unha mostra do seu benfacer fotográfico, recibiu con agrado o encargo do **Museo Manuel Reimóndez Portela** de efectuar unha catalogación fotográfica das capelas e santuarios que se conservan no ámbito territorial do Concello da Estrada, tarefa que logrou a plena satisfacción, coa única limitación da ausencia de dúas ou tres capelas privadas, ó carecer do conseguinte permiso dos seus propietarios ausentes. Malia a estas carencias, facilmente subsanables, o traballo de Azurmendi logrou sobradamente o seu dobre obxectivo de catalogación e publicación dun patrimonio que, nalgúns casos se encontra en serio perigo de desaparición.


A revisión vagarosa destas case trinta fotografías pon en evidencia o dominio da técnica fotográfica, perceptible na perfección dos encadres ou nas logradas composicións dos espazos e os volumes arquitectónicos, mais tamén a inequívoca vocación do autor como fotógrafo da natureza. Desta mestizaxe xorde esta colección onde cada capela, rural ou pacega, cada humilde ermida, logra a súa ubicación perfecta nun ámbito natural no que se encontra harmoniosamente integrada, sen máis discordancias que a presenza de certos elementos adventicios de evidente mal gusto, aínda que, afortunadamente, facilmente eliminables.



San Ildefonso. Alcaria-Guimarei.




Os Milagros de Requián.




A Virxe de Aránzazu. Santa Cristina de Veá.



O Amparo. Berres.




A Saleta. Loimil.




Castrovite. Orazo.



San Lois. Orazo.




San Vicente. Riveira.




Capela do Carme. Barcala.




San Antonio. Pazo de Oca.




Capela do Pazo de Valiñas. Callobre.




Capela do San Blas. Codeseda.



San Humberto. Caeiro, Barcala.




Capela da Ascensão. Arca.




A Consolación. Tabeirós.



Capela de Santa Lucía. Cabanelas, Liripio.




A Virxe de Guadalupe. A Grela, Codeseda.



San Bieito. Montillón.



San Bertolameu. San Xulián de Veá.




Capela de San Antonio ou da Regla. O Foxo, Rubín.




Capela do Seixo. San Miguel de Castro.




Gundián. San Miguel de Castro.




As Neves, Arnois.



A Nosa Señora de Granada. Ribadulla, Arnois.



Capela do Pazo da Mota. Riobó.



Capela do Pazo do Preguecido. Aguións.

**IRMÁNS CASAN CON IRMÁNS, 1650-1850.
ASPECTOS DEMOGRÁFICOS DESTA
SINGULARIDADE MATRIMONIAL EN TERRAS DE
TABEIRÓS, A ESTRADA-PONTEVEDRA**

Juan Andrés Fernández Castro

I. INTRODUCCIÓN

Ó longo da historia as crases populares foron perfeccionando diversas estratexias tendentes a explotar, coa mínima desvantaxe para eles, o sistema que lles tocou vivir. Demostrada desde tempos remotos a eficacia da familia, ámbito donde as dificultades se podían superar con maior posibilidade de éxito, no entorno desta veterana institución foi xurdindo todo un repertorio de procedementos que, adoptando diversas variantes cronolóxicas e xeográficas, tendían a optimizar o seu propio funcionamento preservando a súa base económica e productiva, regulando o seu papel como unidade demográfica e asegurando a integridade do patrimonio. Na Galicia rural da Idade Moderna, onde o traballo agrícola constituía o modo de vida da meirande parte da poboación, unha explotación viable aseguraba a supervivencia da unidade familiar,

polo que no mantemento e incluso ampliación da facenda residía o principal empeño dos seus compoñentes. Sen embargo o sistema podía entrar en crise no momento de levar a cabo o relevo xeracional de pais a fillos; plantexábase entón o vello e inevitable dilema entre unidade patrimonial e dispersión sucesoria; momento crucial que poñía ós petrucios na tesitura de resolver con equidade e xustiza entre dúas opcións en principio contradictorias: manter unido o patrimonio e dotar a cada fillo dun medio de vida cómodo e decente. A meirande parte destes conflitos resólvese adoptando os usos sucesorios que cada lugar e circunstancia aconsellaban, sancionando mediante o correspondente instrumento notarial aqueles pactos potencialmente máis conflictivos¹.

Do propio matrimonio e disposicións sucesorias a el ligadas dependían tantas cousas que se comprende perfectamente o intenso control a que estaba sometido por parte da sociedade coetánea. Se contraer nupcias culminaba as aspiracións da inmensa maioría dos varóns e mulleres no Antigo Réxime e constituía por si mesmo un signo de éxito social, *casar ben* introduce un matiz valorativo suplementario: conservar unido o patrimonio e establecer alianzas con outras familias integrándose nunha rede de solidariedade que contribuiría a facer máis levadeira a vida cotiá e sobrepoñerse ás dificultades e desgracias.

1 Así o aprecia Ofelia Rey na súa monografía sobre os matrimonios a troco, que se empregará neste traballo para contrastar os datos de Tabeirós. REY CASTELAO, OFELIA, "Mecanismos reguladores de la nupcialidad en la Galicia atlántica. El matrimonio a trueque", en *Obradoiro de Historia Moderna*, USC, 1990, páxs. 247-268. Tamén trata este tema SERRA, MANUEL, "O casamento por câmbia ou cambia no noroeste de Portugal. Primeira tentativa de caracterización", en *Familia, casa y trabajo*, 1997, páxs. 93-108. De maneira indirecta abordan tamén esta modalidade matrimonial: BURGUIERE, ANDRE, "Logique des familles", en *Histoire de la famille*, Armand Colin, Ed., París, 1986; LEBRUN, FRANÇOIS, *La vie conjugale sous l'Ancien Régime*, París, 1975; LAMAISSON, PIERRE, "Les stratégies matrimoniales dans un système complexe de parenté: Ribennes en Gévaudan (1650-1830)", en *Annales ESC*, 1977, páxs. 721-743; ITURRA, RAÚL, *Antropología económica de la Galicia rural*, Santiago de Compostela, 1988; FERNÁNDEZ CORTIZO, CAMILO, "En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares en la Galicia occidental a mediados del siglo XVIII", en *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia*, BERMEJO, J.C., Ed., USC, Santiago de Compostela, páxs. 145-165; FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN A. "Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 4, A Estrada, 2001, páxs. 53-86.

Desde esta perspectiva compréndese que a familia, a facenda, *a casa*, determinasen realidades superiores ás que os contraentes debían sacrificar a súa propia individualidade, obrigándose tamén a garantir ós pais anciáns e desvalidos un futuro soportable.

Aínda así existían outros recursos destinados a potenciar os efectos benéficos antes mencionados; de modo que os matrimonios consanguíneos buscaban a conservación do patrimonio no seo da familia e a endogamia xeográfica a unión de facendas da propia parroquia evitando así a dispersión da terra e da forza de traballo.

Os *matrimonios a troco*, resultado da unión de dúas parellas de irmáns, ofrécense coma a terceira alternativa ás unións “normais” e durante o seu período de vixencia empregáronse con notable éxito na salvagarda da unidade patrimonial da familia, ameazada pola inexorable fragmentación resultante das sucesivas transmisións.

A análise de certos aspectos demográficos destes matrimonios celebrados entre irmáns nas parroquias de Figueroa, Ouzande e Guimarei, incluídas na denominada Terra de Tabeirós, centra o obxectivo deste traballo.

II. O TROCO MATRIMONIAL NAS FONTES PARROQUIAIS

Dúas son as fontes ás que habitualmente se acode na procura de datos sobre a institución matrimonial; os denominados *libros parroquiais*, fonte imprescindible á hora de abordar calquera estudio demográfico no ámbito cronolóxico do Antigo Réxime e, por outra parte, os diversos instrumentos notariais onde se formalizan certas cuestións de importancia capital á hora de afrontar o estudio do matrimonio na súa faceta económica e sucesoria. Neste traballo abordaránse exclusivamente algunhas particularidades de índole demográfica excluindo, polo tanto, a faceta sucesoria e demais cuestións de tipo hereditario que encontran a súa principal fonte nas coleccións de protocolos notariais.

Para a súa mellor comprensión e máis fácil exposición, procedemos a referir as particularidades observadas nas fontes parroquiais.

1. En ningunha das actas se menciona a especificidade deste tipo de matrimonio de modo que a súa identificación efectúase tras observar a coincidencia de datas de celebración e as filiacións dos contraentes. Pódese engadir que a Igrexa non reconece carácter propio a este tipo de matrimonios, que tampouco encontran sustento no Dereito Canónico.
2. Cada matrimonio consígnase en acta propia e habitualmente aséntanse de modo correlativo. Observamos unha soa excepción: os enlaces contraídos en Figueroa o día 20 de agosto de 1769 entre os irmáns Manuel e Juan Ribeira Rebolo e as irmás Antonia e Manuela Rodríguez Matalobos, rexistrados nunha mesma partida.
3. O alto índice de matrimonios endogámicos (75%) celebrados no conxunto das tres parroquias analizadas favoreceu o acopio de datos para a reconstrucción das familias. Cómpre tamén salientar as dificultades que conleva o tratamento e control dos numerosos casos de homonimia xerados polos matrimonios entre irmáns.
4. O 85,58% dos matrimonios *a troco* adoitan celebrarse (rexistrarse) no mesmo día –descoñecemos se na mesma ou en cerimonia distintas–, aínda que observamos algunhas excepcións a esta norma xeral: cunha diferenza de menos dun mes encontramos o 2,40% de casamentos; un 4,80% con diferenzas entre un mes e un ano, acadando un 7,22 a porcentaxe de matrimonios a troco celebrados cun intervalo de máis dun ano. A estes matrimonios diferidos, cunhas datas de celebración seguras e alleos á especial casuística das velacións –que veñen observando unha demora rexistral que oscila entre un e catro meses– referirémonos máis adiante.

III. ESTRATEXIA MATRIMONIAL E TÁCTICAS COMBINATORIAS

Unha vez definido o obxectivo xeral dos matrimonios concertados entre irmáns, preservar a unidade do patrimonio familiar e o establecemento de redes de solidariedade intra e extraparroquiais, e establecidas as dúas fórmulas maioritarias –dous irmáns casan con dúas irmás / un home e súa irmá casan cunha muller e seu irmán–, que representaremos con $[v,v+m,m]$ e $[v,m+m,v]$ respectivamente, propoñémosnos confirmar a validez e incidencia destes modelos *clásicos* no ámbito xeográfico das tres parroquias, así como explorar a existencia doutras fórmulas combinatorias menos habituais.

O matrimonio cruzado entre varón e muller irmáns que casan con muller e varón tamén irmáns doutra familia ofrécese como a modalidade maioritariamente elixida nas tres freguesías estudia- das, acadando o 48,80% dos enlaces, seguida moi de perto, 46,42%, pola alternativa de dous irmáns varóns que contraen nupcias con dúas irmás. No proceso de localización de matrimo- nios *a troco* puidemos rexistrar unha terceira modalidade que polo de agora identificaremos como *outros*, onde englobariamos os matrimonios nos que intervén unha terceira persoa, ou os matrimonios triples, acadando esta terceira modalidade o 4,76% restante. Estas porcentaxes non difiren substancialmente das ofre- cidas por Ofelia Rey² no estudio que nos propoñemos empregar como referencia: 52,7, 42,8 e 4,4% respectivamente.

III.1. Evolución cronolóxica dos matrimonios a troco

Á vista dos datos que nos ofrece o reconto dedúcese que a evolución destes matrimonios experimenta un progresivo aumen- to desde mediados do século XVII³ acadando a cota máxima contra 1720, data na que a súa frecuencia declina lentamente deica 1780; de alí en diante vai esmorecendo esta variedade nup-

2 REY CASTELAO, OFELIA, *Mecanismos reguladores ...*

3 Límite cronolóxico que imponen as fontes parroquiais.

cial de modo que xa na cuarta década do XIX pódese certificar a súa definitiva desaparición. Este modelo rexional caracterízase por un período de alta incidencia de troco matrimonial durante un período longo de tempo: de 1700 a 1780 cunha media do 17 por cento do total de celebracións.

**Matrimonios a troco sobre o total.
Ouzande, Guimarei, Figueroa**

Período	% do total
1650-1670 *	6,06
1671-1680 *	1,21
1681-1700	9,69
1701-1720	23,03
1721-1740	15,75
1741-1760	13,93
1761-1780	15,15
1781-1800	9,69
1801-1820	1,81
1821-1840	3,63
1841-1850	0

* Só Ouzande

**Troco matrimonial desde o inicio dos respectivos
registros parroquiais**

Parroquia	Período	Nº matrimonios	Nº matrimonios a troco	%
Ouzande	1652-1850	474	78	16,45
Figueroa	1699-1850	244	26	10,65
Guimarei	1704-1850	555	64	11,53
total	1652-1850	1273	168	13,19

III.2. Os casos atípicos

Un certo número de matrimonios concertados a troco, algo menos do 5 por cento, presenta certos rasgos diferenciais que os

alonxan das dúas fórmulas maioritariamente empregadas. O recurso a modalidades non “ortodoxas” responde sen dúbida á necesidade de superar dificultades ou carencias de moi diversa índole e denotan a capacidade daquelas persoas para articular fórmulas alternativas dentro dos estreitos marxes que o dereito canónico, as leis civís e aínda os usos do país permitían, tendo sempre presente que o obxectivo primordial deste tipo de nupcias era a salvagarda da integridade do patrimonio.

Encontramos dous casos de troco nos que un dos contraentes procede dunha terceira familia sen vínculo algún cos demais:

- Pedro e María Ribeira Pazo casan respectivamente con María Ribadavia e Bernardo Villaverde o 12-2-1752.
- Mariana, Martín e Domingo Graña Tosar casan con Roque e Luisa Vales Hermida e Manuela Ribeira Riba, respectivamente, o 24-1-1742.

Este segundo caso presenta, ademais, a particularidade de constituír un troco múltiple, no que unha terceira familia aporta unicamente o sexto contraínte. Pero non acaban aquí as pequenas sorpresas que nos depara a combinatoria matrimonial:

- Os pais de Mariana, Martín e Domingo Graña son fillos de Ignacio Graña e Catalina Tosar que así mesmo casaron a troco no 1693 con Domingo Graña, irmán de Ignacio, e Margarita Tosar, prima de Catalina. É de salientar que esta última contraeu nupcias con menos de trece anos.
- O día 12-9-1824 celébrase en Guimarei o penúltimo matrimonio suxeito a esta modalidade de troco entre os irmáns Julián e María Ferro Matalobos e os primos Benita e Andrés Sanmartín.
- Na parroquia de Ouzande celébrase o 26-9-1735 matrimonio entre os irmáns Antonio e María Josefa Riba Ferro e Josefa e Manuel Blanco Rebolo, respectivamente. Sorprende observar que 13 anos máis tarde, o 6-4-1748, casan pola súa parte Antonio Blanco rebolo e Manuela Riba Ferro.

- As irmás Manuela e Tomasa Tato Blanco casan con Martín e Manuel Fernández, primos entre si, no 1749 e 1755 respectivamente.

Aínda que a coincidencia nas datas de matrimonio e incluso a presenza de dous irmáns non serían factores suficientes para definir o matrimonio a troco –saberemos con absoluta certeza que se trata desta modalidade cando na correspondente partida se fai mención expresa a elo ou algunha fonte de tipo notarial nolo ratifica definitivamente–, nas atipias arriba manifestadas, certamente escasas pero significativas, observamos como se activa todo un repertorio de recursos de diversa índole coa finalidade de lograr a consumación dun acto que reportaría á vida, facenda e prestixio das familias beneficios innegables. Pactado o troco entre as familias, dilataríase un segundo matrimonio cando non se dispoñía nese momento, por razón de idade ou ausencia, do segundo contraente; noutras ocasións lévase ó matrimonio unha muller no límite mesmo da idade canónica para contraer nupcias –arredor dos 13 anos–, única maneira quizais de lograr un matrimonio que as circunstancias non aconsellaban demorar. As alianzas triples, nas que interveñen tres irmáns de cada familia, os trocos entre irmáns e primos, os matrimonios a troco *diferidos* ou a introdución dun membro dunha terceira familia, denotan aquel esforzo de esgotar as posibilidades que ofrecía esta modalidade nupcial, sen esquecer que, en moitos casos se busca un efecto sinéxico cando concorren, ademais, outros factores que contribúen eficazmente ó control e integridade do patrimonio familiar no difícil trance da súa transmisión: endogamia e consanguinidade.

III.3. *Endogamia xeográfica*

Nunha determinada fase da evolución de cada familia os fillos, a medida que acadaban a idade propicia, íanse incorporando progresivamente ó mercado nupcial, onde o orde de nacemento, número de irmáns, idade, prestixio da casa, sexo, patrimonio, oficio e certos valores persoais se convertían en factores valorativos á hora de competir con outros xoves conforme a unhas determinadas leis da oferta e da demanda.

Chegado o momento os petrucios emprendían unha das tarefas de máis transcendencia na vida das familias campesiñas: o establecemento de alianzas matrimoniais para os fillos casadeiros, que con frecuencia debían sacrificar as súas apetencias afectivas e persoais en favor dos intereses da facenda e da casa. Este proceso de negociación inducía a activación das relacións interfamiliares dando lugar a procesos dialéctico-negociadores moi activos que implicaban un perfecto coñecemento da oferta matrimonial, patrimonio, pretensións e condicións de sucesión de cada un dos aspirante a casar. Este coñecemento previo é un dos principais motivos polos que na Galiza rural do Antigo Réxime a meirande parte dos casamentos se producisen entre membros da mesma comunidade ou, nunha proporción algo menor, de parroquias limítrofes.

Se a endogamia en matrimonios *normais* se podía situar nesta zona arredor dun 50% como media no século XVIII⁴, nos matrimonios a troco esas cifras increméntanse considerablemente, como ven sendo o habitual noutras partes de Galiza⁵ debido a que o primordial obxectivo destes casamentos era precisamente evitar a dispersión da facenda e da forza de traballo. Como é lóxico esta singularidade matrimonial tendía irremisiblemente ó agotamento en sí mesma, de modo que era preciso recorrer ós matrimonios extraparroquiais por carencia de oferta axeitada na propia ou ben renunciar temporalmente ós trocos, á espera de que as circunstancias demográficas fosen de novo propicias.

Endogamia nos matrimonios a troco S. XVIII, %

Procedencia	Mesma parroquia	Parroquia limítrofe	Parroquia non limítrofe
Ouzande	65,38	26,92	7,69
Figueroa	46,15	38,46	15,38
Guimarei	66,66	30	3,33

4 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN A., *Algúns indicadores demográficos ...*, páx. 77.

5 REY CASTELAO, OFELIA, *Mecanismos reguladores ...*, páx. 255.

Os datos da táboa veñen confirmar o anteriormente exposto. Cómpre salientar, sen embargo, a singularidade das cifras da parroquia de Figueroa, que denota unha intensa apertura ó seu entorno, debido á pouca entidade poboacional desta comunidade –menos da metade de cada unha das outras dúas– que obrigaba a recorrer á oferta exterior para concertar os seus propios trocos matrimoniais.

Débase tamén destacar que este tríó parroquial conformou xa desde o século XVII unha unidade demográfica e económica ben definida ata o punto de que o territorio de cada unha das tres freguesías comprendía aproximadamente un tercio do importante lugar da Estrada, onde xa no XVI se celebraba un mercado mensual; neste punto emprazábase tamén un importante continxente poboacional de cada unha das tres parroquias. É polo tanto comprensible que aquela unidade xeográfica e socioeconómica determinase unha realidade demográfica homoxénea. Neste contexto cobra especial significado a alta taxa de *endogamia zonal*, termo co que denominamos aqueles matrimonios a troco celebrados entre contraentes procedentes exclusivamente das tres entidades coñecidas e que acada un 73,52% de media na decimooitava centuria.

IV. ASPECTOS DEMOGRÁFICOS

IV.1. Estacionalidade

Matrimonios a troco e normais, %

Mes	Xa.	Fe.	Mar.	Ab.	Mai.	Xun.	Xul.	Ag.	Se.	Ou.	No.	De.
Troco	18,2	15,9	10,2	5,7	3,4	0	2,27	6,8	15,9	6,8	2,3	12,5
Norm.	17,31	12,29	11,17	8,56	6,51	5,95	4,3	4,8	8,4	4,8	6,7	9,1

A distribución anual dos matrimonios a troco, aínda que menos homoxénea, segue, en liñas xerais, a tónica marcada polos enlaces normais: máximos invernales, mínimos estivais e a inflexión setembrina que destaca significativamente entre as baixas cifras dos meses anterior e posterior respectivamente.

Os datos da táboa suxiren que os factores de tipo estacional relacionados cos labores culturais do campo por unha parte, e o regreso de emigrantes estacionais con certos caudais obtidos nos seus traballos fóra da terra, pola outra, explicarían esta distribución estacional e o repunte de setembro⁶.

IV.2. *Idade ó matrimonio*

Coñecemos a idade media de acceso ós matrimonios normais na parroquia de Guimarei⁷, que se sitúa nos 25,75 anos para os varóns e 24,88 anos para as mulleres no período 1718-1850. Nos matrimonios a troco celebrados nas tres parroquias as idades dos contraentes experimentan un considerable adianto conforme á tónica que Ofelia Rey observou na área por ela estudia⁸.

Así, os varóns que casan a troco fano ós 24,99 anos como media, anticipándose 9,12 meses ós demais contraentes; as mulleres, pola súa parte, casarían ós 23,15 anos de promedio, case 21 meses por diante das que efectúan casorios normais.

Partindo da premisa de que a función reproductiva, que garantía o relevo demográfico, constituía un dos fins primordiais do matrimonio, por unha parte, e que, por outra banda, a idade reproductiva da muller estaba suxeita a unhas limitacións temporais e outras dictadas polos costumes de cada lugar, as familias contaban cun tempo limitado para dispor o matrimonio dos seus fillos na certeza de que o seu valor no mercado matrimonial sufría unha progresiva depreciación, especialmente no caso das mulleres, na medida en que o matrimonio se atrasaba.

6 Cabería abrigar certa dúbida xa non na data en que se consignan as cerimonias senón da simultaneidade destas, sen embargo, por motivos obvios que afectan ás familias, suxeción ó estipulado nos instrumentos notariais que con frecuencia ratificaban estas unións e a perfecta concordancia dos períodos protoxenésicos obtidos mediante a reconstrución das familias procedentes de matrimonios a troco coas demais, podemos aceptar sen reservas as datas ofrecidas nos rexistros parroquiais, unha vez feita a salvedade, xa mencionada, das velacións e matrimonios *diferidos*.

7 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN A. *Algúns indicadores demográficos ...*, páx. 71.

8 REY CASTELAO, OFELIA, *Mecanismos reguladores ...*, páxs. 253-254.

Se “casar pronto e ben” os fillos constituía a aspiración máxima de tódolos pais, un troco vantaxoso significaba o acceso a un status case privilexiado e supoñía a culminación dun proxecto longamente meditado, planificado nos seus mínimos detalles e no que as familias depositaban un gran caudal de ilusións. Os pais, como depositarios da tradición familiar e sabedores por experiencia que o sistema penalizaba as familias desintegradas ou carentes de alianzas, con pouca facenda e escasos recursos para traballala, víanse pois na obriga de obrar con cautela sen esquecer que un bo matrimonio aseguráballes unha vellez plácida e segura. Por iso os fillos destinados a casar a troco eran os primeiros en tomar estado, ata o punto de que, en moitas ocasións facíase imperativo “forzar” algunha idade nupcial que permitise a unión no momento oportuno, ou se recurríase á consanguinidade ou á intervención dunha terceira familia para rematar un troco favorable.

Efectuado un cálculo sobre a idade de acceso ó matrimonio de tódalas mulleres comprendidas neste estudio, encontramos que o 23,42% delas contan con 19 anos ou menos; o mesmo cálculo efectuado entre os varóns danos un exíguo 4,05%. Constatamos tamén a menor consideración cultural e biolóxica que tiña a idade do varón que van contraer nupcias: un 12,16% deles casan a troco cando contan con 30 anos ou máis, cifra que contrasta co 7,20% das mulleres.

IV.3. Número de fillos por matrimonio

A reconstrucción da meirande parte das familias constituídas mediante matrimonios a troco permítenos observar e comparar certos parámetros demográficos de capital importancia, como sería neste caso a relación existente entre a idade nupcial das mulleres –sensiblemente inferior á daquelas que casan mediante enlaces “normais” como xa quedou visto–, e o número de fillos habidos. Da mesma maneira, a reconstrucción das familias das que proceden os contraentes –necesariamente máis reducida a causa das limitacións cronolóxicas impostas polas fontes–, permitiranos efectuar algunhas observacións en torno á relación que

se presente entre dimensión da familia e frecuencia de acceso a matrimonios a troco dos seus fillos.

Efectuado o cálculo sobre familias completas e incompletas obtemos unha media de 4,8 fillos, cifra que contrasta cos 4,20 fillos procedentes dos matrimonios “normais”. Todo fai pensar que a precocidade con que as mulleres acceden ós trocos matrimoniais⁹ constitúe a principal razón deste incremento na descendencia. A estes factores de índole bio-demográfica cabería engadir outros de carácter socioeconómica como o mellor nivel de vida que ostentarían estas familias –froito dunhas mellores condicións de explotación das facendas e optimización dos recursos humanos– e o establecemento de redes de solidariedade tecidas en torno a estas particulares alianzas matrimoniais.

Nunha proporción sensiblemente menor, só o 50%, logramos reconstruír as familias de orixe dos contraentes de matrimonios a troco; desta maneira, e coa precaución que o reducido da mostra impón, calculamos o número de fillos por matrimonio en familias completas e incompletas, resultando unha media de 5,40 no período 1652-1801. A cifra é moi alta se a comparamos coa descendencia media da Ulla¹⁰ e contrasta notoriamente cos 4,20 fillos procedentes dos matrimonios normais en terras de Tabeirós nun período de tempo similar. Sen embargo encontra bastante similitude cos 5,7 fillos por matrimonio que Rey Castelao¹¹ obtén na Galicia atlántica durante o mesmo período. Lembremos que esta alta taxa refírese a fillos nacidos, de forma que a mortalidade e a emigración, principalmente, reducirían substancialmente as fratrías antes de acadar a idade nupcial; aínda así cabe pensar que os candidatos a casar a troco procederían maioritariamente de familias sobredimensionadas que encontrarían neste mecanismo a maneira idónea de colocar o seu excedente humano.

9 Lembremos que adiantan os seus matrimonios 21 meses como promedio.

10 REY CASTELAO, OFELIA, *Aproximación a la historia rural en la comarca de La Ulla, (Siglos XVII y XVIII)*, USC, Santiago de Compostela, 1981, páxs. 79-80.

11 REY CASTELAO, OFELIA, *Mecanismos reguladores ...*, páxs. 251-252.

IV.4. Troco matrimonial e tradición familiar

Nun 11,5% destes matrimonios alomenos un dos contraentes procedía dunha familia constituída mediante troco. A cifra non é demasiado alta pero non deixa de ser significativa en tanto que demostra que unha cantidade non desprezable de fillos optan pola mesma modalidade matrimonial que, anos antes, elixiran seus pais ou avós. Cómpre pois engadir ás motivacións xa coñecidas para optar polo troco nupcial outras como a tradición da familia e a experiencia positiva dos devanceiros, o que non deixaría de ser un argumento a favor da eficacia e pertinencia desta modalidade matrimonial.

Historia matrimonial I

15-12-1670 Amaro Rebolo Eo Ant ^a Castro Pazo	Jerónima Rebolo Castro (1671), Ambrosio (1674), Francisca (1677), María (1680), Ana (1683), Patricio (1686)
Pedro Rebolo Eo M ^a Castro Pazo	*
José Blanco Trigo Franca. Rebolo Castro	María Blanco Rebolo (1706), Manuel (1709), Josefa (1712), Antonio (1715).
Ant ^o Blanco Trigo María Rebolo Castro	Luis Blanco Rebolo (1706), Agustín (1709), Baltasara (1712), Francisca (1718).
26-9-1735 Antonio Riba Ferro Josefa Blanco Rebolo	M^a Manuela Riba Blanco (1739), Jacinto Ant^o (1743), Manuela Ant ^a . (1746), Juan Ant ^o . (1749), Bernardo Antonio (1754).
Manuel Blanco Rebolo M ^a Josefa Riba Ferro	Josefa Ant ^a Blanco Riba (1736), Antonia M ^a (1738), María Juana Ant^a (1742), Jacinto Ant ^o . (1746), Maria Josefa (1747), Antonio Francisco (1749), Manuela Ant ^a (1751).

6-4-1748
Ant^o Blanco Rebolo
Manuela Riba Ferro

Josefa Blanco Riba (1748), Fc^o
Antonio (1750), Juana (1754), María
Benita (1759).

21-2-1762
Manuel Ant^o Ponte Pazo
M^a Manuela Riba Blanco

Josefa Ant^a Ponte Riba (1762),
Jacinto Ant^o (1765), Domingo Ant^o
(1768), José Benito (1769), Juan Ant^o
(1772), Manuela Ant^a (1774), M^a
Francisca (1776), Rosalía (1779).

Jacinto Ant^o Riba Blanco
Mela. Josefa Ponte Pazo

Josefa Fca. Riba Ponte (1763),
Domingo Ant^o. (1765), Benito Ant^o.
(1767), Pascuala Benita (1770),
Casilda (1771), Pascual Benito
(1772), Pascuala (1775), Rita (1777).

21-12-1766
Benito Campo Durán
M^a Juana Blanco Riba

**

9-8-1767
Ant^o Blanco Riba
M^a Benita Campo Durán

Pascual María Blanco Campo (1771),
Juan (1777).

19-12-1796
Pascual M^a Blanco Campo
M^a Francisca Souto Durán

Ambrosio M^a Blanco Souto (1801).

Juan Blanco Campo
Dominga Souto Durán

Ant^o Fco. Blanco Souto (1797), Juan
(1804), Francisca (1809).

* Sen fillos. ** Non hai reconstrucción de familia.

Historial matrimonial II

12-5-1762 Lorenzo Trigo Carballo María Porto Bernárdez	M^a Francisca Trigo Porto (1763), Ángela (1766), Andresa Ant ^a (1769), José Antonio (1772), Felipe (1777), Ventura Baltasar (1780), Teresa (1784/1785), Ignacio Ant ^o (1788).
8-10-1794 Pedro Verde Buela M ^a Fca. Trigo Porto	María Verde Trigo (1794), Andrea (1796/sf.), Andrés (1798), José (1800/1801), Andrea (1803).
6-5-1801 Felipe Trigo Porto Luisa Sanmartín Riba	Josefa Trigo Sanmartín (1804/1804), Francisco (1809), Josefa (1813).
José Ant ^o Trigo Porto Fca. Sanmartín Riba	Ángel Ventura Trigo Sanmartín (1802), José Andrés (1803), Ventura (1805/sf.), Antonio (1806), Felipe (1808).
7-9-1802 Ventura Trigo Porto Fca. Verde Buela	Felipe Trigo Verde (1805), María (1813).

CONCLUSIÓNS FINAIS

Unha vez finalizada esta breve aproximación á modalidade nupcial coñecida como *matrimonio a troco*, denominación proposta por Ofelia Rey na súa monografía, propoñémonos establecer unha serie de conclusións xerais necesariamente breves, circunscritas á area xeografica das tres parroquias mencionadas e limitadas a certos aspectos de índole exclusivamente demográfica, para o que empregaremos, a modo de referente, o estudio de Rey Castelao, que supera amplamente esta modesta achega.

1. Constátase o emprego dos matrimonios a troco nas tres parroquias que comprenden este estudio a partir da segunda

metade do S. XVII, cunha frecuencia que aumenta paulatinamente deica 1780, data na que se inicia un lento pero evidente descenso que culmina nos primeiros anos do XIX, de modo que contra 1830 pódese considerar xa unha práctica extinguida.

2. A proporción de matrimonios a troco con respecto ós “normais” non observa unha traxectoria regular a través do período estudiado, acusando con extraordinaria sensibilidade, sen embargo, as fluctuacións demográficas e económicos das que, ata certo, punto dependen e ás que se adapta. A media xeral das tres parroquias (1652-1850) acada un 13,19% de matrimonios a troco, cifra sensiblemente inferior á ofrecida por Rey Castelao –en torno ó 20%–. Sen embargo as cifras aproxímanse considerablemente se aco-
tamos o fenómeno no seu período de máximo apoxeo, 1700-1780, época na que os matrimonios a troco acadan o 17% do total.
3. Á marxe de certas combinacións atípicas que non chegan ó 5% do total, a modalidade cruzada (v,m + m,v) acada un 48,80% de tódolos trocos, seguida moi de cerca pola fórmula simple (v,v + m,m) elixida nun 46,42% dos matrimonios. A diferenza coa área de referencia estriba fundamentalmente na marxe de diferenza que se establece entre as dúas opcións maioritarias –en torno a un 10%– a favor da fórmula cruzada.
4. As idades matrimoniais dos contraentes a troco acusan un evidente adianto respecto ós demais; 9,12 e 21 meses en varóns e mulleres respectivamente como media de todo o período.
5. Constátase en ambas dúas áreas que o número medio de fillos das familias que posteriormente han recorrer ó troco supera amplamente a media das demais familias; así mesmo observamos en Tabeirós que os matrimonios constituídos a troco teñen máis fillos (4,8 de media en familias completas e incompletas) cás demais: 4,20 fillos. Na estaciona-

lidade das celebracións e índice de concepcións prenupciais residen as únicas diferencias de certa entidade con respecto á área atlántica que empregamos a modo de referencia. Así, a distribución mensual destes matrimonios na comarca de Tabeirós a penas ofrece diferencias notables cos matrimonios normais: máximos invernais cun destacado repunte en setembro e apatía estival na que destaca o 0% de xuño¹². Encontramos un índice de concepcións prenupciais do 5,9%, sensiblemente inferior ó dos matrimonios normais, situado nun 9,53%¹³, circunstancia que contrasta coa área atlántica onde os embarazos prematrimoniais son practicamente nulos.

6. Máis da metade dos matrimonios a troco celébranse entre contraentes da mesma parroquia. Sen embargo esta endogamia xeográfica supera o 70% se consideramos as tres parroquias, limítrofes entre sí, coma un único territorio.
7. Quedan aínda sen resposta toda unha serie de cuestións inherentes a esta singularidade matrimonial que no seu período de vixencia se ofreceu como eficaz recurso para establecer e afianzar redes de solidariedade e tamén reducir o efecto perxudicial da progresiva fragmentación do patrimonio nas sucesións. É por iso que no estudio destes matrimonios, sen desbotar aspectos demográficos de capital importancia, hase insistir no matiz diferencial que os caracteriza e que encontra nas coleccións de protocolos notariais a súa principal fonte. A reconstrución de familias ofrécese tamén como eficaz recurso para perfilar determinados aspectos inabordables sen o seu eficaz auxilio e, sobre todo para intentar responder á cuestión primordial: ¿observan estes matrimonios *a troco* un comportamento demográfico propio e diferenciados dos denominados “normais”? Neste traballo confirmáronse gran parte das teses que xa adiantara Ofelia Rey no seu estudio pioneiro en Galicia; aínda así

12 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN A., *Alguns indicadores demográficos ...*, páxs. 75-76.

13 FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN A., *Alguns indicadores demográficos ...*, páx. 65.

quedan moitas preguntas sen resposta. ¿Que grao de voluntariedade existía nestes ou noutros matrimonios? Unha vez cerrado o trato entre dúas familias para casar os fillos a troco ¿conforme a que criterio se emparellaban? ¿Por que se celebran matrimonios *diferidos*? ¿Baixo que premisas se entablaban as negociacións previas ó casamento e quen as dirixía? Cuestións todas elas circunscritas ós bretemosos recantos do pensamento e das mentalidades, ámbito e residencia dos desexos e as ilusións máis íntimas das persoas e polo tanto moi remisas a desvelarnos os seus segredos.

FONTES

Arquivo parroquial de Guimarei (APG).

Libros I, II e III de Bautizados. 1702-1859

Libro I de Casados. 1704-1857.

Libros I e II de Difuntos. 1703-1856.

Arquivo parroquial da Estrada e Ouzande (APEO).

Libros I, II e III de Bautizados de Ouzande. 1651-1823.

Libros I, II e III de Casados de Ouzande. 1652-1851.

Libros I, II e III de Difuntos de Ouzande. 1652-1851.

Libros I, II e III de Bautizados de Figueroa. 1698-1876.

Libros I e II de Casados de Figueroa. 1699-1896.

Libros I e II de Difuntos de Figueroa. 1697-1896.

NOTA

Agradecemos ós Sres. Curas Párrocos de Guimarei e A Estrada, D. José Luis Blanco García e D. Manuel Castiñeira Rodríguez, respectivamente, as permanentes facilidades que nos brindaron para consultar os Arquivos Parroquiais ó seu cargo.

UN PROYECTO IRREALIZADO DE 1891. LA FUENTE DE NEPTUNO PARA LA VILLA DE A ESTRADA

Isabel Carlín Porto

La pretensión con la que nace este trabajo es la de acercarse a un documento gráfico desconocido para la gran mayoría de los ciudadanos estradenses, pero que comporta un enorme interés por el valor histórico que entraña; nos ha sido amablemente cedido para su estudio por la familia García Vicente de A Estrada, a quien damos las gracias.

Mi deseo es el de abordar este tema desde un punto de vista histórico-artístico, centrándome en el análisis de los elementos más representativos y conocidos, ya que, por desgracia, la falta de documentación me ha impedido profundizar más en el tema.

El período comprendido entre finales del siglo XIX y principios del XX se acometen un proceso de reformas urbanísticas en toda A Estrada que buscan la mejora y generalización de las infraestructuras. Los servicios sufrirán grandes cambios, como abastecimiento de aguas, alcantarillado y alumbrado, mejorando

al mismo tiempo la pavimentación existente a través del enlosado.

Estos cambios empiezan a tomar forma cuando se traslada el Ayuntamiento a A Estrada y comienzan a tomarse las primeras iniciativas tendentes a transformar esta aldea en una villa con una incipiente planificación urbanística¹.

Dentro de esta serie de proyectos llevados a cabo, destaca el capítulo de conducción de aguas y construcción de fuentes, al que no voy a referirme, pero que ha sido motivo de gran preocupación para arquitectos e ingenieros.

La construcción de nuevas fuentes se puede considerar una obra monumental que contribuye al embellecimiento de una ciudad. En este caso concreto que nos ocupa, se hacía evidente la preocupación por dotar a esta villa de servicios y edificios acordes con la nueva capitalidad que se quería asumir.


Normalmente, estas fuentes monumentales se localizaban en las plazas más importantes de la ciudad para cumplir una doble misión: abastecer y ornamentar.

Este proyecto de fuente monumental para la villa de La Estrada del año 1891, no es más que eso, un proyecto que nunca se ha llevado a cabo. Su realizador, Antonio Crespo, del que, desgraciadamente, no he podido encontrar material bibliográfico, posiblemente haya sido colaborador de otro ilustre arquitecto: José Franco Montes².


¿Por qué este proyecto nunca se llevó a cabo? Debido al escaso material que he encontrado nos estaríamos metiendo en terreno movedizo: quizá fue sólo eso, un proyecto, e incluso en la mente del propio arquitecto nunca se iban a llevar a cabo las

1 Para conocer más sobre este tema me remito a FERNÁNDEZ BASCUAS, M. J. "Aproximación á xénesis urbanística da vila da Estrada" I e II en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, números 2 y 3, págs. 49-62 y 101-125, respectivamente.

2 FERNÁNDEZ BASCUAS, M. J. "A Casa Consistorial da Estrada (Pontevedra). Obra do arquitecto Franco Montes", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, número 5, págs. 89-114.



obras, era un trabajo más dentro de su curriculum profesional, algo, por lo demás, bastante probable, ya que era una obra de demasiada envergadura (sus dimensiones son de más de 6 m) para un pueblo tan pequeño como A Estrada en esos momentos. Por otro lado, y como ya he comentado, se estaban dando una serie de reformas urbanísticas en este período, tendentes a mejorar las



infraestructuras, como la apertura de nuevas calles, la realización de nuevas plazas y nuevos edificios, como el Ayuntamiento, por lo que una fuente monumental aumentaría la belleza de tales




Figura 1.

reformas. Pero, como los lectores podrán comprobar me estoy moviendo en el terreno de las conjeturas, ya que no existen documentos gráficos que avalen uno u otro hecho.

El documento gráfico que aquí nos ocupa es una fuente mitológica destinada al dios Neptuno (Fig. 1). Consta de un pilón octogonal engalanado y una pilastra toscana, con dos delfines como surtidores de agua, de estructura cúbica sobriamente decorada con entrepaño en la parte central, y una inscripción que alude a su fecha de realización de 1891. Sobre él, una cornisa y un remate escalonado que alberga la estatua del dios Neptuno.

Su nombre griego es *Poseidón* y se compone a partir de potei (“señor”, “esposo”), en vocativo, y da (“tierra”). Sería en sus orígenes “el señor o esposo de la Tierra”, a la que abraza y agita provocando los terremotos³.

En la épica y en la época clásica es el dios del mar y habita en sus profundidades, junto a su esposa Anfítrite. En su aspecto físico se parece a Zeus, pero su atributo no es el rayo, sino el tridente, con el que revuelve las aguas con las tormentas y golpea la tierra y las rocas para hacer surgir los manantiales. Se considera alegoría del agua y resulta una imagen obligada en la iconografía de las fuentes.

El caballo es su animal sagrado, puesto que, según un relato mítico, había sido engendrado por él. De ahí el carácter fogoso e impetuoso de los équidos que, como el propio dios, sacuden la tierra con su galope (Fig. 2). En algunas de sus fiestas se sacrificaban caballos, bien por inmersión, bien despenándolos al mar o a una sima profunda.

Que en ocasiones Atenea y Neptuno aparezcan juntos, como en un ánfora del pintor Aramis, c. 530, no es fruto de la casualidad (Fig. 3). Ambos gobernaban aspectos relacionados con los caballos y la navegación.

3 Castiñeiras González, M. A. *Introducción al método iconográfico*. Ariel Patrimonio Histórico. Barcelona. 1998. Págs. 130-131.



Figura 2. Poseidón jinete,
Lékythos ático, 520 a.C.



Figura 3. Atenea y Poseidón.
Pintor de Amaris, ánfora, c. 530 a.C.

Pero mientras Atenea es la diosa civilizada, inventora del freno y del arte de navegar, y, por lo tanto, la protectora de la doma del caballo y de los navíos, Neptuno encarna, por el contrario, el ímpetu natural y salvaje del mar y el caballo. En lucha por la posesión del Ática se representaba a ambos dioses presidiendo el frontón occidental del Partenón.

Como cabría suponer, sus lugares de culto están ligados al mar. De entre ellos sobresale su templo en el cabo Sunión, magnífico ejemplo de la relación que existía en la antigua Grecia entre santuarios y paisaje⁴.

Neptuno suele ser representado en la persona de un anciano cuyo cuerpo está cubierto de ropajes. Lleva en la mano derecha un tridente y la izquierda en posición de señalar. Además de su mujer Anfítrite suele estar acompañado de tritones y elementos marinos, como tritones o hipocampos (caballos de mar).

4 Humbert, J. *Mitología griega y romana*. Gustavo Gili. Barcelona. 1997. Págs. 27-31.



Figura 4. Fuente de Apolo.

El Neptuno que Antonio Crespo nos presenta está tomado de la iconografía tradicional, con el tridente en su mano, y a sus pies, el caballo, mostrando un rico estudio en los pliegues de su ropaje, así como en su anatomía; una obra en la que prevalece la sencillez y una pureza de líneas que lo apartarán del gusto curvilíneo del Barroco. La influencia neoclásica llegada de Italia y la tendencia académica iba conformando a los artistas españoles de la época, como es el caso de M. F. Álvarez de la Peña, académico de mérito, Escultor de cámara y colaborador en los trabajos del Palacio Real, de cuya *Fuente de Apolo o de las Cuatro Estaciones* (Fig. 4), en el madrileño paseo del Prado, pudo inspirar a nuestro arquitecto, así como los temas tomados de la mitología clásica.

El diseño no presenta ninguna complicación estilística, suprime toda la libertad formal, ciñéndose a los más estrictos cánones policletianos, y sin la menor carnalidad o dramatismo, efectúa una obra digna de los mejores copistas romanos.

Sin duda estamos ante una sobria construcción arquitectónica en la que está presente un gran equilibrio en todas sus formas y un naturalismo que se encuentra entre lo clásico y un toque barroco, queriendo rodear a la obra de una cierta intemporalidad.

BIBLIOGRAFÍA

- ARCA CALDAS, O. *Callejero histórico de la Villa de A Estrada*. A Estrada. 1996.
- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A. *Introducción al método iconográfico*. Ariel Patrimonio Histórico. Barcelona. 1998.
- FERNÁNDEZ BASCUAS, M. J. “Aproximación á xénese urbanística da vila da Estrada I” en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, V. 2. A Estrada, 1999, pp. 49-62.
- “Aproximación á xénese urbanística da vila da Estrada II en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, V. 3. A Estrada, 2000, pp. 101-125.
- “A Casa Consistorial da Estrada (Pontevedra). Obra do arquitecto Franco Montes” en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, V. 5. A Estrada, 2002, pp. 89-114.
- HUMBERT, J. *Mitología griega y romana*. Ed. Gustavo Gili. Barcelona. 1997.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M. “El Neoclasicismo y el siglo XIX”, *Enciclopedia temática de Galicia-Arte*. Ed. Nauta. Barcelona, pp. 113-149.

OS ESCUDOS DO CONCELLO DA ESTRADA DENDE 1840

M^a Jesusa Fernández Bascuas

Entre 1836-1840, o espacio que ocupa actualmente o Concello de A Estrada, foi obxecto de diferentes propostas de división territorial e sufriu modificacións substanciais chengando a estar dividido en varios cotos e concellos con alcalde propio e de duración efímera. Estas demarcacións territorias oscilaron moito e non foi ata 1840 cando se unificaron (Vea, Berres, Orazo, Viso, Oca, Codeseda...) baixo a denominación de Concello da Estrada (1841) coas parroquias que posúe actualmente.

Voume ocupar dun aspecto moi concreto da vida municipal cal é o dos seus símbolos, as variacións que experimentaron, a súa relación coa historia local, a vida, a paisaxe e a idiosincrasia deste pobo; para afrontalo seguirei un criterio puramente cronolóxico que nos levará dende 1838 ata a actualidade, tomando como fío conductor as variacións que se experimentaron no transcurso do tempo. Así, buscando un punto de arranque atopámonos:

ESCUDO DO CONCELLO DE CEREIXO

Podémolo encadRAR como o precedente inmediato, por canto é o único do que temos constancia de todos os municipios anteriores; ademais, a corporación tomouno como referencia para elaborar o escudo do 1928 establecéndose así unha vinculación directa da Estrada con aquel efímero concello de “Cereijo”, do que se sinte herdeiro.

A súa estrutura é sinxela: forma oval, e no interior deste unha estrela no centro con moitas puntas formando un círculo cun faz que cae ó longo de todo o escudo ata a parte inferior, rodeado pola lenda: “AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL CEREIJO”. Sen dúbida enlaza coa tradición xacobeá pola proximidade a Compostela e porque esta comarca foi, dende antigo, lugar de paso e descanso de peregrinos.



Foi utilizado entre 1838-1840 segundo consta en diferentes documentos existentes no Arquivo da Excma. Deputación de Pontevedra. Tamén temos noticias del a través dalgúns autores locais.

Reimóndez Portela no seu libro “A Estrada Rural”, refírese a un escudo que describe da seguinte maneira: “...aparece o escudo ou estampilla oval no que se adivina unha imaxe da Virxe cunha gran coroa relucinte e arredor do óvalo a inscrición: Ayuntamiento Constitucional de Estrada”, na documentación consultada non se atopou ningún escudo que responda a esta descripción pero quero deixar constancia da referencia.

ESCUDO DE 1840

Nesta data o concello de Cereixo, polas circunstancias políticas existentes, trasládase á Estrada, onde permanecerá definitivamente; esta nova ubicación e denominación supón tamén que hai que establecer os símbolos do novo concello, así sobre 1840 creáse un escudo que se manterá, con breves interrupcións, ata 1928.

Coñecemos os motivos que levaron ós gobernante daquela época á adopción desta iconografía, e que están relacionados cos acontecementos históricos que se desenvolveron por esas datas (Primeira Guerra Carlista), no país, afectando profundamente a esta comarca e ós seus moradores, divididos entre os dous bandos: os realistas, que apoiaban ó pretendente, D. Carlos e os constitucionalistas que apoiaban á herdeira ó trono, Isabel II.

Y también vivía en La Estrada otro retirado de la Ley de Azaña, don Ángel Pereira Renda, cuñado de Castelao, muy enterado de radio y que tenía una emisora de onda corta EAJ-BS (Berlín-Siberia) que fue uno de los más importantes medios de enlace que tuvieron los militares sublevados en el Noroeste de España. Esta emisora, durante la guerra, prestó servicios civiles, desde distintos puntos, enlazando con Madrid para transmitir mensajes a través de la Cruz Roja Internacional. Aquí en La Estrada estaba instalada en el segundo piso de la casa hoy propiedad de las Srtas. Esmorís, en donde vivía el Sr. Pereira, a quien habían detenido por orden del Gobernador y llevado a Pontevedra de donde regresó al cambiar la situación¹⁴.

Los primeros días después del 18 de julio fueron de escuchar las radios –habría entonces en la villa unos veinte receptores en total–, de esconderse los de izquierdas algo y de la proliferación de los falangistas.

Antes del alzamiento eran conocidos como tales los hermanos Castro Pena de Tabeirós –uno de ellos, Manolo fue Jefe Provincial de esta provincia¹⁵– y unos pocos señoritos de La Estrada, pero a principios de agosto eran ya varias docenas.

13 C. Fernández coincide en la toma de control por parte de Benemérita o día 21 pero da como primero delegado de Orde Pública a Benito Vigo Murillo [sic, por Munilla], al que sustituirá más tarde Pedro Gil Crespo (C. Fernández, *op. cit.*, p. 292).

14 Ángel Pereira, irmán de Virxinia, muller de Castelao. Véxase máis adiante o que refire Silva Ferreiro polo miúdo acerca da súa detención.

15 Carlos Fernández proporciona una detallada referencia de Castro Pena e os seus irmáns ó falar dos primeiros día do alzamento na cidade de Pontevedra:

El 1 de mayo de 1936, Manuel Castro Pena –jefe de la Falange pontevedresa– había resultado herido y posteriormente detenido al arrebatar la bandera que guiaba la manifestación obrera. También se detuvo a sus hermanos que pasaron poco más de un mes en la cárcel. El 6 de julio se había celebrado una reunión en la prisión de La Cañiza y se había informado a Castro Pena como jefe de la organización. Unos pocos días antes del alzamiento, Castro Pena se echó al monte con diez falangistas, que no regresaron a la ciudad hasta el triunfo de la insurrección (C. Fernández, *ob. cit.*, p. 251).

É preciso advertir, en calquera caso, que dos seis irmáns Castro Pena non todos foron falanxistas nin proclives ó alzamento.

Hasta finales de julio no se radicalizaron las posturas. Los que al principio creyeron que era una más de las muchas algaradas militares —estaba aún reciente el levantamiento de Sanjurjo en Sevilla¹⁶—, y los que deseaban el afianzamiento de la nueva situación, al no ocuparse Madrid, fueron dándose perfecta cuenta de la cruda realidad.

Los falangistas que campaban por sus respetos empezaron a detener a gentes de izquierda y llevarlas al cuartelillo de Falange que estaba en una casa hoy derruida para edificar una nueva enfrente del Cuartel de la Guardia Civil, que estaba en una casa antigua en donde se levanta ahora un buen edificio en cuyo bajo está el Banco de Vizcaya.

Muchos detenidos pasaron por la cárcel en la Plaza de Martínez Anido, edificio construído inicialmente para Ayuntamiento, en donde funcionó éste muchos años y donde se levanta hoy la residencia de la Seguridad Social.

Estaba muy reciente la propaganda que se había hecho en favor del Estatuto¹⁷, y entre ella se había pintado un letrero en

16 A *sanjurjada* foi o máis serio intento de golpe militar contra a República, fóra, claro está., o propio alzamento do 36. Protagonizouno o xeneral ultradereitista e conspirador José Sanjurjo, quen, apoiado por nobres, carlistas e outros militares exasperados pola política de reformas de Azaña, intentou unha sublevación en agosto de 1932 que fracasou. Condenado a morte e conmutada a pena pola reclusión a perpetuidade, foi amnistiado posteriormente polo goberno dereitista dos radicais e CEDA no 34. Morreu o 20 de xullo de 1936 cando voaba dende Portugal cara a España para se facer cargo do alzamento ó se estrelar o seu avión, en circunstancias moi escuras para as que, non obstante, existen razóns obvias.

17 O primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia votouse o domingo 28 de xuño de 1936 ofrecendo un nivel de participación e un resultado tan abafadoramente maioritario a prol do Estatuto (993. 351 votos afirmativos e 6.161 negativos dun total de votantes de 1.000.963 sobre un censo electoral de 1.343.135) que foi contestado durisimamente pola dereita con acusacións explícitas de fraude electoral. O xornal barcelonés *La Rambla* de 13 de xullo publica varias entrevistas con políticos galegos. Así, mentres para o galeguista Suárez Picallo *Galicia se siente renacida ante los nuevos caminos que le abre la República española, de la cual será siempre puntal y baluarte*, para José Calvo Sotelo —curiosamente asasinado o mesmo día da publicación da interviú—, *lo peor en el proceso de gestación del Estatuto de Galicia es el fraude consumado el día 28. En él distingo dos aspectos: la falsificación electoral, notoria, gigante, inconmensurable... y la indiferencia del país gallego en este trascendental paso plebiscitario*. Para todo o relativo ó plebiscito do Estatuto de Autonomía, e a súa estreita relación, a causa da cercanía nas datas, coa

tela que decía: *Votade ó Estatuto, pintado en los soportales del ayuntamiento con pintura de aceite. Esta traspasó la tela y quedó grabado en el suelo la frase.*

El partido galleguista era dirigido en La Estrada por un profesor de Historia y Geografía del Instituto de Enseñanza Media¹⁸ y de él formaban parte varios jóvenes y alguna persona madura.

Un grupo de estos galleguistas escoltado por varios falangistas, una noche fueron llevados por todo el pueblo cantando el Cara al sol y portando la bandera de Falange el mencionado profesor, para limpiar y hacer desaparecer –lo que no se consiguió–, el votade ó Estatuto, aún habiendo obligado a los que lo hicieron a emplear sosa cáustica, con lo que algunos tuvieron que sufrir quemaduras en las manos. Viven aún varios que lo recordarán.

A otros galleguistas se les cortó el pelo al cero, hecho que también hicieron con varias mujeres entre ellas una joven que entonces era de las chicas más bonitas y mimadas de todos¹⁹. Y también otro de los inventos que se les ocurrió, como hiciera Mussolini en Italia, fue dar de beber aceite de ricino, que, en algunos casos llevaba mezclado aceite de coches²⁰. Y esto era lo menos, pues las palizas y golpes en la cocina que, en el bajo, tenía el cuartel de Falange eran plato del día, especialmente a las gentes de las aldeas, pues dentro del disparate con los conocidos había alguna consideración.

represión antigaleguista desencadeada polo alzamento, debe verse C. Fernández, *ob. cit.*, pp. 33-52. A historia pormenorizada do texto estatutario, e en xeral da evolución das arelas autonomistas no contexto da II República, pode atoparse no libro, xa clásico, de A. Alfonso Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931-1936*, Akal, 1976, espec. pp. 259 e ss.

18 D. Antonio Fraguas Fraguas, falecido en 1999. Quen subscribe escoitou de voz do propio Fraguas, con bágoas nos seus ollos, a rememoración daqueles días infaustos.

19 Refírese a Sara, *Sarita*, Caramés. Tamén raparon ó irmán de Mario Blanco, Segismundo Blanco Fuentes, pertencente, como a devandita, ás Mocidades Galeguistas.

20 Contábase no seo da miña familia unha anécdota a este respecto que dá testemuño do sentido do humor, veciño da máis incólume dignidade, en momentos tan dramáticos. Cando don Saturnino Señoráns, notable republicano local, foi obrigado á inxesta de tan espeluznante bebedizo, rexeitou amablemente a “invitación” dicindo: *No, muchas gracias. No tomo nada entre horas.*



A mesma manifestación enche a actual Rúa Padrón;
ó fondo percíbese con claridade o edificio da Praza de Abastos.
(Foto de Manuel Pazo, por cortesía da familia Pazo Romero).

Se retiraron los aparatos de radio a todas las personas que no tenían una acreditada historia de derechas y se suspendió a todos aquellos funcionarios públicos que no hiciesen, por escrito, acatamiento de la nueva situación. Entre ellos, el Registrador de la Propiedad don Carmelo Díaz del Moral.

Y ya en el mes de agosto, cuando nos convencimos todos de que estábamos frente a una guerra civil y una guerra que no admitía cuartel, y que iba a durar, comenzaron los consejos de guerra en Pontevedra.

El más triste y de mayor resonancia fue el seguido a nuestros convecinos Puente Fontanes, Alcalde; José María Pena López, concesionario de Campsa con un surtidor en la plaza principal; Cándido Tafalla Froiz, del hotel "La Estrella" que existía en el

piso segundo de la casa en cuyo bajo está el Banco Pastor; Manuel Vázquez Cruz, “Manolo Gaitas”, un hombrón tan grande como bueno; Ramón Fernández Rico, “Ramón o Torneiro”, industrial del mueble, padre de diez hijos; José Gómez Rico, concejal del ayuntamiento, vecino de Oca, en donde era muy respetado; Rodríguez Sangiao, “o ferreiro de Guimarey”. Todos ellos fueron condenados a muerte y fusilados en Pontevedra²¹. Solamente trajeron a enterrar a nuestro cementerio a José María Pena, que era cuñado de don Adolfo Costa, teniente coronel castrense.

En este consejo también fue acusado Senén Goldar Rodríguez, perito agrícola de Guimarey, al que conmutaron la pena y que pasó varios años en el lazareto de San Simón, cárcel que fue para los ya juzgados²².

Por cierto que en este consejo de guerra fueron testigos de descargo el cura de La Estrada, don Nicolás Mato, y doña Melania Nine Fraga, que entonces era el paradigma de las dere-

21 Algúns deles citados por Silva Ferreiro, quen consigna incorrectamente *Gómez Rivas* (por Gómez Rico) e *Cándido Tallada* (por Tafalla). Todos, nomes a engadir á *Relación de fusilados, tras Consejo de Guerra y paseados en Galicia entre el 20 -7-36 y el 31-12-36* que C. Fernández, *ob. cit.*, inclúe entre as pp. 475-491. En Pontevedra, os fusilamentos tenían lugar primeramente en el polígono de tiro del Regimiento de Artillería y más tarde en la finca La Caeira en la carretera de La Toja, a la salida del puente de la Barca, propiedad de la familia Riestra (C. Fernández, *ob. cit.*, p. 257)

22 No illote de San Simón (ría de Vigo), o antigo lazareto (instituído en 1830) foi usado na guerra e nos primeiros anos da posguerra de cárcere. Alí deixaron a vida moitos infelices. Diego San José, periodista de *El Heraldo* de Madrid, chegou a computar en San Simón 100 mortos ó mes. O mesmo San José proporciona outros datos da prisión que dan idea do que aquilo debeu ser:

En la prisión de San Simón (Pontevedra), los funcionarios llegaron a “vender” la libertad condicional, a los que ya la tenían concedida. Cuando llegaba la orden, los carceleros investigaban la posición económica del interesado y lo llamaban para proponerle acelerar la libertad condicional a cambio de una suma de dinero. En este aspecto, la corrupción llevó a otra barbaridad trágica. Según Diego San José, allí preso, “cuando había ‘saca’ reemplazaban a los que iban al sacrificio —si tenían dinero para “redimirse” de la muerte—, por otros sobre los que no había caído la fatal sentencia, pero que no poseían más que lo que llevaban puesto. Cobraban a muy buen precio la sustitución”. Los hechos se descubrieron cuando la familia de un médico de Vigo hacía esfuerzos por reunir las cuatrocientas mil pesetas que le había exigido un funcionario para evitar la ejecución (Santos Juliá, *coord., ob.cit.*, pp. 299-300).

chas en La Estrada, en cuya defensa²³ el cura, que era un hombre muy entero, tuvo un fuerte enfrentamiento con el fiscal Rivero de Aguilar. Tristemente, no sirvió de mucho la valiente postura de nuestro cura.

Como triste anécdota decir que el Sr. Goldar tenía una moto marca B.S.A., que entonces era el no va más. Pasearse en la moto fue la ilusión de los jefes falangistas de La Estrada.

Una tarde calurosa del mes de agosto, llegó la noticia o “chivatazo” de que en su casa de Somoza estaba escondido Higinio Carracedo Ruzo, guardia municipal. Rápidamente se organizó un grupo de falangistas para ir a detenerlo, capitaneados por un guardia civil, andaluz, muy conocido en la demarcación. El guardia municipal defendió su libertad primero y luego su vida como un león, a tiros de pistola, pero cayó muerto al atravesar la era de su casa²⁴. Todos los que fueron a dar la batida, al regreso decían y se vanagloriaban de haber sido los que dieran muerte al pobre infeliz. Se conocieron estos individuos como “los héroes de la Somoza”. Tres o cuatro años después, alguno negaba haber formado parte de la expedición.

Otros muchos estradenses fueron juzgados en Consejos de Guerra pero, aunque condenados a penas muy fuertes, no se fusiló a ninguno más, aunque algunos fueron asesinados en los trágicos “paseos”, así como individuos de fuera que fueron muertos en nuestro territorio. Así seis hombres que aparecieron muertos unos metros más allá del Puente do Regueiro, yendo hacia Pontevedra, a la salida de nuestra población a unos 20 metros de la única casa allí existente, un poco retirada de la carretera, lo que hace suponer que los asesinos venían hacia La Estrada y no vieron la existencia de una casa tan cercana por ocultársela el madarrón²⁵ sobre el que dejaron a sus víctimas.

23 Refrése, malia a ambigüidade sintáctica, á defensa dos acusados, claro está.

24 Non son estas as noticias de Silva Ferreiro, que, por certo, equivoca unha vez máis o apelido dando Buzo por Ruzo. Despois de asegurar que Carracedo Ruzo era *instructor de milicias marxistas*, afirma que *logró fugarse en los primeros tiempos del Movimiento, y de él se decía que mandaba una columna en Asturias*.

25 Mario Blanco usa a palabra galega *madarrón*: valado de terra que se constrúe para separar unhas leiras doutras.

Y otros muchos estradenses pasaron todo el resto de los años de la guerra y los primeros de la postguerra en el Lazareto de san Simón, algunos salvando quizás su vida, puesto que por su edad hubiesen sido movilizados y posiblemente muriesen en el frente.

Por aquellos días era frecuente que pasasen por nuestro pueblo, en donde generalmente hacían un alto, tropas provenientes de Vigo y Pontevedra que se dirigían a Asturias, palabra que hacía temblar a todos, rojos y azules²⁶, porque también algunas veces cruzaban por esta villa en dirección contraria coches llevando a algún muchacho muerto en combate, como el primer muerto de La Estrada, Secundino Campos Pego, que murió en Asturias y que causó una profunda conmoción en La Estrada, por ser un joven muy conocido y estimado y hacer ver que aquello era consecuencia de una guerra que no perdonaba a nadie.

Quizás alguno que lea estas líneas no se creerá ser cierto lo que se relata como sucedido en nuestro pueblo hace ahora cincuenta años. Pero así, y queda mucho que contar, fue el 18 de julio en La Estrada.

26 A gran ofensiva de Mola no norte —a denominada Campaña del Norte— comezou o 21 de marzo de 1937 e ía dirixida contra todas as rexións norteñas, que, fóra Galicia, permaneceran leais á República: Asturias, Santander e o País Vasco. En concreto, a fronte de Asturias, a zona máis próxima a Galicia, derrubouse na terceira semana de outubro de 1937 e o 21 do mesmo mes Xixón caía en mans franquistas. As tropas ás que se refire Mario Blanco ían xogar, dende practicamente o comezo do alzamento, un papel destacado na derrota republicana en Asturias:

Pero el final de la guerra en Asturias no representó en modo alguno el final de la violencia y el terror, sino su continuidad, y alcanzando unos niveles mayores, si cabe, que los de los primeros 14 meses de guerra civil. Si en el Oviedo cercado los “paseos” no debieron ser muy numerosos antes de la “liberación”, con el levantamiento del cerco por parte de las columnas gallegas en octubre de 1936 la situación cambió radicalmente. Como dice javier R. Muñoz, “con ellas llegó el terror”. Un terror que habían practicado en su camino hacia la capital asturiana. Los moros que iban en estas columnas no habían dejado de asensinar y saquear por doquier (Santos Juliá, coord., *ob. cit.*, p. 209).

II. LA ESTRADA

Estado social. Dirigentes principales. Comité revolucionario. Sucesos de Julio.

[Manuel Silva Ferreiro: *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas históricas*, pp. 389-393]

La Estrada, pueblo de muchas esperanzas, no es ciertamente de tantas realidades que justifiquen la existencia del crecidísimo número de partidos políticos y sociedades obreras que allí encontramos, al advenir el Movimiento.

Como no fuera la ambición de «jefaturas» por parte de los organizadores, y por parte de los organizados ese natural deseo que mueve a todo ser oprimido a buscar apoyo en los demás contra la opresión, la hegemonía y el monopolio de uno, no nos explicamos la formación de tantos pequeños grupos y partidos en un campo tan limitado.

Si así fue, los organizadores habrán conseguido su objeto, pero los organizados perdieron lastimosamente el tiempo, ya que, de sus mismas organizaciones salían (y dentro de ellas eran hábilmente reclutados) los muñecos que formaban en el retablo político, tras el cual se ocultaba el Maese Pedro de La Estrada y su comarca, contra quien pretendían defenderse.

Sólo en la capital del Partido, encontramos, como tributarias del Frente Popular, las organizaciones siguientes: «Unión Republicana», «Izquierda Republicana», «Federación de Labradores de la Estrada», «Partido Socialista», «Partido Galleguista», «Agrupación Socialista», «Juventud Socialista unificada» y «Comunistas».

Todas estas agrupaciones (algunas de ellas con muy pocos ejemplares) marchaban despeñadas al Comunismo, cuyos emblemas: brazaletes, banderas rojas, etc. etc., exhibieron en número considerable en el meeting con que celebraron el 1.º de Mayo.

El ambiente social, sin llegar a la procacidad y al desenfreno, era de marcadísima licencia, sobre todo en la capital y algunos pueblos del partido como Oca, Arnois, Guimarey, etc. etc.

Del ambiente aquel, eran más o menos responsables: José Gómez Rivas, dirigente socialista en la zona de Oca; D. Jose Cortés Fernández, Maestro Nacional de Tomiño; Manuel Puente Barcala, natural de Oca¹; José Rico Gaiteiro, natural de Vedra y vecino de Arnois²; Manuel Vázquez Cruz, de Estrada³; José Gabriel Cespón, de Ouzande (Estrada) que aparecía en todas las manifestaciones como abanderado comunista; D. Eduardo Pazo Alvarez; Manuel Coto Chán; Higinio Carracedo Buzo⁴; Manuel Campos Vázquez, comunista y presidente de la Casa del Pueblo; Erundino Bergueiro Brea, Jefe de Milicias que se titulaba «Comisario del Pueblo»⁵; José Vila Carbón; Manuel Vázquez Otero; José San Juan, dirigente comunista de Guimarey; Manuel Graciano Araújo⁶; José Pena Constenla, presidente de «Juventud Socialista Unificada»; Jose Vidal Puga⁷; Cándido Tallada⁸ y otros de menor importancia.

- 1 Este sujeto, de tal manera se emborrachó con el triunfo del Frente Popular, que, no sabiendo como celebrarlo, acordó *consagrarle* dos de sus hijos, inscribiéndolos en el Registro Civil con los nombres de «Libertario» y «Libertaria». Celebró además la victoria del conglomerado de izquierdas, izando dos banderas rojas; una sobre una parra, y otra en un alcornoque. Hemos visto la parra, y aquel día, caso raro, no estaba subido a ella su propietario; preguntamos por el alcornoque y... nos mostraron al Sr. Puente Barcala.
- 2 Capitanearo un grupo de 40 hombres asaltó la casa del Cura de Loimil el día 20 de Julio.
- 3 Se distinguió en la requisita de armas y en el asalto a la Casa Rectoral de Calobre.
- 4 Era Guardia municipal de la Estrada e instructor de milicias marxistas. Logró, fugarse en los primeros tiempos del Movimiento, y de él se decía que mandaba una columna en Asturias.
- 5 Estaba este sujeto, Erundino Bergueiro, el día 18 o 19, junto al surtidor de bencina existente en la Plaza de Ramiro Ciorraga, cuando se acerca a él un empleado de la fábrica de Manuel Maceira y le dice: —D. Erundino, si nos autoriza vamos a repartir con la camioneta unas gaseosas por las tabernas. —No, que estamos en plena huelga revolucionaria.- Pero D. Erundino... aunque namáis sea c'a carretilla. —No, he dicho. Y tenga en cuenta que yo no soy ya más D. Erundino: Desde este momento soy el Comisario del pueblo. Y el otro —con sorna gallega no exenta de cierto temor; por el tono bravucón en que le hablara el presunto Comisario— le dijo, sacándose la gorra: —Bueno, pues... Vd. lo pase bien D. Comisario.
- 6 De nacionalidad portuguesa y escopetero destacado.
- 7 Zapatero de oficio. Durante los días del mando marxista andaba siempre escoltado por dos individuos, exhibiendo un gran pistolón colgado de la cintura, y cuando pasaba frente al Cuartel de la G. C., se cuadraba, y saludando militarmente decía: ¡No hay novedad!
- 8 El día 20 de Julio, armado por un Capitán de Asalto, capitaneó en Pontevedra un grupo de marxistas.

Al conocerse en la villa de la Estrada el Movimiento Militar, los elementos arriba indicados se valieron de todos los medios a su alcance para oponerse a él, formando al efecto un Comité del que eran miembros destacados José Vila Carbón, Manuel Vázquez Otero y el Gestor José San Juan.

Bajo la dirección de este Comité, se constituyeron diversos grupos armados que recorrieron el pueblo y parroquias limítrofes, en servicio de requisa de armas, con que dieron principio los sucesos de Julio en la Estrada.

Como casi todos los pueblos de Galicia en donde había puesto de Guardia civil, también en la Estrada se acercaron a la Casa Cuartel los revoltosos en busca de armas y municiones.

A las doce y media de la noche, entrando ya el día 19, Manuel Deza que hacía de Jefe de Puesto y vigilaba armado con pistola ametralladora desde una ventana que dominaba la sala de armas y la carretera de salida a Pontevedra, ve acercarse al jefe de Municipales acompañado de un escopetero, y cuando los tuvo a conveniente distancia, les da el alto desde su parapeto, y se entera de las intenciones que llevaban.

Eran portadores de un oficio duplicado firmado por el alcalde, interesando que toda la fuerza quedase acuartelada a disposición de la Alcaldía, y se entregasen las armas que los civiles tuvieran en depósito.

—Dile al alcalde —contesta Deza— que sepa cumplir con su deber; yo tengo mis jefes, y por conducto de ellos he de recibir las órdenes.

Se fueron los comisionados, sin las armas y sin la firma del duplicado que pedían con insistencia, y Deza se queda, para comunicar inmediatamente a la Comandancia de Pontevedra lo que acababa de suceder. A su llamada telefónica sale el Capitán Bernal, quien enterado, le ordena «defienda el cuartel cueste lo que cueste, y así arda el pueblo entero».

Concentración de fuerzas

Dado el mal cariz que iban tomando las cosas, y siendo muy escaso el número de guardias que había en la Estrada (seis a lo sumo) se concentran en la villa el día 19 los puestos de Cuntis y Moraña, formando ya un total de unos 20 hombres con los Carabineros de la Plaza que se unen a la Guardia civil.

Transcurre todo el día 19 entre la creciente actividad del elemento marxista manifestada en desfiles, gritos, puños en alto, etc. etc., y la forzada inactividad y desorientación de la fuerza pública.

En la noche del 19 al 20 recibe esta del Gobernador de la provincia, orden telegráfica de proceder a la detención inmediata del Comandante Sr. Pereira Renda, y a la incautación de la emisora de Radio que aquel tenía en la Estrada.

Esta orden es cumplimentada por el oficial y tres guardias, quienes, sabiendo que en la cárcel del pueblo estaría en peligro la vida del detenido, decidieron llevarlo a Pontevedra y presentarlo al Gobernador, que por cierto, llevó muy a mal que le endosaran a él la papeleta: quería por lo visto tirar la piedra y esconder la mano⁹.

El día 20, madurada ya la revolución en todos los pueblos de Galicia, comienzan éstos a volcar sobre las capitales los refuerzos que desde éstas insistentemente se les pedían.

Estrada, fué sin duda entre los Partidos de la provincia, el que, con Lalín, envió más fuerzas a los marxistas de Pontevedra.

Seis coches ómnibus abarrotados de escopeteros unió la Estrada a la expedición de 10 o 12 que bajaban de Lalín, Silleda Bandeira y otros pueblos, y que, camino de Pontevedra, pasaron por la villa en la tarde del día 20, dando vivas a Rusia y al Comunismo, que alternaban con mueras al Ejército y a la Burguesía.

9 El Comandante Pereira fué metido en la cárcel de Pontevedra, de donde salió a las dos horas para el cuartel de Artillería, reclamado por el Comandante Militar de la Plaza.

La Guardia Civil sabe ya a qué atenerse

Aunque nadie se lo hubiera dicho, los vecinos de La Estrada se hubieran enterado del triunfo del Movimiento Militar en la Capital, por el cambio de actitud, el silencio y las caras largas que pudieron haber observado, a las diez de la noche, en aquellos mismos que a media tarde habían pasado entonando himnos a la revolución, y que volvían ahora (los que pudieron volver) con señales inequívocas de un total magullamiento.

El Movimiento había triunfado, y la noticia oficial se recibe en La Estrada en la mañana del día 21, comenzando inmediatamente en la Villa los trabajos de aportación a la Nueva España.

La Guardia Civil sale a la calle; pone en libertad a unos 14 elementos de derecha que tenían los rojos en la cárcel; efectúa unas treinta y ocho detenciones de gentes comprometidas en la revuelta, y pone rápidamente fin a la caprichosa incautación de armas, autos y radios, y a la vergonzosa requisa de pan, leche y otros víveres que, a tan bajo precio, estaban adquiriendo los rojos.

Después... Lo de todas partes. La Estrada es una porción de Galicia, y Galicia, hemos dicho y repetido varias veces, da al Movimiento todo cuanto tiene.


A VIRXE DE GUNDIÁN

Juan Fernández Casal

*... Gundián, onde se alberga
a Virxe máis milagrosa
que se atopa en moitas legoas.
Mírase en alí chegando
que é moi pequeniña a igrexa
mais ¿qué lle fai si gardada
ten a maior das grandezas?*

Benito Losada Astray.
Soaces dun Vello (fragmento).

O río Ulla, ó seu paso pola parroquia de Ponte Ulla, concello de Vedra, estréitase entre dous elevadísimos cantiles. Á súa dereita, nun oco entre grandes masas de rochas, edificouse, contra o século IX, o Mosteiro de San Xoán da Coba, lugar ben escollido para a vida contemplativa pois: “o individuo que por alí entraba parecía haberse apartado do resto dos mortais pasando a rexións de misterio e soidade”.



O río Ulla ó seu paso pola garganta da San Xoán da Cova, preto do Santuario de Gundián.

Durante case seis séculos mantivo unha intensa vida monacal ata que foi derrubado polas augas. Un documento recollido por L. Ferreiro di: “El día domingo dieciocho del mes de febrero de mil

quinientos setenta y un años fue tan grande la avenida de las agoas en el Reino de Galicia y Arzobispado de Santiago que crecieron los ríos lo más que nunca y ni los viejos se recordaban de tal, que destruyó muchas puentes y cayó el Monasterio de San Juan da Coba en la puente del Ulla”.

As poucas ruínas que quedaban forron soterradas polos escombros da construción da ponte do ferrocarril Santiago-Ourense nos anos cincuenta do pasado século.

Durante a vida activa deste mosteiro os monxes construíron na outra banda do río unha capeliña dedicada á Virxe coa advocación de “Virxe de Gundián”. Atendían á capela a través dunha ponte feita con vigas de catorce metros de largo e construído precisamente no mesmo lugar que agora ocupa a ponte do tren.

Esta capela salvouse da riada e seguíu xa con actividade propia. Civilmente pertence ó concello de Vedra e a xurisdición relixiosa corresponde á inmediata parroquia de Santa María Magdalena de Ponte Ulla. É pois un enclave da provincia da Coruña dentro da de Pontevedra. Metafóricamente, un bocado de terra que nos sacaron ós do concello de A Estrada.

Na parede norte da capela, á altura do presbiterio brota unha fonte e as xentes destas bisbarras teñen a piadosa crencia de atribuírle a estas augas a curación das enfermidades dos meniños pola intercesión da Virxe María. Empotrada na parede, sobre a mesma fonte había, non hai moitos anos, unha imaxe de pedra da Virxe que posiblemente viñera do antigo mosteiro. Esta imaxe desapareceu e foi substituída por outra de factura recente.

O propósito desta introdución é deixar constancia escrita dunhas costumes de motivación profundamente relixiosa, vivencias recollidas dos meus informantes, homes e mulleres, todos eles maiores de setenta anos que contan as súas propias experiencias e as dos seus maiores, veciños e feligreses das parroquias lindadeiras a ámbolos dous lados do río; Algúns deles protagonistas como enfermos curados pola Virxe sendo nenos e todos plenamente convencidos da intervención divina nas curacións.



No interior da igrexa de Gundián nace a fonte da que mana a auga curativa.

Aínda que estas crencias son antiquísimas, nós imos datalas nun tempo: desde principios do século pasado.

Antes de entrar de cheo no tema das curacións temos a obriga de facer unha serie de consideracións sobre o estado sanitario da poboación infantil nos tempos desta investigación. Non queremos meternos nas estadísticas a pesares de ser moi ilustrativas pero consideramos o tema árido e pouco ameno e pasaremos un pouco por enriba. Citaremos só uns datos. A taxa media de natalidade a principios do século pasado: seis fillos por matrimonio; na actualidade: 1,2 fillos. A taxa media de mortalidade infantil a principios do século XX: 150‰; nos anos 1980 era do 16‰. As diferencias son esclarecedoras.

A situación sanitaria da infancia era lamentable pola falta de hábitos hixiénicos, a alimentación escasa e mal organizada, as familias numerosas, a carencia de asistencia médica e a tendencia a buscar remedios dos seus males en outros frontes divinos e humanos fóra do ámbito da medicina clásica.

Todo tipo de enfermidades proliferaban na infancia agravadas polo alto nivel de natalidade orixinado na falta de planificación

familiar e, para máis *inri* por aquilo de que a misión do matrimonio era criar fillos para o ceo.

Non quixera derivar este traballo en temas de patoloxía infantil pero gustaríame citar algunhas das enfermidades máis comúns da infancia conservando a nomenclatura orixinal, todas elas de diagnose imprecisa e outras de sintomatoloxía coñecida: *o asombramento, o mal de ollo, o mal cativoiro, o mal do aire, o anjaido, o meigallo o sarampelo, as papeiras, as vixijas, a tirisia e as clásicas de raquitismo e transtornos intestinais.*

Ademais de todas estas enfermidades, nalgunhas parroquias desta bisbarra tiñan moita fe na curación polas augas da fonte das patoloxías que ás veces acompañan ó desenrolo do linguaxe oral dos cativos. Citarei algunhas:

A dificultade na correcta articulación das palabras que, cando falan, parece que teñen papas na boca. A tardanza en botárense a falar. O fungaren pola nariz cando falan (labio leporino). Os meniños que van articulando as palabras a anacos repetindo mil veces unha mesma sílaba e poñendo cara de comerse o mundo (os tatexos).

Moitas destas enfermidades producían un efecto devastador na infancia e a morte de “anxeliños” era case cotián. Nas igrexas as campás anunciaban a morte dun inocente cunha cadencia especial que a diferenciaba da morte dos maiores; tocaban a repinicar de festa porque os anxeliños iban directamente para o ceo ó estaren libres de culpa. E aínda máis, nos cemiterios reservábase un lugar especial para a sepultura dos meniños, que por certo ocupaba un bo espacio. Na actualidade hai moitos anos que non repinica a campá por este motivo.

Esta era pois a situación sanitaria da poboación infantil e os pais buscaban a saúde dos fillos noutras esferas ó fallar as humanas. Acudían á Virxe de Gundián o día da festa en procura de remedio. E o remedio consistía en baña-lo cativo nas augas da fonte da capela para curalos dos seus males reais ou imaxinarios.

Imos entrar agora con detalle no protocolo desta terapia.

Primeiramente aclararemos que a festa principal de Virxe celébrase o día oito de setembro. Meses antes, por maio, trasládase a imaxe en procesión desde a capela de Gundián, donde está depositada, ata a parroquial de Ponte Ulla e alí permanece. Na véspera da festa grande, día sete de setembro, ó chega-la noitiña trasládase en procesión solemne para a súa capela de Gundián. É moi emocionante esta procesión ó seu paso pola ponte vella. Alí fai unha parada. Multitude de devotos coas velas acesas entonan cancións marianas e no fondo, sobre o río, un impresionante fogo de lucería e estoupido de bombas dan grande solemnidade a este acto.

No seguinte día celébrase a propia festividade da Virxe con misas rezadas e, a última hora, a misa cantada.

Paralelamente a estes actos relixiosos os pais cos seus fillos doentes pónense fronte ó manantial para darlles o baño curativo ós cativos. Totalmente espidos vanlle botando auga por todo o corpo. As roupas que traían tirábanas por enriba do valo e póní-anlle outras novas das que viñan xa preparados. Estas roupas, noutros tempos de máis necesidade eran aproveitadas por outros pais que aínda que non tiveran meniños enfermos, si que as necesitaban para tapar ós seus. Era tanta a xente que andaba á pillota pola roupa que ata liortas había por debaixo do valo do adro.

Ó marxe das motivacións relixiosas que buscaban remedio para os doentes, os espectadores non implicados nesta terapia contemplaban ante si un encantador e curioso espectáculo vendo a traballosa faena dos pais tentando poñer espidos ós cativos e bañalos na fonte. Estes, os meniños, non aceptaban de bo grao este baño curativo. Estaban contra desta terapia e manifestaban a súa protesta con gritos, pataleos, e tirándose no chan. Algúns deles, os maiores, lograban fuxir dos pais e botaban a correr polo adro adiante totalmente espidos. Menos mal que aínda en setembro os días son calorosos e non había perigo de catarros. Por outra banda, por detrás do valo do adro, tamén se vían algunhas pelexas disputando as roupas dos meniños que botaban ós prados. Na actualidade, gracias a Deus, xa non hai necesitados que pele-



Imaxe da Nosa Señora de Gundián co Neno Xesús. Como se sabe, neste santuario encontraban alivio especialmente os males da infancia.

xen polas roupas que van deixando os cativos enfermos e tódalas pezas que botan no campo alí quedan e vanse amontoando e permanecen un ano tras outro ata que o tempo as degrada.

Esta terapia complétase levando o neno ata a imaxe da Virxe para que a bique ou ó menos lle toquen ó manto. Para que non se lixe o tocado da Virxe había a costume de poñerlle un mandil por diante do manto. Ó pé da imaxe xa estaba un funcionista para

ergue-los meniños ata a altura da Santa. E como reforzo da terapia curativa levaban para a casa unha botella de auga da fonte para usala se fixera falla.

Os pais, agradecidos, dan unha esmola á Santa pero era frecuente que previamente fixesen promesa de ofrecer á Virxe o peso do enfermo en trigo se curaba dos seus males.

A evolución de medicina, o descubrimento dos antibióticos, a aplicación das vacinas, a proximidade e gratuidade da asistencia médica e sobre todo as melloras das condicións sanitarias fixeron que pouco a pouco fose minguando toda esta patoloxía infantil e polo tanto tamén a necesidade dos baños de Gundián.

Paralelamente á festa relixiosa e despois de remata-las misas, comeza a propia festa de campo que esencialmente consiste nunha comida campestre feita por grupos familiares. Según os nosos informadores, era costume celebra-lo xantar no campo da capela. Ese día ten que ser farturento o xantar aínda que se pase fame máis adiante. E, por certo, xamais debe faltar o bacallao rebozado nin a tortilla de pan. Comida eminentemente familiar en donde cada membro da familia encárgase dunha misión concreta: as mulleres fan o xantar e lévano na cesta ata o campo, os homes levan o viño o lombo. Tamén era costumbre levar un meniño para darlle unha motivación ó xantar. Se non o tiñan, pedíano prestado.

Estaba tan arraigada esta costumbre da comida campestre que, según me refería o meu informador de máis idade, nunha ocasión unha treboada repentina impideu que saíse a familia para face-lo xantar en Gundián. “Pídvos, meus filliños, que busquedes un sitio para comer fóra da casa aínda que sexa no cuberto do veciño”. Así o fixeron e cumpriron o antollo da avoa.

Na actualidade esta comida campestre deixou de ter o carácter familiar e intimista de tempos pasados. Os postos de comidas enchen case o campo da festa. Para a familia é moito máis doado sentarse nas mesas, pedir seis ou sete racións de pulpo e o que se lle poña por diante e xantar sen outras preocupacións. Os cartos abundan, non hai dúbida. Pero ese panorama doutros tempos xan-



Os actos profanos da romaría comezaban sempre coa comida especial transportada en carabelas e cestas. Fotógrafos ambulantes retrataban as familias arredor dos alimentos que fían ser consumidos. Foto Sinsan, 1958.



Os nenos eran especiais protagonistas da romaría de Gundián, á que acudían tódolos membros da familia.

tando e botando fóra a fame do ano e o campo da festa cheo con cincuenta ou sesenta familias xa pasou a peor vida.

Despois dunha abundante comida, ben regada co lixeiro viño da Ulla, establécese unha pausa pois moitos prefiren face-la dixestión iniciando unha ruidosa sesta.

Pouco máis tarde empeza o baile, noutros tempos amenizado por unha “numerosa” orquestra, unha gaita, unha requinta, un tambor e o bombo, música dabondo para que mozos e mozas bailasen decote ó seu pracer pero, craro está, ó vi-la noitiña todo acababa pois non era de boas costumes que as mozas andivesen de noite por eses mundo de Deus.

Tamén era costume que algúns mozos levasen a requinta ou a gaita que facían soar despois do xantar mentras as mozas cantaban e as personas maiores dormían a sesta. Á noitiña retornaban todos para as súas casas. Os mozos tocando a gaita e requinta seguindo o compás das pasadas e as mozas bailando e camiñando ó mesmo tempo pero axiña pois compría chegar á casa antes de que pechase a noite.



Os solteiros e parellas xoves organizaban grupos especialmente alegres e festivos.



Tocan a gaita, acordeón, bombo e tamboril mentres varias mulleres acompañan con palmas. Pocos momentos antes estarían bailando na camposa do santuario.

Foto Fuentes, Oca.



Foto de familia baixo os pinos e carballos das proximidades de Gundian. En primeiro término o garrafón do viño, símbolo da abundancia e alegría que caracterizaba as vellas romarías galegas. Coma sempre, moitos meniños presentes. Foto Sindo, Minas de Silleda.

Aquí as novas modas modificaron este ambiente. As bandas de música e as orquestras a todo volume, tanto que ata o son do bombo fai tremer o peito, os postos de vendas con reclamos ruidosos, olores a pulpo, a frituras, e o campo da festa adornado con centos de bombillas eléctricas de moitas cores aturden un pouco á xente maior pero é o gozo da mocidade. Por outra banda, a hora de recolle-la festa delóngase ata altas horas da mañanciña porque os novos tempos tamén fixeron que as mozas poidesen andar por eses mundos de Deus sen que ninguén se escandalice.

**BREVE CONTRIBUCIÓN Á BIOGRAFÍA
DO SEÑOR DE VILANCOSTA,
DON MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ
(BERRES, A ESTRADA 1821-1903)**

Juan Andrés Fernández Castro

A dona María del Carmen Domínguez del Campo,
Señora de Vilancosta.

Cando don José Dionisio Valladares bautizou o seu fillo Marcial, o 14 de xuño de 1821, embargáboo sen dúbida a saudade dos anos mozos de servizo na milicia española en loita contra o exército napoleónico, abandeirado do Batallón Literario Compostelano primeiro e posteriormente como oficial do exército regular co que participou na batalla de San Marcial. Elixiu o nome en lembranza daquela vitoria na que el colaborou e poida que coa esperanza íntima de que algún día o seu fillo máis vello elixise a honorable carreira das armas.

O certo é que o pequeno fidalgo, de natureza pacífica e reflexiva, non mostrou en ningún momento especial predilección pola

milicia, de modo que, chegado o momento, iniciou a preparación intelectual previa ós estudos superiores que había realizar na Real Universidad de Santiago de Compostela.

Era daquela habitual que os fillos de familias rurais destinados ós estudos superiores recibisen na propia aldea unha formación básica previa ó seu ingreso na universidade. Don Felipe Picáns, *teniente cura de la Parroquia de San Vicente de Berres, en Tabeirós*¹ exerceu de preceptor e profesor de Marcial e Sergio Valladares, impartindo a ambosdous irmáns clases de lingua española, gramática e latín. No outono do 1833 matricúlase Marcial no primeiro ano de filosofía² na Universidade Compostelá na cátedra de don Antonio Solla³, sendo examinado e aprobado das materias do curso o 7 de xuño de 1834.

De aquí en diante o seu *curriculum* académico evolucionou da seguinte forma:

Ano 1835, cursa segundo ano de Filosofía en Santiago. O curso académico 1835-36, equivalente ó terceiro de Filosofía, efectúao no Seminario Conciliar da cidade de Ourense que por entonces estaba adscrito á Universidade compostelá. Desde o verán de 1836, unha vez concluída a estadía ourensá, deica o remate de novembro recibe leccións de Dereito Natural impartidas polo licenciado don Ramón Vázquez Mosquera, avogado da Real Audiencia do reino de Galicia. Cursa primeiro ano de Dereito Romano no que resta de 1837 e *abónaselle* o de Dereito Natural e de Xentes con arreglo á orde da Dirección de Estudos do 20-1-1837. Aproba as disciplinas de 2º curso de Dereito Romano e 3º de Leis no ano académico 1837-38 e posteriormente 4º e 5º de Leis nos cursos 1838-39 e 1839-40 respectivamente.

1 Arquivo histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS), sección Expedientes Académicos, Facultade de Leis, Legaxo 1500, 1833.

2 Semellante ó actual Bacharelato, carecía da categoría de Facultade aínda que estaba integrada na Universidade

3 Don Antonio Solla (1797-1882), franciscano, doctorouse no 1830 na Universidade de Salamanca. Suprimíuselle a cátedra na USC no 1835 e continuou a docencia no Instituto, onde foi profesor de Marcial Valladares.

Con data do 15 de xuño de 1840 encontramos no Expediente Académico de Marcial Valladares unha instancia dirixida ó Sr. Rector da Universidade que, entre outras cousas, di:

[...] D. Marcial Valladares, natural de San Vicente de Berres [...] habiéndose acreditado la prueba de los cursos que la ley exige para poder graduarse de Bachiller a Claustro Ordinario en la Facultad de Leyes. Suplica a Vd. se sirva disponer se le fije el día en que ha de entrar a recibir dicho Grado, favor [...].

Logo de abonar a preceptiva taxa de 166 rs. de vellón, o aspirante a Bachiller en Leis Marcial Valladares Núñez é convocado para defender perante un Tribunal a seguinte proposición elixida entre tres obtidas por sorteo: “El derecho de representación en la línea de descendientes es infinita, mas, en la colateral no pasa de los hijos de hermanos, concurriendo a suceder con sus tíos”. A exposición do aspirante, efectuada no decurso da tarde do día 17 de xuño de 1840 demostra sobradamente a súa capacidade e coñecementos adquiridos polo que o tribunal *nemine discrepante* decide outorgarlle o grao de Bachiller en Leys. Fáltanlle a Marcial Valladares catro días para cumprir os dezanove anos.

Durante os anos académicos 1840-42 Marcial Valladares aproba os cursos 6º e 7º de Leis, polo que se encontra xa en condicións de optar ó grao de Licenciado na dita Facultade⁴. Para a obtención dunha licenciatura o aspirante debía defender perante un numeroso Tribunal de Doutores o tema que lle coubese en sorte. Tratábase dun acto solemne e sometido a un protocolo estricto que, pola súa orixinalidade e interese, transcribimos a continuación.

Dentro de la sala de Claustro de la Universidad de Santiago de Compostela a nueve de julio de 1842, reunidos en ella el Sr.

4 Foron tamén profesores de Valladares: Narciso Cepedano, avogado liberal e doutor en Leis, ocupou a alcaldía de Santiago; Antonio Casares (1812-1888) profesor do Instituto e Universidade, da que chegou a ser Rector; Manuel Colmeiro (1818-1894) exerceu a súa docencia nas universidades de Santiago e Madrid, foi fiscal do Tribunal Supremo e adscrito ideoloxicamente a Sagasta, autor de varias obras de investigación histórica sobre Galicia, irmán do non menos ilustre Miguel Colmeiro (1816-1901); Joaquín Amigo, doutor en Leis e profesor da USC, autor, entre outros opúsculos, de *Feliz acontecimiento universitario* (1841) no que polemiza co equipo rectoral da Universidade.

Vicerrector, Dr. D. Antonio Casares y los Doctores de la Facultad de Leyes don José Suárez Villanueva, Decano, don Vicente Turnes, don Juan Taboada [...] ante los cuales se presentó don Marcial Valladares, el que, precedida señal con la campanilla por el Sr. Vicerrector, leyó, por el tiempo que previene el Plan, la disertación que compuso [...] concluído lo cual se salió. Se tomó juramento a los que han de reflexionarle, que fueron los Doctores don Vicente Ozores y don Vicente Castro Lamas, de no haber comunicado con el graduando especie directa ni indirecta sobre la reflexiones que han de hacerle [...] Entró nuevamente el graduando y continuaron los ejercicios, ocupando en ellos el tiempo que en el mismo Plan se previene; en seguida se salió; se tomó juramento a los que han de preguntarle, que lo fueron los Doctores don José Parga, don Vicente Monasterio, don Ignacio Araújo y don Ramón Manuel Rodríguez de no haber comunicado con el graduando cosa alguna, haciéndole las preguntas que tuvieron por oportuno en el tiempo indicado. Concluído esto se salió; se tomó juramento de votar según Dios y conciencia sobre la aprobación o reprobación, lo que ofrecieron ejecutar, y habiéndoles entregado a cada uno los signos de A y R, reconocida que fue la votación por el señor Vicerrector y los Graduados más antiguos, se hallaron en la copa las siguientes: 34 A, por lo que dicho señor había sido aprobado “nemine discrepante” para el grado de Licenciado en la Facultad de Leyes, y acto continuo, junto con los Doctores de ésta y de la de Cánones, se lo confirió el Sr. Vicerrector en la Iglesia de esta Universidad a las diez de la mañana de hoy día 9 julio de mil ochocientos cuarenta y dos [...]

A estadía compostelana de Marcial Valladares, 1833-1842, ven coincidir, case exactamente, co inicio do denominado periodo isabelino (baixo a rexencia de María Cristina, que remata no 1843), época na que conflúen dous procesos distintos e ó mesmo tempo paralelos: o afianzamento do liberalismo e a guerra carlista, derradeiro intento de resistencia dos absolutistas, inimigos declarados das reformas que se iniciaran nas Cortes de Cádiz. O clima de tensión e afervoamento que vive o país trasládase tamén á vella Universidade compostelana onde os elementos máis liberais, estudantes e algúns profesores, protagonizan numerosos enfrontamentos cos sectores conservadores do profesorado e coa propia institución universitaria que moi paseniña-

EN LA UNIVERSIDAD LITERARIA

DE SANTIAGO

EL BACHILLER

D. Marcial Valladares

para obtener el Grado

de Licenciado en la facultad de Leyes,

DEFENDERÁ

LA PROPOSICION SIGUIENTE:

Es válido el nombramiento de tutor testamentario hecho condicionalmente ó con designación de un término: lo es tambien aunque la persona sea inhábil para el desempeño de la tutela.

EL

dia 27 de Junio de 1842

á las 4 de la tarde.

V.º B.º
Dr. Suarez Villanueva,
Decano.

Br. Marcial Valladares.

Santiago: Imprenta de Viuda e Hijos de Compañel, impr. de la Univ.

Para acadar o grao de Licenciado en Leis o aspirante Marcial Valladares hubo defender perante un Tribunal a *Proposición* obtida mediante sorteo.

mente se verá obrigada a adaptar os seus esquemas e plans de estudos ás novas esixencias da burguesía liberal emerxente. Nestes anos de euforia progresista cabe localizar, entre outras, as agres disputas entre o profesor don Joaquín Amigo –secundado por un sector do alumnado– co rectorado da Universidade de Santiago⁵. Non temos noticia, sen embargo, de que o estudante Valladares Núñez amosase ningún tipo de definición ideolóxica, xa que non política, durante a súa época estudiantil en Santiago, aínda que se lle supón imbuído do mesmo ideario liberal moderado que, como destacado membro da Administración do Estado profesaría seu pai don José Dionisio Valladares. En todo caso aceptamos sen reservas o *progresismo morno* co que o caracteriza Marino Dónega⁶.


En Compostela adquire Marcial Valladares, ademais dunha sólida formación humanística, a preparación necesaria para o exercicio da carreira xurídico-administrativa á que seu pai o tiña destinado. Fóra das aulas entra en contacto coa elite intelectual e literaria radicada en Santiago (Francisco Añón, Antonio de la Iglesia, José María Posada, Domínguez Izquierdo, Camino Sigüer ... entre outros) cos que máis tarde, superado o ecuador da súa vida e retirado xa definitivamente ós eidos nativos, habería manter unha intensa relación literaria⁷. É de salientar, ademais, que o mesmo Marcial Valladares, na súa biografía inédita⁸, recoñece que unha vez licenciado en Leis viaxa a Madrid onde entra en contacto cos literatos galegos daquela afincados na capital de España.

5 Circunstancia que foi obxecto de estudio por VARELA, ISAURA, “O profesor don Xoaquín Amigo. Unha voz contestataria na Universidade Galega (1839-1844)” en *Grial*, T. XVIII, 1980, pp. 97-105.

6 DÓNEGA ROZAS, MARINO, “Un viaxe a Galicia do século XIX, narrado por D. Marcial Valladares Núñez”, en *Grial*, nº 27, 1970, pp. 225-230.

7 É o caso de Don Benito Losada Astray que gozou da amizade de Valladares. Como el retirouse cedo ós eidos nativos e, coma el tamén, louvou a serea beleza do val da Ulla, onde localiza a acción dalgunha das súas obras.

8 Referímonos neste caso ós fragmentos biográficos e comentarios de BLANCO FUENTES, MARIO no diario *La Noche*, 26-6-1957, pp. 1 e 2. Fondo Documental “Mario Blanco”, Museo Manuel Reimóndez Portela, A Estrada.



Retrato ó óleo dun Marcial Valladares moi novo, poida que recén saído da Facultade de Leis en Compostela.

Á espera da edición íntegra da súa biografía, permítasenos recurrir agora a aqueles textos xa publicados que poidan iluminar algúns aspectos dunha vida tan interesante como pouco coñecida. Citaremos en primeiro lugar un poema humorístico impreso en vida do Señor de Vilancosta: titúlase *Marcial Valladares* e veu a luz en *Galicia Humorística* revista mensual editada en Santiago de Compostela baixo a dirección de Enrique Labarta Pose, xove amigo de don Marcial e na que este deu a coñecer moitos refráns e contos de corte etnogáfico-costumbrista⁹.

MARCIAL VALLADARES

¡Oh, tú, sin igual Carulla
que en verso la Biblia has puesto:
préstame de tu paciencia,
Job de los tiempos modernos,
un adarme solamente
para salir de este aprieto!
A Don Marcial Valladares

⁹ *Galicia Humorística*, nº 12, 30-6-1888, páx. 354.

en la Revista hoy pretendo
dar á luz (hablo en metáfora)
y narrar todos sus hechos
mas ... *¡no es nada lo del ajo!*
¡Gran Dios, á cuanto me atrevo!
¡tener que hacer un resúmen
de sesenta y siete inviernos!
¡tiemblo solo de pensarlo!
¡Animo, valor y miedo,
que es empresa aún más difícil
el poner la Biblia en verso,
o la Ley Hipotecaria
por música y en sonetos!

• • •

Nació Marcial Valladares,
nada menos que ... en su pueblo,
que es San Vicente de Berres
pueblecito pintoresco
que está cerca de la Estrada
a una legua ó poco menos,
pues echo aquí las distancias
a ojo de buen cubero.
En el año veinte y uno
lugar tuvo este suceso.
¡la fecha es un poco antigua!
¡En aquel bendito tiempo
yo, señores, francamente,
aun no estaba ... ni en proyecto!

• • •

La infancia de Valladares
por alto lo pasaremos.
¡Fue una infancia como todas
con sus sonrisas, sus juegos,
lloros, arrullos, caricias,
azotes ... y otros excesos!
Comenzaré pues su vida
dejando aparte esos hechos.
¡Comenzar su vida! ¡Vamos!
¡En metáfora a hablar vuelvo!

Si pudiera comenzarse
otra vez su vida, creo
que él mismo la comenzara
sin pedirme á mi consejo.

• • •

Se hizo Abogado en Santiago,
a Zamora pasó luego
y allí ejerció la carrera
con mucho aprovechamiento.
Despues fue Visitador
del papel sellado ¡Cielos!
¡Aquellas visitas eran
sin guantes ni cumplimientos!
Luego fue ... ¡la mar de cosas!
Y tuvo tantos empleos
que algún cesante se haría
feliz con el más pequeño.
Una vez, gobernador
de Pontevedra lo hicieron,
y dos veces diputado
fue por Tabeirós electo.
Individuo le nombraron
de sociedades á cientos,
de suerte que es *individuo*
por más de cuatro conceptos.
Vocal, si mal no me engaño,
fue de no sé cuantos centros:
vocal de un millón de juntas,
vocal de varios consejos;
y en fin fue vocal de tantos
y tantos ramos diversos,
¡Que solo le faltó ser
vocal ... en el alfabeto!

• • •

Hoy, alejado del mundo
vive en su aldea contento
trabajando por Galicia
con constancia y con anhelo.
A Valladares se debe

el diccionario primero
(o á lo menos el segundo,
que no estoy muy fuerte en eso)
de nuestro meloso idioma
que alguno llama dialecto.
Hoy en GALICIA HUMORÍSTICA
publicando está sus cuentos
populares recogidos
todos de boca del pueblo.
¡Como escritor, dejará
un nombre imperecedero!
¡Quiera el cielo que mi amigo
sea (en lo que cabe) eterno,
para que aun escriba mucho,
y en fácil prosa y buen verso
siga cantando de firme
como él solo sabe hacerlo.
¡Bendito sea su númen!
¡Honor al Trueba gallego!
Enrique Labarta.

A colaboración de Valladares, home xa maduro e dun indubidable prestixio nos círculos literarios e intelectuais galegos, coa revista Galicia Humorística efectúase pola mediación de Alfredo Brañas, condiscípulo de Labarta na Facultade de Leis e integrante do círculo literario do que, entre outros, amboaldous formaban parte.

[...] Escribiome también [30-10-1887] don Alfredo Brañas que intentando su amigo Enrique Labarta Pose publicar en Santiago otra revista quincenal “sui generis” bajo el título de Galicia Humorística le prestase yo mi apoyo. Ofreciome en carta del 12 de noviembre que “ninguna cosa obscena, impía ni ofensiva a la moral habría en su revista, solo humorística, no bufa” y el 15 de Enero de 1888 salió a luz el primer número y en él un cuentecillo de los por mi recogidos en el país¹⁰.

O longo poema bográfico-humorístico que reproducimos veu a luz na revista de Labarta Pose (Galicia Humorística nº 12, 30 de

¹⁰ Diario *La Noche*.

xuño de 1888) xunto cun retrato de Valladares da autoría de Enrique Mayer copiado dunha antiga fotografía que aínda hoxe se conserva sobre aquel vello piano no que súa irmá Avelina interpretaba saudosas melodías románticas. Na terceira parte do poema o autor efectúa unha exposición do *cursus honorum* de Valladares, destacando, en primeiro lugar, a súa estada en Zamora, onde desempeñou un cargo na Administración do Estado. Menos coñecida é a súa viaxe á Capital de España onde entra en contacto con intelectuais e escritores galegos alí afincados e cos que, posteriormente, vai manter unha longa e fructífera relación epistolar, especialmente con Teodosio Vesteiro Torres, verdadeiro embaixador de Galicia en Madrid, onde funda no 1875 a agrupación “Galicia Literaria”, que tivo en Añón o seu primeiro presidente. Explica Valladares que

[...] La que hasta ahora no salió en publicación alguna es la [biografía] de mi señor padre y eso que días antes de suicidarse en el Prado de Madrid el 12 de junio del propio año 1876 el infortunado Vesteiro Torres, recibido había ya este escritor, también gallego, los apuntes a ella concernientes que, por correo, le enviara yo¹¹.

Mantén, así mesmo correspondencia co Marqués de Valmar, daquela membro da Real Academia Española, quen vai propoñer o ingreso de Valladares na docta corporación; apoian a proposta, ademais, o poeta don Manuel Cañete e don Aureliano Fernández Guerra. O inspirador intelectual da proposta fora o tamén escritor Gumersindo Laverde Ruiz, bo amigo de Marcial Valladares e, coma el, colaborador da revista de Labarta Galicia Humorística.

[...] En 18 de octubre escribió el Excmo. Sr. Marqués de Valmar al Sr. Don Gumersindo Laverde diciendo iba a proponerme como individuo correspondiente para la vacante que a la sazón había en la Real Academia Española cosa que sorpresa me ha causado y, sin el menor conocimiento mío, solicitara el señor Laverde llevado de su bondad y dando importancia inmerecida, no sólo a mi persona sino también a un diccionario gallego que yo escribiera y en 20 de octubre 1878 me pidió le franquease unos días¹².

11 Diario *La Noche*.

12 Diario *La Noche*.

Parece fóra de toda dúbida que os valedores de Marcial Valladares alegaron como principal mérito para o ingreso deste na RAE os seus traballos gramaticais e lexicográficos que culminaron na publicación do Diccionario¹³, sen esquecer a colaboración que mantivo con outros distinguidos investigadores naquel mesmo eido como o propio Murguía, Saco i Arce ou Antonio Machado Álvarez, persoas que puideron avalar perante as autoridades académicas os méritos do aspirante.

O propio Labarta no seu desenfadado panexírico afirma que

*A Valladares se debe
el diccionario primero
(o a lo menos el segundo,
que no estoy muy fuerte en eso)
de nuestro meloso idioma
que alguno llama dialecto.*


O certo foi que o diccionario de Valladares ocupou o terceiro lugar no orde de publicación, precedido polos de Francisco Javier Rodríguez (1863) e Cuveiro Piñol (1876), respectivamente. Máis adiante teremos ocasión de comentar as consideracións que daquela se vertían sobre a ¿lingua?, ¿dialecto? galegos.

Todo ilo abonda na idea de que o labor investigador de don Marcial suscitaba admiración e respecto tanto dentro como fóra de Galicia. O Dicionario de Valladares, obra dunha innegable calidade e louvado polo mesmo Menéndez Pelayo, logra unha rápida difusión por toda Galicia, ata o punto de que, sen acadar a consideración de libro popular, non faltaba en ningunha biblioteca (sen exclusión da Biblioteca Vaticana), redaccións dos diarios e revistas que publicaban en galego, librerías das sociedades e centros galegos de ultramar ... estaría, en fin, nas casas de todos aqueles que se gabasen de amor a Galicia e ás súas letras. Velaquí as peripecias previas á publicación do Diccionario:

13 VALLADARES NÚÑEZ, MARCIAL, *Diccionario Gallego-castellano*. Santiago de Compostela, 1884.



Marcial Valladares



Enrique Mayer (1861-1931) realizou multitude de gravados de persoeiros contemporáneos, coma este de Marcial Valladares que podemos datar arredor do 1887, cando contaba con 66 anos, publicado no diario compostelán Galicia Humorística.

[...] Azuzado de varios amigos a la publicación del diccionario gallego-castellano que yo había escrito, decidíme por fin a imprimirle y con tal objeto marché, en 1884 a Santiago, donde recibí en marzo la credencial de socio de mérito del Folk-lore gallego y me detuve desde mediados de mayo hasta principios de octubre, en que terminó la impresión del libro [...] Pasé, pues, el verano todo en Santiago siendo mi principal ocupación allí la corrección de las pruebas de imprenta, trabajo enojoso de que nadie quiso encargarse¹⁴.

O Dicionario de Valladares eríxese como sobranceiro monumento da lexicografía galega do século XIX, constituíndo hoxe en día un referente imprescindible para o coñecemento da fala dos habitantes dos vales medios do Ulla nos mediados daquela centuria. A súa definitiva edición esixiu sen dúbida un traballo previo de escrupulosa pescuda que ven rematando antes do 1878, cando Valladares recoñece ter remitido ó Marqués de Valmar o orixinal manuscrito que lle solicitara desde Madrid para a súa consulta, de forma que a obra dorme no escuro queixón de calquera bufete alomenos seis anos deica a súa impresión, ó que acabou decidíndose *azuzado de varios amigos*¹⁵.

Existen numerosos indicios que veñen confirmar a boa acollida do Dicionario en tódolos ámbitos culturais de Galicia, incluídas as catro Deputacións Provinciais. A de Pontevedra, –onde Valladares exercera o seu cargo de Deputado polo Partido de Tabeirós–, en data 2 de abril de 1884 acorda subscribir 150 exemplares da obra, por un total de 1.125 pts, argumentando

[...] la importancia de la obra que está dando a luz Valladares, que sólo puede ser hija de constantes estudios sobre nuestro dialecto, requiriendo, además, grandes conocimientos generales que demuestran su amor en sus primeras entregas. Sabido es que una obra de esta índole no tendrá una gran suscripción, no siendo por lo tanto el interés el que pueda mover a su autor a publicarla, sino el deseo de hacer resaltar las bellezas de nuestro idioma, poco conocido aún de los hijos de este país¹⁶.

14 Diario *La Noche*.

15 Diario *La Noche*.

16 Arquivo Histórico da Deputación Provincial de Pontevedra (AHDP), acordos plenarios 1853-1866; 1884.

O Dicionario vai precedido dun curioso –e inusual– informe favorable de don Antonio López Ferreiro previo ó *Imprimatur* eclesiástico. ¿Que moveu ó Señor de Vilancosta a tomar tal decisión? Ó meu xuízo deberon concorrer nela varios motivos; en primeiro lugar, a firme e acendrada fe que profesa, circunstancia da que dá mostras abondo na súa traxectoria vital e que se evidencia tamén na súa obra. Por outra parte cómpre salientar a boa relación que mantivo con dúas figuras sobranceiras da xerarquía eclesiástica compostelá máis ilustrada: o propio Cardeal Miguel Payá y Rico –inspirador e supervisor de *La Revista Compostelana*, na que colaborou Valladares–, e don Antonio López Ferreiro, *aquel sacerdote humilde e caritativo, cuías virtudes morás realzaron a súa sabedoría e intelixencia*¹⁷. Poida que o feito de ter Valladares dous tíos cóngos en Compostela lle brindase a oportunidade de trabar coñecemento e amizade con López Ferreiro co que compartiu a vocación polas letra e poida que tamén longas tertulias literarias nos pazos ulláns de San Pedro de Vilanova e Vilancosta, desde onde don Antonio, albiscando ó lonxe o solitario cume do Pico Sagro, tras do que se oculta Compostela, enxergaba xa a historia de Catuxa, a tecedeira de Bonaval.

A penas superado o ecuador da súa vida, no 1866, tras dimitir como vocal do Consejo Provincial de Pontevedra, remata a primeira etapa do seu itinerario vital, no que prevalece a adicación á *res publica*, dentro e fóra de Galicia, exercendo cargos que compatibilizou, nun primeiro momento, co exercicio profesional privado. A partir daquel ano, superado xa o seu 45 aniversario, iníciase unha segunda fase na que Marcial Valladares, á par da súa madurez persoal e intelectual, acada, desde o seu retiro rural, o cumio da súa capacidade creativa nos eidos lingüísticos, literarios e etnográficos. É de pensar que mantivo unha moi activa relación epistolar, da que coñecemos a penas indicios, que o mantiña decote informado do que pasaba ó seu arredor.

Ínfórmanos Labarta no seu poema biográfico que Valladares

17 CARBALLO CALERO, RICARDO, *Historia da Literatura Galega contemporánea*, Vigo, 1975 (2ª edición), p. 420.

*[...] fue ... ¡la mar de cosas!
Y tuvo tantos empleos
que algún cesante se haría
feliz con el más pequeño
[...]*

Axustándonos exclusivamente ós cargos públicos por el exercidos dentro do ámbito provincial, poderíamos salientar os seguintes:

Deputado Provincial polo Partido de Tabeirós durante os anos 1853, 54, 56, 57, 58, 62, 65 e 66. No 1858 forma parte da comisión calificadora de obxectos e adxudicadora de premios para a magna Exposición Agrícola de Santiago de Compostela. Forma parte, así mesmo, do Consello Provincial, exercendo como Gobernador Civil interino nos anos 1858 e 1862.

A BIOGRAFÍA INÉDITA DE MARCIAL VALLADARES

Desde vello é coñecida a existencia dunha biografía manuscrita inédita que se conserva entre os libros e papeis da casa de Vilancosta. Destas “Memorias”, parcialmente publicadas en distintas ocasións, tiráronse a meirande parte das referencias biográficas de Marcial Valladares, e na actualidade encóntranse á espera, xunto cos seus papeis, cartas e inventario de libros, da coidadosa publicación que merecen.

Poida que unha das persoas que mellor coñeceran a biografía de Marcial Valladares e máis contribuísen á súa difusión fose don Mario Blanco Fuentes (Cuntis, 1917-A Estrada, 2000), avogado, mestre, alcalde da Estrada e fortemente vencellado, por lazos familiares e persoais, á intelectualidade galeguista. Pola mediación de Mario Blanco accedeu ás “Memorias” e outros escritos inéditos de Valladares don Fermín Bouza Brey quen, como se sabe, exerceu a xudicatura na vila da Estrada. Acompañou Mario Blanco a Bouza Brey na súa pelegrinaxe polos castros da comarca da Estrada, e mesmo lle presentou, na súa vella mansión rural de Vilancosta ó daquela herdeiro de Marcial Valladares, don José

Espinosa Cervela. Aínda que Couceiro Freijomil manexou sen dúbida datos tirados directamente das “Memorias” inéditas de Marcial Valladares para o seu Dicionario¹⁸, poida que fose Bouza Brey un dos primeiros en acceder directamente ó manuscrito e dar noticia da súa existencia¹⁹. Moi pouco tempo despois e coincidindo coas festas patronais da vila da Estrada publica don Mario Blanco un artigo titulado *Las “Memorias” de Marcial Valladares, la vida del autor del Dicionario Gallego*²⁰. Neste escrito concorre o dobre mérito de actuar como divulgador da vida e obra do ilustre estradense e tamén citar textualmente fragmentos enteiros da biografía á que o gran público accede por primeira vez. Curiosamente, e como complemento do artigo de Mario Blanco, publícase no mesmo diario²¹ unha *Semblanza de Marcial Valladares, escrita por Labarta Pose*, reprodución do poema biográfico-festivo de Enrique Labarta ó que xa nos referimos.

O ano 1970 supón o verdadeiro punto de inflexión no que ó coñecemento e difusión da obra de Marcial Valladares se refire; efectivamente, aquel foi o ano elixido pola Academia Galega para dedicarlle ó Señor de Vilancosta, don Marcial Valladares. Aínda que cómpre recoñecer a don Manuel Bergueiro López o mérito de ter sido o primeiro, ou un dos primeiros en solicitar para Marcial Valladares –xa no 1966– o Día das Letras Galegas²², corresponde a Mario Blanco Fuentes o mérito de reclamar mediante acordo plenario do Excmo. Concello da Estrada tal galardón, que se habería facer realidade no 1970. É seguro que na decisión da Academia Galega, ademais do indubidable mérito do escritor aspirante, concorreron dúas ou máis circunstancias favorables. A primeira, o feito de coincidir no seo da Academia catro

18 COUCEIRO FREIJOMIL, A. ANTONIO, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*.

19 BOUZA BREY, FERMÍN, “Ahegos para a bibliografía de Marcial Valladares como etnógrafo”, en *Boletín de la Real Academia Gallega (BRAG)*, ano L., T. XXVII, 1956, pp. 11-23.

20 Diario *La Noche*, 26-6-1957.

21 Diario *La Noche*, 27-6-1957.

22 Así o demostra BLANCO VALDÉS, JUAN L., “Lembranza de Marcial Valladares no centenario da súa morte”, en *Revista Galega do ensino*, nº 39, 2003, pp. 145-158.

moi bos amigos do entonces alcalde da Estrada Mario Blanco, coñecedores ademais da valía e merecementos de Marcial Valladares: Don Sebastián Martínez-Risco y Macías, don “Bastián” en cuio despacho coruñés de avogado traballara Mario Blanco; don Marino Dónega Rozas, seu compañeiro de bufete e posteriormente tamén académico; Don Fermín Bouza Brey e don Antonio Fraguas, amigos, así mesmo de Blanco Fuentes e bos coñecedores da Estrada. No 1970 Marino Dónega transcribe, logo dun breve preámbulo, *Expedición de Zamora a Orense*²³ o máis longo fragmento das “Memorias” de Valladares ata o de agora publicadas e no mesmo ano o tamén académico Bouza Brey da á luz unha *Semblanza de Marcial Valladares*²⁴.

CODA

Refírenos Juan Blanco Valdés nun interesante opúsculo que ven de dar á luz²⁵ a emocionada gratitude de don Ramón Otero Pedrayo ó alcalde da Estrada pola dignísima acollida que esta vila brindara ós membros da Academia que acudiran a Berres para honrar a memoria do Señor de Vilancosta no día das Letras Galegas.

Íntima e comprensible compracencia de quen vira plenamente consumado no *rus* galego finisecular da ribeira do Ulla a imaxe ideal daquel microcosmos que reside na perfecta harmonía do triángulo: a aldea, os labregos e, nun vértice sobranceiro o señor, que non renega dos aldeáns e comprende, respeta e estudia as orixes da súa cultura. Adrián Solovio transmutado no Señor de Vilancosta, de quen tanto queda por dicir.

23 DÓNEGA ROZAS, MARINO, “Un VIAXE A Galicia ...”.

24 BOUZA BREY, FERMÍN, “Semblanza de Marcial Valladares”, en *Boletín da Real Academia Gallega* (BRAG), T. XXX, 1970, pp. 430-437.

25 BLANCO VALDÉS, Juan L., “Lembranza de Marcial Valladares ...”.

EN TORNO Ó TOPÓNIMO TOEDO

Fernando Cabeza Quiles

O apelativo de lugar **Toedo**, situado na parroquia do mesmo nome, no concello pontevedrés da Estrada, parece versión, co *-l-* intervocálico desaparecido, do castelán **Toledo**, nome da famosa e histórica cidade de Castilla-La Mancha.


Pensamos que este nome pode ter dúas posibles orixes. En primeiro lugar, pode ser un topónimo de traslado, traído a Galicia e ó actual concello da Estrada por un grupo de mozárabes procedentes de Toledo, que fundarían aquí un pequeno núcleo poboado co nome da súa cidade de procedencia. Esta hipótese parece reforzarse, nun principio, coa presenza contrastada en Galicia de grupos procedentes da cidade de Toledo, o xentilicio dos cales sería “tol(e)dáns, na Galicia costeira ou occidental, e “toldaos” na central ou continental. Así, a grupos destes toldaos faría alusión, na Galicia interior, o topónimo **Toldaos** (Moralejo, 1977: 30 n. 19), que proviría da palabra **toletanus*, cunha perda temperá do *e* protónico, que impediría a desaparición do *-l-* intervocálico, pero que sería posterior á sonorización do *t* en *d* (Cabeza, 2000: 55). A este respecto, nunha cita de Du

Cange aparece “Et pergit per Toldanos usque ad Panton” (Moralejo, 1977: 94 n. 6).

A posible chegada a Galicia de grupos procedentes do sur vese reafirmada por outro topónimo. É o caso do nome de lugar **Cumbraos**, que sinala, nesta ocasión, o asentamento dun grupo de mozárabes procedentes da cidade de Coimbra (Moralejo, 1977: 30 n. 19).

Aínda considerando a presenza certa en Galicia de toldaos ou tol(e)dáns, os posibles fundadores e creadores do topónimo **Toedo**, esta teoría tropeza, segundo pensamos, coa perda do *-l-*intervocálico de **Toedo**, procedente de **Toletum*, xa que esta desaparición debeu producirse antes da chegada dos hipotéticos emigrantes procedentes da cidade de Toledo.

En canto á segunda posibilidade, para nós a máis fiable, coidamos que o topónimo **Toedo**, coma o seu case homónimo **Toledo**, pode proceder dunha base **tol*, “altura”, detalle orográfico que se cumpre en relación ó noso **Toedo**, situado sobre unha pequena pero definida altura e, de maneira máis manifesta, no caso da cidade de **Toledo**.



Toedo, sobre unha pequena pero definida altura.

Ó anterior respecto, de **Toledo**, para nós o tocaio galego de **Toedo**, di o investigador Emilio Nieto: “A pesar de que la bibliografía es amplia y compleja, sólo puede asegurarse que *Toletum* es adaptación latina de un topónimo anterior, en el cual se puede aislar un elemento **tol-* cuyo significado es, probablemente, “altura”, presente en una amplia serie de topónimos de España y fuera de ella” (Nieto, 1997, voz *Toledo*: 340). Entre esa serie de topónimos atópase, segundo pensamos, o **Toedo** galego.

Outro autor que explica indirectamente o nome de lugar **Toedo**, a través do seu homónimo **Toledo**, é Josep Maria Albaigès, quen di que “**Toledo**, importante centro celtibérico carpetano, conocido por los romanos con el nombre de *Toletum*, citado abundantemente en los itinerarios de Antonino, Tolomeo, Mela, etc... procede de la raíz prerromana **tol*, posiblemente “altura” (Albaigès, 1998, voz *Toledo*: 595),

Pola nosa banda, á parte de **Toledo**, outros topónimos peninsulares probablemente emparentados co noso **Toedo** que destacamos e que estarán en cadansúa altura son outro **Toledo** situado na provincia de Huesca, **Toledillo** na de Soria e **Toleda** na de Badajoz

En canto a orixe do topónimo **Toledo** e, por extensión, do noso **Toedo**, parece moi antiga. Así, para o mestre Menéndez Pidal o **Toledo** español podería ter correspondencia cun **Toleto** lígur do Piemonte italiano da provincia de Alessandria e con outro **Tuleto** existente en Toscana (Menéndez, 1980: 173).

A mesma posible orixe lígur ou ilirio-lígur ou ambro-lígur-ili-ria que propón para o topónimo **Toledo** Menéndez Pidal é referendada por Rafael Lapesa, quen atopa correspondencia entre o **Toledo** hispano e o devandito **Toleto** do Piemonte e con outro **Toleto** que hai en Lombardía (Lapesa, 1962. 14-15).

Para Moralejo Laso o substrato ilirio-lígur ou ambro-ilirio, coma di el, tamén estaría presente nos devanditos topónimos peninsulares **Toledo** (*Toletum* en época romana), o **Toledo** de Huesca, **Toledillo** de Soria, **Toleda** de Badajoz e o **Toleto** do

Piemonte. Todos estes nomes de lugar tiveron, segundo o citado profesor, o seu correspondente galego nun *castellum Toletum* tirado da expresión *castellani Toletenses* da inscrición latina dunha táboa de hospitalidade romana achada no Caurel e publicada na revista “Emerita”, XXVIII, 1960, 143-146 (Moralejo, 1977: 28 n. 13). Este *Toletum* é dado por desaparecido polo profesor Moralejo (Moralejo, 1977: 32 n. 23).

Malia o anterior, nós consideramos que o devandito e documentado *castellum Toletum* galego puido dar, por elipse ou desaparición do vocábulo *castellum* e perda do *-l-* intervocálico e sonorización do *-t-* tamén intervocálico, o topónimo **Toedo**, quizais desaparecido no Courel, pero presente no concello da Estrada.

A devandita desaparición do *-l-* entre vocais, que é característica do galego e do portugués fronte ás demais linguas románicas, non se dá nun lugar chamado **Toledo**, situado nun emprazamento elevado á esquerda do río Miño, fronte ó encoro ourensán de Castrelo (Rivas, 1994: 80). No ámbito portugués pasa o mesmo con outro lugar chamado **Toledo**, que supoñemos tamén nun sitio elevado, situado no distrito de Lisboa, que pode conserva-lo seu o seu *-l-*, se fose nome antigo, por arcaísmo (Menéndez, 1980: 173).

Na provincia de Oviedo existe un lugar alto sobre o río Sella chamado **Toleo**, seguramente emparentado co noso **Toedo** e **Toledo**, que para o profesor Concepción proviría ou estaría relacionado coa variante prerromana de **twr*, “altura”, **tul*, “punta, cumbre de montaña” (Concepción, 2001: 617). Pola nosa banda, coñecemos outro lugar elevado, situado nas encostas de monte Naranco, a carón da cidade de Oviedo, chamado así mesmo **Toleo**.

O mencionado profesor tamén fai provir de **tul*, “punta, cumbre de montaña”, similar ó elemento **tol*, “altura”, que demos para explicar **Toedo**, o topónimo asturiano **Tolóbriga**, referido a unha altura rochosa, composto de **tul*, “cumbre de montaña” e o celta *briga*, “altura fortificada, fortaleza, castelo,

castro”. Isto fai que o nome de lugar **Tolóbriga** sexa unha repetición ou tautoloxía de altura ou altura fortificada. A este respecto, pensamos que tamén os topónimos **Toledo** e **Toedo**, **Toleda**, **Toleto**, etc. puideron nomear nun principio alturas fortificadas.

Outros topónimos asturianos co *-l-* intervocálico conservado, coma é perceptivo neste dominio lingüístico, que poden estar relacionados co de **Toedo**, todos situados en lugares elevados, son **Tolobre**, **Tolivia**, **Tolinas** e **Tol** (Concepción, 2001: 616-617).

En Galicia, topónimo similar ó devandito de **Tol** é o de **Tal**, nome dunha parroquia do concello de coruñés de Muros, que debeu nacer no lugar de **Tal de Arriba**, da mesma freguesía e que nós parece unha tautoloxía de altura. Esta repetición ou reincidentencia produciríase cando os usuarios do nome de lugar próximo **Tal**, igual a altura, perderon a conciencia deste significado e superpuxeron para nomea-la mesma realidade orográfica o vocábulo máis recente (**de**) **Arriba**, étimo aínda en vixencia perfectamente relacionable coas características topográficas do lugar de **Tal de Arriba**. Este topónimo galego non perdeu o seu *l*, coma no caso de **Toedo**, proveniente de **Toletum*, por ser esa letra final de palabra e non intervocálica.

Volvendo á base ambro-lígur ou iliria **tol*, “altura”, dicir que os devanditos atributos ilirio, lígur e ambrón, que non se exclúen entre si, teñen en común a súa característica de seren substratos preindoeuropeos mediterráneos (Cabeza, 1992: 108) e que o pobo lígur, denominación literaria dos ambróns (Menéndez, 1980: 90), á parte do seu posible topónimo **Toedo**, deixou en Galicia a pegada da súa existencia no seu topónimo étnico **Ambroa**, nome dunha aldea do concello de Tordoia (A Coruña), e dunha freguesía anexa de Santa Olalla de Viña, concello de Irixoa (A Coruña) que, lembraría a tribo ou pobo antigo dos ambróns (Menéndez, 1980: 90).

Fóra de Galicia, aludiran ó mesmo grupo étnico os nomes de lugar **Ambrona**, en Soria –provincia na que hai un **Toledillo**–. Outro lugar chamado **Ambrona** na provincia de Cáceres. Un

Hambrón (con *h* antietimolóxico) en Salamanca. E dous **Ambrões** en Portugal.

Fóra da Península, topónimos referidos á mesma etnia deben ser **Ambruno** e **Ambrón** en Italia. E **L'Ambron** e **Lambronne** en Francia (Rabanal, 1967: 101).

Fóra de **Toedo**, **Toledo**, etc., outros topónimos de procedencia lígur, iliria, ambroa (ou substrato mediterráneo occidental) son os que pertencen á ampla familia da voz “lama”, coma **Lama**, **Lamela**, **Lamazal**, **Lamazares**, **Lameira**, **Lameiro**, **Lamoso**, etc.



O lugar de Toedo vese coroado por un pequeno coto pedroso chamado
A Carballeira de Tanoira.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBAIGÈS, J. M., (1998): *Enciclopedia de los topónimos españoles*. Barcelona, Planeta.
- CABEZA QUILES, F., (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo, Ed. Xerais.
- CABEZA QUILES, F., (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia, Ed. Toxosoutos.
- CONCEPCIÓN SUÁREZ, J., (2001): *Diccionario toponímico de la montaña asturiana*. Oviedo, Ed. KRK.
- LAPESA, R., (1962): *Historia de la lengua española*. Madrid, Escelicer.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., (1980): *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid, Gredos.
- MORALEJO LASO, A., (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago, Ed. Pico Sacro.
- NIETO BALLESTER, E., (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles*. Madrid, Alianza Editorial.
- RABANAL, M., (1967). *Hablas hispánicas, temas gallegos y leoneses*. Madrid.
- RIVAS QUINTAS, E., (1994): *Lingua galega, nivéis primitivos*. Santiago, Ed. Laivento.

MAÍNDO (A ESTRADA-PONTEVEDRA): ESPACIO XEOGRÁFICO, HUMANO E HISTÓRICO NA ASCENDENCIA DO CONDADO DE XIMONDE, II

*Héitor Picallo Fuentes**

É do noso gusto, primeiramente, deixar aquí un expreso e sincero agradecemento a varias persoas que nos brindaron e prestaron toda a súa colaboración, desinteresada, co obxecto de poder aproximarnos un pouco máis á historia do pazo de Maíndo. Son eles: Olimpio Arca Caldas, Cesar Gómez Buxán, a familia Redondo-Lissarrague e os compoñentes do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Por mor disto, a eles mesmos lles ofrecemos estas liñas.

INTROITO

Anunciar e enunciar a exposición de motivos polos que foron realizadas estas achegas, parécenos nun principio, ó noso ver, algo indispensable para conferirle significado e continuidade a

* Delegado da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia na comarca de Caldas.

este título; rótulo investigador que xa tivo orixe no número anterior deste mesmo anuario¹ e que deberá estende-la súa proxección final no seguinte (aquele que levará o número 7). Este presente estudio divídese, visiblemente, en catro grandes partes que (con)forman un único corpo investigador: a historia do núcleo pacego de Maíndo (A Estrada, Pontevedra) e a súa importancia nas diferentes etapas da súa continuidade vital. A primeira parte (*Precisións e Antecedentes previos*) retomará aquelas aproximacións á historia medieval das terras de Veá que xa tiveron, *grosso modo*, certo tratamento por nós no anuario anterior. Incluso terá intención de facer fincapé e precisar un pouco máis nalgúns apartados de destacado interese. O segundo dos titulares (*Continuación Xenealóxica...*) proseguirá o camiño por vieiros liñaxísticos, por aquelas xeracións propietarias e posuidoras do pazo, casa, torre e fortaleza de Maíndo no período comprendido entre finais do século XVI e as últimas décadas do XVII. O rótulo terceiro dá razón dun apéndice documental: transcripcións paleográficas que nos retrotraen á diplomática e documentación no seu íntegro contido, na súa verdadeira explicación, e que nos promente diversos fitos na historia do señorío de Maíndo. Por último, nun cuarto e último titular, clausuraránse estas achegas históricas con dúas árbores familiares que nos poden axudar a entender, un pouco mellor, a proxenie de cada liña xenealóxica en cadansúa liñaxe, tanto pola familia dos Bendaña como pola dos Cisneros.

I. PRECISIÓNS E ANTECEDENTES PREVIOS

Comentabamos no anuario que nos antecede que aqueles Reino, ou Suárez de Reino, que posuíron o pazo de Maíndo debéron ser uns de tantos herdeiros que adquiriron, ben foralmente, ben por herdanza, o dominio dos caudais da liñaxe dos Bendaña².

-
- 1 H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde', en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 5 (2002), pp. 199-246.
 - 2 Id., pp. 241-242. Sobre a xinea dos Bendaña é moi interesante consultar: E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, 'Parentesco y nepotismo. Los arzobispos de Santiago y sus vñ-

Casa, esta última, que espallaría o seu elenco posesorio polas terras de Arzúa, Boqueixón, Dozón, A Estrada, O Pino, Santiago, Teo, Touro, a terra de Postmarcos, etc. Logo non é estraño que nas mandas dos testamentos dalgún dos membros desta casa se observen claras referencias ás terras estradenses, demarcacións das que estamos a tratar.

1. Ab Imis Fundamentis: Novas achegas encol da liñaxe dos Bendaña

É xa, logo así, que na segunda metade do S. XIII a xinea dos egrexios Bendaña faise notar polos arredores estradenses, tal e como se constata nas últimas vontades do arcediago (*archidiaconus*) do Salnés D. Nuño Fernández (1240-1278), conferidas en 1276 na cidade do apóstolo. Observamos, en efecto, que nunha das súas mandas lle ofrecía ó seu neto, o cóengo Fernando Rodríguez, as súas casas e viñas do lugar de Couso: *It. lego Fernando Roderici, canonico, nepoti meo, domos meas et vinea de Couso*. Ademais, brindáballo ós seus parentes D. Lopo Rodríguez de Bendaña e D. Rodrigo González (“fillo noutro tempo de Gonzalo Rodríguez”), a perpetua disposición de dous casais que conservaba na terra de Veá, a saber: Vilacriste e Barro³, ámbalos dous na freguesía estradense de S. Miguel de Cora. Vexámolo na súa orixinal transcripción: *It. lego Lupo Roderici de Bendania et Roderico Gunsalui filio quodam Gunsalui Roderici illa duo casalia que habeo in Velegia, scilicet in villa Cristi et in Barro*. Pero, ademais, ó primeiro destes últimos agasallados –D. Lopo Rodríguez de Bendaña– engadíalle as herdades de Igrixoa e de Veá: *It. lego Lupo Roderici de Bendania*

culos familiares. Siglos XIV-XV’, en *Los coros de catedrales y monasterios: arte y liturgia* (edic. R. Izquierdo Perrín), pp. 65-119.

3 Lugar que se localizaba, segundo o Tombo II de Tenencias do ACS (Arquivo Catedralicio de Santiago), na freguesía de S. Miguel de Couso, aínda que xeograficamente, na actualidade, sitúase en S. Miguel de Cora: “Iten avia enno lugar do *Barros*, que he en *San Miguell de Couso*, dous casares en que morauan tress seruíções”. Cf. ACS, Tombo II de Tenencias, Tenencia de Veá e Rosallo, f. 301v; e tamén en H.-M. PICALLO FUENTES, ‘O Monacato Medieval na historia de Caldas de Cuntis’, en Museo de Pontevedra, 56 (2002), p. 67, nota ó pé 270.

*hereditatem de Ygrigoa et de Vea quas hereditates uiuus sibi con-
tuleran et quas iam ipse tenebat*⁴.

Devindo xa outros tempos, e concretamente na centuria poste-
rior, outro compoñente desta mesma casa chamado D. Nuño
González (I) de Bendaña, prebendado pola Igrexa Compostelá
cos desempeños eclesiásticos de Arcediago da Raíña (1306-1348)
e Cantor do Capítulo Compostelán, como xa demos conta noutra
ocasión⁵, adquiría das propias mans dun tal Afonso Domínguez
varias herdades no lugar de Couso xunto coa renda e xuro de pre-
sentar na súa parroquial. Conxunto propietario este que, en liga-
zón cos seus herdos e dereitos, llo legaría ó Cabido Catedralicio
de Santiago no seu testamento de 1348, en simultaneidade con
outras moitas posesións, entre as que se encontraba o sinalado
casal de Vilacriste (S. Miguel de Cora):

“Item mando a meus señores o Cabidoo de Santiago dous mar-
quos et medio de prata et que os ayan pellos fruytos da mia coengia
et elles que me dem a mia raçon segundo manda a constituyçon da
iglesia (...) Et mandolles de mays o meu casal de vila de Criste... et
con a herdade que gaaney en Couso de Afonso Dominguez de Couso
et coa a renda et jur de presentar que ey na iglesia de Sta. Maria de
Couso, que gaaney desse Affonso Dominguez de Couso, et que ey
de mey patrimonio et con o casal et herdade que comprey de fillos
de Gomez Aras de Caçofreyto”⁶.

Este persoeiro ademais –referímonos a Nuño González de
Bendaña– de acordo co rexistrado nos *Libros de Aniversarios* da
Catedral de Santiago, gozaría de varios conxuntos propietarios
en Santiago de Novefontes e S. Tirso de Cornado (na xeografía
que hoxe comprende as terras de Touro), así como aqueloutros
de Sto. André de Vea nos que estaban incluídos o lugar de
Radeaas (Ramirás)⁷.

4 Compróbense estas citas en A. LÓPEZ FERREIRO, ‘Testamento de D. Nuño Fernández,
Arcediano de Salnés, en Santiago’, en *Galicia Histórica. Colección Diplomática* (que
dende agora chamaremos *GH.CD*), (Santiago 1901), pp. 243-248.

5 H. PICALLO FUENTES, ‘Maíndo...’, p. 202.

6 A. LÓPEZ FERREIRO, ‘Testamento del Arcediano de Reina D. Nuño González de
Bendaña’, en *GH.CD* (Santiago 1901), pp. 303-309.

7 “festum S. Marchi evangel. mitratum pro anima D. Nunii Gui. de Bandaña, cantoris com-

Igualmente reflectiuse na primeira entrega destas investigacións que no ano 1379 D. Rodrigo Sánchez de Moscoso, Arcebispo de Santiago (1367-1382), depositaba nas mans de D.^a María Sánchez de Bendaña a terraria dunha multitude de freguesías que anteriormente as posuíran os seu país (D. Gonzalo Sánchez de Bendaña e D.^a. Sancha) e inclusive o seu irmán Roi González⁸. Entre aquelas agrupábanse as de Sto. André e S. Xurxo de Veá, Sta. María de Frades, S. Miguel de Barcala e Sta. María de Couso⁹.

Anos máis tarde, xa nas primeiras décadas do S. XV, fai entrada outro Nuño González de Bendaña (o segundo deste nome), quen ó igual que varios dos seus predecesores presidiría o arceidiagado da Raíña; sendo tamén herdeiro de varias pertenzas en S. Miguel de Castro (os réditos dos casais de *Adufe* ou *Adoufe*) que, polo seu testamento, se integrarían na tenencia capitular de Couso (a mesma que se bautizou, outrosí, como de Veá)¹⁰.

Logo, está máis que claro que os Bendaña foron unha importante estirpe que deixou entre os SS. XIII-XIV unha forte pegada na administración señorial e dos recursos rurais (ó igual que nalgún caso puntual de determinados dereitos eclesiásticos), das terras da antiga Veá (ou *Velegia*)¹¹. Control que posteriormente sería centralizado no capítulo catedralicio e na mesa arceobispal de

postel. Dantur 120 lbr. Solvuntur de bonis quae ipse cantor legabit Capt. scilicet, per locum de Radeaas situm in parrochia S. Andree de Veá et per alias hereditates quas idem cantor habet in terra de Veá et in terra de Cornato, scilicet, in parrochiis S. Jacobi de Novem Fontis et S. Tirsi de Cornato, prout canetur instrumento exinde confecto. Processio post primam ad ejus sepulturam". Cf. E. LEIRÓS FERNÁNDEZ, 'Los tres Libros de Aniversarios de la Catedral de Santiago de Compostela', en *Compostellanum*, 15 (1970), p. 217.

8 M. GONZÁLEZ VÁZQUEZ, *El Arzobispo de Santiago: Una instancia de poden en la Edad Media (1150-1400)*, (Santiago 1996), pp. 158-159 e 168-169.

9 H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo...', pp. 202-203.

10 E. LEIRÓS FERNÁNDEZ, *a.c.*, p. 249. Sobre as Tenencias Capitulares Compostelás consúltase: F. J. PÉREZ RODRÍGUEZ, *El dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (Siglos XII-XIV)*, (Santiago 1994).

11 Obsérvese a este respecto a árbore xenealóxica 1 que publicamos ó final destas investigacións; árbore confeccionada basicamente a partir da documentación transcrita por A. López Ferreiro, as achegas históricas e xenealóxicas de M. González Vázquez e as profundas investigacións de E. Pardo de Guevara y Valdés.

Santiago; e dende estas institucións coordinada a súa explotación tras numerosas e fructíferas concesións a destacadas personalidades laicas. Así, por exemplo, esperta a nosa atención aquel foro que relata o xeito no que D. Gonzalo Rodríguez de Bendaña (sendo Deán do Cabido)¹², en 1393, concede o foro dun pazo chamado do Outeiro que se localizaba na freguesía de Sta. María de Couso (A Estrada) e que, era na súa integridade, do dominio rural das dignidades canónicas de Compostela¹³. Habitación rural da cal sostemos que anteriormente debeu dimanar dos ascendentes deste Deán (ben por dominio familiar, ben por herdanza foral que acubillaba e xestionaba a liñaxe dos Bendaña); recórdanolo entre outras razóns aquela manda testamentaria de 1276 na que arce-diago D. Nuño Fernández trataba sobre as súas casas, posesións e viñas do lugar de Couso¹⁴. Conxunto rústico e de explotación agropecuaria que tamén se contempla no documento foral de 1393, polo que sospeitamos que se tiña que tratar dun edificio (ou edificios) asentado no mesmo solar que aquel (ou aqueles) do S. XIII. Estimarnos, a razón destas probas, que habendo xa demasiadas casualidades non as debemos considerar como meras coincidencias. Abundantes testemuños acreditativos afírmannos o veredicto favorable da hipótese documental: Maíndo xa existía anteriormente a 1393 e, ó mellor, unha centuria atrás (aínda que con distinta complexión constructiva, seguramente).

2. O Pazo do Outeiro de Maíndo no s. XIV

Pero, ¿que é o que nos relata o documento foral de 1393? Textualmente, a 21 de xuño dese ano, “Gonsalo Rodrigues de Bendaña, Dean enna Iglesia de Santiago” indicaba, entre outras cláusulas contractuais, que: “aforamos e damos en foro a uos Gonsaluo Rodrigues de Reino”, durante “a vosa vida e de uosa moller, Costança Eans, e por huna uos (...) o paaço do Outeiro”,

12 Polo ano 1398 era xuíz de Luou (Teo) outro (ou o mesmo) Gonzalo Rodríguez de Bendaña. Cf. ACS, Tombo H, f. 40r.

13 Id., f. 11r-v. Ver tamén M. GONZÁLEZ VÁZQUEZ, *o.c.*, pp. 184-185.

14 A. LÓPEZ FERREIRO, ‘Testamento de D. Nuño Fernández, Arcediano de Salnés, en Santiago’, en *GH.CD* (Santiago 1901), p. 243.

localizado na “uila de Meyndo da friglesya de Sancta Maria de Couso”¹⁵. Ademais, o mentado Bendaña *—era ut supra—* ofrecíalle ó designado matrimonio unha cortiña que estaba próxima ó pazo do Outeiro, xeografía onde igualmente se situaban varias leiras, terras e viñas¹⁶ (bacelos que seguramente fosen daquela antiga variedade medieval denominada como *vinum ulianum*, ou viño da Ulla¹⁷).

Procédenos logo así indicar que aqueles Gonzalo Rodríguez de Reino e Constanza Eans, dos que informamos a súa existencia no anuario anterior, son os mesmos que aquí se indican e, para máis inri, os primeiros da liña dos Reino —que nós saibamos—, que posuíron este edificio soarego; o cal, dende agora e debido ás probas antecedentes, deberíámolo chamar na súa íntegra denominación: O Pazo do Outeiro de Maíndo.

Así as cousas, por mor desta nova achega histórica que aquí axuntamos, teremos que facer varias aclaracións. Por unha parte, suxerimos que os brasóns que nas dovelas das portas de entrada deste pazo se esculpiron son as propias armerías dos Bendaña, afirmación que a día de hoxe parece estar bastante máis avalada. Nun segundo punto énos de obriga recalcar que cando noutra ocasión indicabamos que o edificio posuía unha clara aparencia do S. XV (traza renacentista)¹⁸, ou ben xa da centuria anterior —como efectivamente nolo comprometía o estudio das súas pedras armeiras¹⁹—, a hipótese que o fai existente no S. XIV estímase agora moito máis firme e nidia (contémplese a partir desta nova documentación aquí agregada).

Sendo isto tal e como se nos suxestiona, afirmar que o edificio de Maíndo alberga as labras heráldicas máis antigas da terra da Estrada (referímonos a aquelas esculpidas nas dovelas das portas), non é logo tan arriscado; outrosí, poderíase amplia-lo hori-


15 ACS, Tombo H, f. 11r-v.

16 Id., f. 11v.

17 H.-M. PICALLO FUENTES, ‘O Monacato Medieval...’, pp. 75 e a nota ó pé 302.

18 H. PICALLO FUENTES, ‘Maíndo...’, pp. 210 e 232-233.

19 Id., pp. 241-242.



Escudo dos Bendaña na clave dunha das entradas do Pazo do Outeiro de Maíndo
(debuxo do autor)

zonte indicando que moi seguramente estarán formando parte do elenco das máis vetustas, alomenos da provincia de Pontevedra, no que se refire ás pertencentes a edificios civís ou militares²⁰ e, porqué non dicilo, tamén de Galicia.

Para conferirlle maior relevancia e destacado interese a este nobre símbolo da arquitectura das terras estradenses, e ante este novo reincidir no máis pretérito antepasado histórico do solar, tan só nos falta indicar que moi seguramente estamos ante un dos edificios máis antigos destas demarcacións; o cal, logo das súas evidentes atribucións militares co que foi ergueito (torre e fortaleza) e as propiamente agrícola-gandeiras (o concepto correcto e concreto de pazo), perdería as súas connotacións defensivas e ligaríase aínda máis á terra, desprazándose, en contrapartida, da órbita castrense. Á hora de verificar se esta construción é, dentro das da súa definición, das máis lonxevas que existen ou existiron nas terras da Estrada, cómpre ser moi cautos, posto que se afirmasemos que si é a de maior antigüidade entraríamos en complicacións importantes á hora de comparala cronologicamente con outros edificios medievais, tales como a Torre de Guimarei (S. Xiao de Guimarei), e o Pazo de Oca (Sto. Estevo de Oca), ou con aqueles xa inexistentes, ou ben integralmente modificados, como a Fortaleza da Barreira (S. Martiño de Riobó), a Torre do Vilar (Sta. Cristina de Veá), a casa forte da Somoza (Sto. André de Veá) ou a Casa da Torre (S. Xurxo de Veá)²¹. Queda aquí aberta unha tentadora disquisición para os verdadeiros entendidos.

20 Serían estas pedras arceiras superadas en antigüidade por aquelas conservadas na igrexa de S. Tomé de Caldas de Reis (procedentes da antiga torre medieval coñecida polo nome de dona Urraca) e contemporáneas, ó mellor, se non máis vellas estas de Maíndo, coas armas dos Moscoso esculpidas na torre de Costela (S. Fiz de Margaride, Silleda). Sobre este último edificio consúltese: C. GÓMEZ BUXÁN-F. RUBIA ALEJO, 'Costela: escuderos de los condes' e 'Pervivencia de la Edad Media', en *La Voz de Galicia* (edición do Deza), sección "Pazos de Deza", pp. 42-43.

21 Comentabamos noutra ocasión que esta torre do Vilar estaba provista, ademais da respectiva torre e casa anexa, duns cárceres para os apresados, segundo se transluce da documentación conservada do S. XVIII (vid. H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo...', p. 227), aínda que a súa antigüidade era moito máis importante, seguramente tratouse dunha casa-torre medieval, se non xa dunha fortaleza. Para isto nótese no seguinte extracto documen-

3. O señor do Pazo do Outeiro de Maíndo

Retomando novamente aspectos da familia dos Bendaña, e so pretexto de ratificar así o poder que estes acadaron nas terras de Veá²², vinculando paralelamente aínda máis se cadra a súa relación coa casa dos Reino, debemos observa-lo acontecido entre a mitra de Santiago e Álvaro Núñez de Isorna e Bendaña²³, entre os exercicios feudovasalático e da xurisdicción, entre os controis total e parcial da fortaleza da Insua de Veá. Sobrancea-lo feito, non só a simple vista senón tamén un pouco polo miúdo, nace abofé como unha empresa tentadora. O episodio épico comeza cando D. Álvaro Núñez de Isorna, sendo bispo de Mondoñedo (1399-1414), pasa a ocupa-lo control e dominio desta fortaleza da Insua de Veá por preito homenaxe rendido en 1402 ó arcebispo compostelán D. Lope de Mendoza (tendo o de Isorna como representante da súa persoa ó seu segundo curmán, o escudeiro Arias Vázquez de Vaamonde)²⁴. De socato, posiblemente xa nese ano, o mindoniense concédella ó seu parente D. Gonzalo Rodríguez de Reino, quen tras ofrecérllle-la vasalaxe obrigada

tal: "Cession que en 2 de octubre de 1557 hizo Alverto Perez, escriuano, a fauor de Pedro de Cora de un arriendo que por cierto tiempo y renta le havia hecho la Dignidad del lugar y casal da Torre do Vilar, sito en Sta. Christina de Veá, con la pension anual de siete fanegas de pan mediado y un par de capones cevados. Ante dicho Alonso Muradelo, y está a folio 326 de su rexistro". Cf. AHDS (Arquivo Histórico Diocesano de Santiago), FX (Fondo Xeral), Catálogos, atd. 7, f. 377v. Sobre a casa da Somoza consúltese nestas investigacións os apartados 1-3 da segunda parte. No que toca á Casa da Torre (en S. Xurxo de Veá), esta foi, no último tercio do S. XVIII, do goberno de D^a. Rosa de la Torre, viúva de D. Xoán Antón Núñez de Ribera (quen estivo ó cargo da escribanía numeraria da xurisdicción de Veá entre 1745-1760). AHPP (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra), Protocolos, N-140A, ano 1771, f. 1.

- 22 Estas terras de Veá abranguían algunhas freguesías da marxe dereita do Ulla e que, hoxe en día, pertencen ó Concello de Teo.
- 23 Persoeiro que, como noutrora apuntamos, era das liñaxes dos Bendaña, Isorna, Rodeiro e Vaamonde. Desta última casa, e parentes do citado D. Álvaro Núñez de Isorna, saíran os prelados García Martínez de Vaamonde (en Tui e Lugo) e Pedro Arias de Vaamonde (no bispado mindoniense). A. VILANOVA RODRÍGUEZ, 'Álvaro de Isorna', en *Gran Enciclopedia Gallega* (dende agora *GEG*), 18 (Dir. edit. Silverio Cañada, Santiago-Xixón 1974), pp. 83-84. H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo...', pp. 206-207.
- 24 Tal e como o fora tamén foreiro o seu pai –o escudeiro D. Xoán Núñez de Isorna– por herdanza das liñaxes dos Insua e Vaamonde. Cf M. GONZÁLEZ VÁZQUEZ, *o.c.*, pp.190, 197-198.

quedaría como o seu tenente ou casteleiro, atendendo así á súa directa vixilancia; outorgamento do que eclosionarían os preitos coa mitra de Santiago, obxectivamente en 1403²⁵, tal e como se nos relata un documento transcrito por López Ferreiro.

A contenda ten a súa orixe cando Lope de Mendoza e a súa mesnada pretenden visita-la casa forte e reunirse con aqueles que alí moraban (D. Gonzalo e “a los otros omes et peones et escuderos que con el en el dicho castillo estauan”), xa que estes recibirían ó prelado como persoa allea á fortaleza. Deste xeito o mitrado –verdadeiramente calumniado–, ameazaría ó de Reino indicando que se non o acollía: “que seades caído en mal caso como aquel et aquellos que quebrantan pleyto omenaje et no acogen a sus señores en sus castillos et casas fuertes”. Situación vastamente embarazosa xa que o baluarte defensivo amosábase ante o espectador, e baixo o control do señor do Pazo de Maíndo (o seu casteleiro), como si se encontrase en pleno proceso bélico, en auténtico escenario hostil. Así o relata o documento:

“Otro si uos rrequerimos et afrontamos á uos el dicho Gonçaluo Rodriguez et a los que con uos están en el dicho castillo, que por quanto estades albroçados con honbres et con armas dentro en el dicho castillo, las cuales armas están alçadas publicamente asi como contra enemigos en cima de los muros de dicho castillo teniendo lanças de armas alçadas et caniços et setos entre las almenas (...) del qual alborozo se rrequesce grande seruico al dicho Sr. Rey et arçobispo et dano et destroimiento de la tierra et seria ocasion para otros mas castillos subditos et sufraganeos del dicho Sr. arçobispo et de la su iglesia de Santiago”²⁶.

Mesmo, tódolos malfeitores que se recluísen nos cárceres da fortaleza debían ser dirixidos, por medio do pertegueiro de Santiago (D. Xoán de Mendoza) ás “instalacións penais” da Mitra. Este era un síntoma de que a xurisdicción civil e criminal

25 Id., p. 190. Consúltese tamén AHDS, FX, Catálogos, atd. 3; e H. PICALLO FUENTES, ‘Maíndo...’, p. 204.

26 A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela*, VII (Santiago 1905), apend. 3, pp. 10-11.


debía ser do exercicio dos prelados de Santiago, e non así dos vasallos do arcebispo²⁷.

En tempos igualmente de D. Álvaro Núñez de Isorna (e xa tomando este o báculo metropolitano de Santiago), fai presenza outra persoa de marcado interese para as nosas metas; era el un dos seus escudeiros, chamábase García de Reino e facía proclama de ser -ao igual que o nomeado Gonzalo Rodríguez de Reino-, parente deste Isorna-Bendaña. O mesmo García, señor de varias viñas no lugar de Pegariños²⁸ (punto xeográfico das terras de Ames onde se erixiu a torre do seu nome, ergueita baixo a sombra da despótica fortaleza de Altamira), descendía igualmente do tronco da casta dos Moscoso, posto que o seu bisavó, chamado Pedro Vidal, foi do tronco de estoura liñaxe²⁹. Por causa disto podemos afirmar que o tal García e o noso Gonzalo Rodríguez de Reino deberon ser parentes moi achegados entre si e descendentes dalgún gromo da casa de Altamira (ou dos Moscoso, que significa o mesmo).

27 Comentabamos noutrora (H. PICALLO FUENTES, 'Maíndo...', p. 230), que entre outras ponlas dos Suárez de Reino estaba aquela que emparentou cos Romai da Torre do Monte de Padrón. Consúltese a esta razón: E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, 'Parentesco y nepotismo...', p. 87 e nota ó pé 87. Igualmente é de capital interese: Arquivo dos Duques de Medinaceli (ADM), fondo de Xunqueiras, atd. 1, n. 27 e, sobre todo, atd. 3, n. 115. Nótese, ademais, que varios xenealoxistas identifican a un tal D. Roi Suárez de Rioboó con este, do que tratamos liñas arriba, chamado D. Roi Suárez de Reino. Erro que nós sostemos que debeu ser acumulado pola consulta das árbores xenealoxicas conformadas por Fr. J. S. Crespo Pozo que, aínda que moi útiles e moi fiables, en varias ocasións portadoras dalgún fallo (ben por unha mala lectura, ben por unha mala transcripción dos antigos copistas); vid. J. S. CRESPO POZO, *Blasones y Linajes de Galicia*, IV (Poio, edic. ano 1983), pp. 358 e 365; do mesmo autor véxase tamén o que se indica no tocante á xinea dos Xunqueiras. Con todo, cómpre ter moi presente que estes Reino si estiveron emparentados con aqueloutros das circunscrición padronesas, mais non temos a plena certeza de quén foi o primeiro dos Reino que entronca cos desta casa.

28 "Yn 30 januarii fit anniversarium pro anima honorabilis vir *Garsie de Reyno scutifer R. D. Alvari de Ysorna quondam archiep. compostel. consanguinei et familiaris et omnibus quibus tenetur*, pro quo anivers. dantur 150 lb. sovuntur per locum, praedia et vineas de *Pegariños* et per alia bona sua quae legavir Capit. compostel. et constituir Capitul. heredem in omnibus bonis suis prout in ejus testamento latius continetur de quibus bonis facta est tenencia quam nunc tenet Petrus Fernandi D'aveleenda cardinal. compostelan. Fiat processio ad claustrum novum ad capellan quam de novo R. Alvarus archiep. construit et ibi est sepultus". Cf. E. LEIRÓS FERNÁNDEZ, *a.c.*, p. 205.

29 Id.



Escudo dos Bendaña no sartego do arcebispo D. Álvaro Núñez de Isorna
(apunte do autor)

Outro punto atractivo nace ó apuntar que, se ben este Isorna-Bendaña tivo raíces comúns cos Reino, esta consanguinidade –aínda que remota, seguramente–, propiciou no primeiro certo grado de nepotismo e privilexio con aqueloutros; é dicir, os advenedizos Reino medrarían á súa sombra e mercé das viandas coas que os alimentaría o prelado –situación da que sairían grandemente favorecidos–. Temos aquí a causa, entre outros motivos, onde radica o incondicional sentimento de fidelidade de Gonzalo Rodríguez de Reino cara o seu señor Isorna. Sentencia: “non se debe morde-la man de quen che dá de comer”.

II. CONTINUACIÓN XENEALÓXICA: OS CISNEROS TOMAN O RELEVO DOS SUÁREZ DE REINO

Cando noutrora realizámo-la reconstrucción da árbore familiar da casa de Maíndo dende a Baixa Idade Media –coas súas obvias lagoas pola falta de documentación–, e que tivo progresión ata finais do S. XVI, deixámolo nas persoas de D. Roi Suárez de Castro e Reino (que nacera en 1549) e a súa dona, Isabel de Ribera (liña xenealóxica 7): aquel, arduo litigante polas posesións xurisdiccionais das freguesías estradenses de Sto. André de Veá, S. Miguel de Barcala, Sta. María de Frades e o couto de Sobrevea co prelado compostelán D. Xoán de Sanclemente e Torquemada (1587-1602); e esta –D^a. Isabel– filla do “Alguacil Mayor del Reyno de Galicia” D. Diego de Ribera e de D^a. María Rodríguez de Prado. Novas e abundantes achegas históricas sobre esta xeración fannos retomar de novo esta liña xenealóxica para proseguir, a continuación, coa súa proxenie.

1. Continuamos co desacougado Roi Suárez de Castro e Reino

(liña 7) *Roi Suárez de Castro e Reino e Isabel de Ribera*

Fíxose comentario no anuario anterior que este da casa de Maíndo fora fillo do seu homónimo pai Roi Suárez de Castro e Reino (*Alferez de la Compañía de este Reino de Galicia*) e de D^a. María Suárez de Reino³⁰, neto polo tronco paterno, segundo a información que nos facilitaba o trasunto xenealóxico de D. Gómez Varela, de D. Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior e de D^a. Isabel Álvarez; mais agora, consultando a documentación propia do APM³¹, sabemos que este primeiro D. Roi era bisneto polo mesmo raizame paterno de D. Xoán Mariño Bravo de Soutomaior e de D^a. Tareixa Sánchez de Reino³². Polos ascen-

30 Como dixemos no anuario anterior, foi filla esta D^a. María Suárez de Reino de D. Martiño de Reino, o cal, segundo as novas pescudas, era marido de D^a. Constanza Vázquez da Veiga (filla de D. Vasco da Veiga).

31 Enténdase por estas siglas APM o Arquivo do Pazo de Maíndo.

32 Non debemos confundir esta D^a. Tareixa Sánchez de Reino con aquela súa homónima xa tratada por nós no anuario anterior e que fora sepultada na capela de S. Miguel Arcanxo da parroquia de Sta. María dos Baños de Cuntis. Ademais, esta última, segundo a docu-

dentos desta última distinguimos, outrosí, que procedía de Sueiro de Reino (¿acaso aquel soterrado na igrexa conventual de Sta. María a Nova de Santiago?³³) e, xeracións atrás, afírmase igualmente como procedente dalgunha das ponlas abrolladas de D. Roi González de Zivil (ou de Sebil, que era a mesma liñaxe³⁴).

D. Roi Suárez de Castro e Reino, o representante desta liña xenealóxica número 7, non só establecería preitos coas Dignidades Catedralicias Compostelás –como o contemplamos noutro momento–, senón que tamén os mantería con laicos veciños da parroquia de Sto. André de Veá. De tal maneira, dende 1570 xa estaba en conflito con Bieito da Torre en razón de varios bens emprazados na freguesía na que este último era residente, enténdase os herdos de Vilachán e Cachiña³⁵. Ademais, á raíz do contido neste preito, tamén se comprende que a familia Da Torre era posuidora, entre outros bens, dunha casa-torre localizada na mesma freguesía de Sto. André; propiedade que debeu ser aforada por algún persoeiro da casa dos Reino de Maíndo, posto que Bieito da Torre debía pagar por ela un gravame anual en razón do contrato; obsérvese –*de verbo ad verbum*– neste parágrafo do testamento do tal Bieito:

“Yten mando a Andres da Tore, mi hijo, la mitad enteramente que tengo e me perteneçe de la tore y casa con su esapil y alpeldradas y orta, debesás y naranjos, y arboles y con el teretorio en donde hizo vna casa nueva, e la casa en que al presente biuo, con mas la parte que hago de los agros de Bilachan que son de Rodrigo Suares, de los quales tengo escritura que paso delante’scriuano publico, lo qual todo mando al dicho Andres de Tore, mi hijo, para siempre jamas con que sea obligado a pagar al dicho Rodrigo Xuares la renta et pencion que conforme a la dicha escritura yo soi obligado a la

mentación da que hoxe dispoñemos, foi muller do escudeiro cuntiense Gonzalo Méndez. APM, árbores xenealóxicas da liñaxe dos Reino (comentamos aquí, á par, que algunhas destas árbores poden ter lixeiros erros ou confusións).

33 Vid. H. PICALLO FUENTES, ‘Maíndo...’, p. 205.

34 Liñaxe esta última que tivo por solar a fortaleza ou casa forte de Sebil (ou Çivil) na parroquia cuntiense de Sta. María de Cequeril.

35 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. (caixa), 1-F.

dicha obra de Santo Andres de Bea medio ducado que yo estoi obrigado de la dicha casa e demas (...)"³⁶.

Pensións anuais e productos rendeiros estes, que, consonte se documentará posteriormente, debían ser cotizados por cada día de San Martiño do mes de novembro naquelas casas que na parroquia de Sto. André levaban o nome da *Somoça*³⁷. Edificios que, seguramente, foron algún daqueles que no S. XIV estiveron dentro dos dominios monásticos de S. Miguel de Couselo (Cuntis)³⁸.

Pero, A Somoza, supuña moito máis que unha sinxela e prolecta habitación; na época dourada dos ilustrados rotúlase documentalmente como o Pazo que o Conde de Ximonde posuía na freguesía de Sto. André de Veá. A parte, como residencia e baluarte fidalgo, entrañaba unha atractiva biografía: no S. XIV xa se coñecía como a casa da Somoza e no S. XVI como casa-forte, da cal nas primeiras décadas desta última centuria foi posuidor D. Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior. Co decurso do tempo, e debido á perda das súas cualificacións "militares" (casa-forte), troca en se denominar, única e exclusivamente, como o Pazo (e ás veces Granxa) da Somoza³⁹.

Mais estes non eran os únicos edificios nobres que conservou no seu haber D. Roi Suárez, igualmente nas terras cuntienses de Sta. María de Cequeril estaría rexendo varios herdos (coas súas casas) nos lugares de Sebil e Quintáns⁴⁰. Entidade poboacional esta última que hoxe non existe e que se debeu situar no epicentro rural de Sebil, seguramente, identificable coa área que hoxe aínda se coñece como *O Campo da Torre*, e que foi solar da casa-forte de Sibil ou Zibil, non moi lonxe doutro edificio medieval que hoxe en día se designa como *A Torre dos*

36 Id.

37 Reiteramos a afirmación de estar localizadas estas construcións da Somoza na parroquia estradense de Sto. André de Veá, e non naquela de Sto. André da Somoza emprazada na xeografía de Tabeirós. AHDS, Provisorado, Preitos, cax. (caixa) I-F.

38 H.-M. PICALLO FUENTES, 'O Monacato Medieval...', pp. 65-66 e 75 e a nota ó pé 255.

39 AHPP, Protocolos, N-139A, ano 1761, ff. 126-129.

40 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 18-BK, Sta. María de Cequeril.

*Mouros*⁴¹. Matinemos incluso na idea de que Quintáns procede da verba galego-portuguesa *quinta*⁴²; a mesma que, posteriormente e nalgúñas ocasións, derivaría no concepto e designación de Pazo. Incluso débese enunciar que estes bens, xunto con outros dos que descoñecemos as súas denominacións, estaban integrados polos anos setenta do S. XVI nos vínculos e morgados que D. Roi Suárez de Castro e Reino mantiña nesa freguesía cuntiense⁴³.

Entrementres, moito do patrimonio que lle pertencían, *de iure*, en Sta. María de Couso (e concretamente no lugar e pazo de Maíndo), estívoos a rexer o seu padraсто D. Ares Fernández de Miranda por outorgamento que lle concedera a súa dona (M^a. Suárez de Reino). Mais traerfalle esta mercé ós lexítimos propietarios de Maíndo non poucos inconvenientes. Por unha banda o mentado Miranda dispuxo deles como lle trouxo en gana, incluso en oposición das vontades da súa muller. Chegaría a súa prepotencia ata tal nivel que, para máis inri, un día si e outro tamén, ameazaría de morte á anciana muller se non facía o que lle era de proveito a el. Así e todo, o asunto avanzou ata límites calumniosos e intimidatorios. Por outra banda, a cada cal peor, o fillo de Ares Fernández, chamado Roi López de Miranda, irmán bravo polo tanto de Roi Suárez de Castro e Reino, insistiría na ocupación dos bens que anteriormente os gobernara seu pai; aínda dando conta a feble María Suárez de Reino (polo ano 1580), que a concesión que tivera a ben facerlle nun principio ó seu segundo marido era polo único e improrrogable tempo da súa vida. Posteriormente, xa finada dona María, Rodrigo Suárez e o con-

41 H. PICALLO FUENTES, 'A articulación do poboamento medieval na antiga *Terra Termarum*', en *Tapa: Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio*, 29 (2002), p. 124.

42 "Propriedade rústica, cercada ou não de árbores, com terra de sementeira e, geralmente, casa de habitação; fazenda". Cf. J. ALMEIDA COSTA-A. SAMPAIO e MELO, *Dicionário da língua portuguesa* (7^a. edición, Porto 1994), pp. 1496-1497.

43 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 18-BK, Sta. María de Cequeril. Sería moi interesante consulta-lo documento orixinal que destas datas do S. XVI se conserva anexo ó expediente do preito do ano 1700. Con todo, debido ó lamentable estado de conservación desta documentación, só puidemos extraer notas soltas que nos mutilan e limitan a magnitude do feito histórico.

flictivo Ares Fernández, chegarían a unha concordia nese mesmo ano de 1580, na cal se indicaba que:

“(…) el dicho Ares Fernandez de Miranda, por los dias de su vida, lleve el lugar do Pazo de Maindo enteramente, con su canal, y la casa grande de Santiago, y ademas la mitad de todas las rentas que han fincado por fin y muerte de la dicha Maria Suarez de Reino, que la otra mitad la ha de llevar el dicho Rodrigo, esto durante la vida de dicho Ares Fernandez, que a su fallecimiento han de recaer todos los vienes en el dicho Rodrigo y sus sucesores, segun y como sus padres lo dejaron; y ademas dicho Ares Fernandez, para siempre jamas, ha de llevar todos los demás vienes, muebles y raizes que adquiriò durante el matrimonio con dicha Maria. Tambien es condicion que muriendose Ares Fernandez, dicho Rodrigo Suarez ha de admitir en el lugar de Maindo á Fernando da Graña por los dias de su vida (...)”⁴⁴.

Co paso dos anos, en tempos máis afortunados, como era de manifesto, pasaría a restituilos e administralos definitivamente Roi Suárez de Castro e Reino, por seren da súa notoria lexitimidade⁴⁵.

2. Elenco rústico e urbano dos bens dos señores de Maíndo: O documento fundacional do morgado

Na versión do referido Trasunto de Xenealoxías de D. Gómez Varela, a fundación do morgado constituído por D. Roi Suárez de Castro e Reino e D^a. María Suárez de Reino, estableceuse a 23 de marzo de 1556⁴⁶; aínda que segundo outras referencias, tal vez moito máis fiables, realmente acaece o día 26. Tempo despois realizaríase unha agregación vincular pola mesma D^a. María Suárez de Reino e a súa parenta (por liña do seu marido), D^a. María Suárez de Aldao⁴⁷. Sobre a existencia desta última fundación, aínda que

44 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 5v-6r.

45 Id., ff. 84v e 217v-218v.

46 H. de SÁ BRAVO, *Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno* (Pontevedra 1986), p. 409.

47 Seguimos aínda sen saber quen foi, realmente, esta María Suárez de Aldao; coñecemos tan só que polo ano 1586 sería veciña da vila de Pontevedra unha que levou un nome moi semellante ó dela, María Sánchez de Aldao. Esta, por esas datas, era viúva de Alonso de León e posuía importantes propiedades en S. Cristovo de Briallós (Portas). Cf. AHDS, Provisorado, Preitos, cax. I-F.

non temos constancia concreta da data, ratifícao claramente un documento do S. XVIII, tratando sobre aquel que era posuidor do pazo de Maíndo naquela época, concretamente D. Bernaldino Bartolomeu González de Cisneros Figueroa Castro e Mendoza (de quen, ó final deste capítulo, daremos conta da súa biografía):

“(...) lexitimo dueño y poseedor de la casa y paço de Maindo y subzesor lexitimo en el vinculo y mayorasgo que fundaron *Maria Suarez de Reino* y *Maria Suares de Aldao*, en que se conpreende y hes aneja dicha casa y paço, y porque tambien son anejos â el la casa, prados y heredades conthenidos en el [memori]al que tengo presentados y propios de dicho vinculo y sus subzesores (...)”⁴⁸.

Naqueloutro citado documento de 1556 –principio da fundación vincular–, explícanse os pretextos e intencións polos que esta se realiza. O primeiro, e o verdadeiramente principal, era reafirma-la avinza de nupcialidades do fillo dos fundadores, D. Roi Suárez de Castro e Reino (coñecido por aquel entón como Rodrigo Gómez de Aldao e que tiña a idade de sete anos). Pretendían axugar –*in facie ecclesiae*– con Inés Galos Abraldes (de quince ou dezaseis anos de idade, e nacida do matrimonio do rexedor de Santiago Fructuoso Galos Abraldes con Isabel Monteser); casamento que nunca se chegaría a producir posto que Roi contraería nupcias, como apuntamos *ut supra*, con D^a. Isabel de Ribera.

Realmente, o estudio pormenorizado deste documento obríganos a ve-la presenza dunha liñaxe cunha destacada autoridade e capacidade económica na bisbarra, posto que xa de principio era posuidora de varias casas grandes, pazos e casas-fortes. Ademais as súas propiedades espallábanse por diferentes recunchos das xeografía de Ames, Baños de Cuntis, Caldas de Reis, A Estrada, Padrón, Santiago, etc. Como curiosidade diremos que o extenso elenco posesorio fai puntual parada nun sinfín de freguesías: Sto. André, Sta. Cristina e S. Xurxo de Veá, S. Miguel e Sta. Mariña de Barcala, Sta. María de Frades, Sta. María de Aguións, Sta. María de Couso, S. Miguel de Cora, S. Xoán de Santeles, S. Pedro de

48 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 18-BI, Santiago.

Toedo, S. Pedro de Carcacía, Sta. María dos Baños, S. Lourenzo de Moraña, Sta. María de Lestedo, S. Tomé de Ames, S. Xoán Baptista de Ortoño, Sta. María de Covas, Ponte Maceira e Santiago de Compostela. Mantiña ademais os padroados de S. Fins de Estacas (unha cuarta parte), Sta. María de Troáns, S. Breixo de Arcos de Furcos, Sta. Cruz de Lamas, S. Martiño da Laxe e a tercia sinecura de Sta. María de Aguións. A nivel das competencias señoriais declarábanse os de Maíndo posuidores da xurisdicción civil e criminal de Sto. André de (Sobre)Veá, S. Miguel de Barcala, Sta. María de Frades e o couto de Requián, señores do couto de Furco (en S. Breixo de Arcos de Furcos), o control da xurisdicción civil e criminal do couto de Soar (S. Lourenzo de Moraña), etc.

No tocante a aspectos “empresariais”, e precisamente no que afecta ás explotacións piscícolas, aferraban numerosas instalacións pesqueiras no río Ulla: as chamadas das canles da *Varxa* e a Braña e a pesqueira da Area (en Sta. María de Couso) xunto coas da Travesa, Freixado e O Freixo (nas terras padronesas de S. Pedro de Carcacía⁴⁹). Forman parte deste grupo anterior as explotacións agropecuarias: células rurais consistentemente vencelladas a casas grandes e pazos; edificios nos que, nalgúns dos cales, permanecen aínda perennes elementos do ámbito castrese. Entre outros, merecen unha destacada categoría: a casa de Torrevedra (S. Miguel de Cora), as casas e pazos de Maíndo (Sta. María de Couso), o pazo de Toedo (S. Pedro de Toedo⁵⁰), o casal e torre de Pouperín (S. Xoán de Ortoño), o lugar de Pegariños (onde se localizou a torre do seu nome, dentro da parroquia de S. Tomé de Ames), o pazo que se emprazaba preto do lugar de Reino (Sta. María de Trasmonte)...

Xa dentro das habitacións de índole urbán, gobernarán varias casas da cidade de Santiago, das cales sabemos a súa localización a partir doutros documentos posteriores: dúas na praza de

49 Tanto os nomes das pesqueiras da xeografía de Carcacía (que se atopaban preto do lugar do Lapido), así como as de Couso foron deducidas doutro documento posterior e que no apéndice documental publicamos. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 4r-5v.

50 Id., f. 5r.

Mazarelos, unha na praza de S. Bieito de Campo e outra máis na rúa de D^a. *Brillares*.

3. As fortalezas, ou casas fortes, de Sebil (Sta. María de Cequeril) e da Somoza (Sto. André de Vea)

Se isto nos parece moito, para máis aglaio, os fundadores do vínculo e morgado, segundo se manifesta documentalmente, arroupaban asemade outros significativos inmobles do contorno máis ou menos próximo a Maíndo: a casa das Xilgadas (Caldas de Reis) e as casas fortes medievais –ou fortalezas– de Sebil (Sta. María de Cequeril) e A Somoza (Sto. André de Vea), ámbalas tres da administración de D. Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior e da súa muller D^a. Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao. Nesta instauración de morgado facían igualmente inclusión tódolos bens que derivaron do citado D. Gregorio, a lexítima da referida D^a. Isabel, e o vínculo e mellora de Nuño Álvarez de Aldao e Sebil (irmán desta última).

Engadindo outras pequenas ciceladas á historia das construcións de Sebil e A Somoza podemos apuntar que as mesmas, en comunión con outros baluartes militares da antiga xeografía da Sé de Compostela, transmitiríanse conxuntamente no patrimonio de grupos egrexios da aristocracia da órbita pontevedresa (como mínimo no período que comprende os SS. XIV-XVI). Situación que con posterioridade, logo de pasar por este mundo o citado Gregorio de Reino, romperá a súa inmutabilidade, excindiranse dun mesmo dominio as dúas casas-fortes: a que se localizou en Cequeril pasa a formar parte da liñaxe dos Bermúdez de Castro e a de Sto. André de Vea a dos Reino (e posteriormente ós Cisneros).

Proseguindo co enlace de D. Roi Suárez de Castro e Reino e D^a. Isabel de Ribera, e concluindo igualmente, avánzase na liña sucesoria do pazo de Maíndo na persoa de D^a. Apolonia de Castro Ribera e Reino, última representante dos Suárez de Reino neste solar e filla, como se observa polas súas raíces, deste último matrimonio.

(liña 8) *Apolonia de Castro Ribera e Reino e Pedro González de Cisneros*


D^a. Apolonia contraería nupcias cun membro dunha eminente familia de aristócratas asentados en Santiago –xa que o raizame buscáballe oriunde nas terras palentinas de Saldaña⁵¹–, facíase chamar o cónxuxe, concretamente, D. Pedro González de Cisneros. Parece ser, falaban algunhas narracións, procedían estes de sangue real: cunha filla do valente rei Afonso VI –de Galicia, Castela e León–, a infanta D^a. Sancha Alonso, estableceríase enlace matrimonial co conde D. Rodrigo González de Cisneros, de quen proceden os desta liñaxe. Outros testemuños, a cada cal máis fabuloso, pretendían faiscar aínda máis a lenda, críanos descendentes dun rei de Castela chamado Francisco Cisneros. Aí o fundamento que nos explica, con estas inconsistentes razóns, a orixe e significado dos cisnes coroados dos seus brasón:

“Por una minuta dize que los del linage de los Zisneros traen por armas un escudo con 7 jaqueles colorados en campo amarillo, de este linage fue un caullero llamado don Rodrigo Garcia de Zisneros, que fue el 1º de la casa de los Xirones, y por eso despues se llamó Xiron. Dicho linage de Zisneros tiene otro escudo mas: azul con dos zisnes blancos metidos uno contra el otro en un rio, picos amarillos y en el cuello unas coronas de rey de oro, y esta son por venir de un rey de Castilla llamado don Francisco Cisneros. De los Zisneros deciede el venerable Fr. Francisco Ximenez de Zisneros, Arzobispo de Toledo y Cardenal de Roma”⁵².

Con esta unión dos Reino-Cisneros, ás cobizosas herdades de D^a. Apolonia –o señorío do couto de Soar, o pazo e fortaleza de Sta. María de Couso (Maíndo) e a torre de Pegariños (nas actuais

51 Un apuntamento nunha árbore xenealóxica conservada, en lamentable estado, no pazo de Maíndo di: “Por otra minuta dize que para las bulas del canonicato que obtubo don Antonio de Zisneros, hijo del Dr. Alonso de Cisneros, el hijo de este don Andres vendieron unas casas en la Plaza de Saldaña, las que fueron de Alonso Mendez. Que un don Juan Rodriguez de Cisneros y un don Rodrigo de Cisneros, que este mudò el apellido de Enriquez en Rodriguez, y el uno hera Señor de Campo Redondo, y el otro de Morzuelas, y que de estos señores, o su casa, un ermano se vino para Galicia, que segun noticias hera el Dr. Alonso Gonzales de Zisneros”. APM, árbore xenealóxica n. 11, liñaxe dos Cisneros.

52 Id.



Debuxo das armas de Castela, León e outras, de onde dicían proceder os da liñaxe dos Cisneros (APM)

circunscricións do concello de Ames), os coutos de Sobrevea, Sta. María de Frades e S. Miguel de Barcala⁵³—, uníanselle a xurisdicción de Ximonde e os bens procedentes da familia dos Cisneros⁵⁴, ademais doutras propiedades urbanas como a casa que conservaba na rúa do Preguntoiro da cidade de Compostela. Edificación soarega, esta última, onde campan as barrocas armas dos Figueroa, Castro, Mendoza, Moscoso e Cisneros (xunto cos totémicos cisnes que vinculan a esta última liñaxe) e todo baixo un mesmo coronel ó vo (heraldos propios, tal vez, do primeiro Conde de Ximonde)⁵⁵.

53 AHDS, FX, Catálogos, atd. 7, f. 388r.

54 Vivía xa na xeografía galega un membro da familia Cisneros polo ano 1444, Roi González de Cisneros, Cf. M^a. MIRAMONTES CASTRO, 'Catálogo da documentación do Museo de Pontevedra', en *Museo de Pontevedra*, 50 (1996), pp. 138 e 140.

55 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de la Coruña* (A Coruña 1978), p. 68. Foi a terra do couto de Ximonde berce tamén de afidalga-

4. A importancia de Ximonde (S. Miguel de Sarandón, Vedra)



Armerías dos Cisneros (APM)

dos e ennobrecidos, soando xa na Baixa Idade Media o nome de Nuño Fernádes de Geomonde (escudeiro do mariscal D. Sueiro Gómez de Soutomaior polo ano 1457). Cf. F. R. TATO PLAZA, *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, (Santiago 1999), p. 98.

Maíndo como solar, queda constatado arriba, daba conta dun antigo esplendor fidalgo que se remontaba á Baixa Idade Media; mais con todo o de Ximonde non tiña nada que envexar. Por iso, non vaimos con tanta rapidez que non se nos deixe ve-la importancia do enlace consanguíneo destas dúas familias, que non se chegue a apreciar, en efecto, o que supuña social e economicamente o connubio. Para resolver isto son necesarias dúas preguntas: ¿que era Ximonde? e ¿que orixe tivo?; é dicir, analiza-las raíces e o substrato, afondar nas liñaxes e nas súas posesións.

Ximonde, que estaba situado augas arriba de Maíndo no serpeante fluír do abondoso río Ulla, reportáballe a este enlace, entre outros bens, a casa do seu nome localizada na freguesía de S. Miguel de Sarandón (hoxe nas circunscricións de Vedra) e que se debeu alzar no lugar onde antigamente, no século XV, se localizara a fortaleza da mesma denominación; construción que coa demolición –total ou parcial– da súa torre colaborou como material reciclado para a nova fábrica da fortaleza de Montesacro (Boqueixón), que estaba a ser reconstruída⁵⁶. O pazo actual de Ximonde, localizado no estratéxico emprazamento do medieval, abrollaría con nova factura séculos despois, conformado a súa contemporánea estrutura –aínda que de gallardo porte–, a camuflaxe perfecta para oculta-los remotos tempos nos que fachendosa se erixiu como bastión nobre e militar⁵⁷.

Durante largo tempo as terras de S. Miguel de Sarandón transmitíronse, principalmente, a partir da liñaxe dos Falcón; para recaer, décadas máis tarde, na casa dos Cisneros tralo matrimonio de D. André de Cisneros con D^a. María González Falcón, *ut infra*. Así, no que atinxe a esta última familia, cómpre afirmar que xa

56 “(...) e ansimismo dize este dicho testigo que vido que dicho señor Patriarca de nuevo hizo e llebanto la fortaleza e castillo de Monte Sagro e que se fiziera de la piedra de la Rocha Fuerte de Santiago e de la piedra de la torre de Gimonde que hes cabe la Puente Sarandor e dize este testigo que save y hes berdad que la dicha fortaleza e castillo de Montesagro está entre los caminos que bienen desde las puentes de Sarandon y Vea y Ponte da Ulla y de Ledesma (...)”. Cf. Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *Las fortalezas de la mitra compostelana y los “Irmandiños”*, II, p. 342.

57 A. GONZÁLEZ LÓPEZ, *El Alba Flor de Lis. Galicia en los reinados de Felipe V, Luis I y Fernando VI* (A Coruña 1978), pp. 430-431.

polo 1540, estaba dispoñendo de cuantiosos bens de Sarandón o bispo de Trípoli D. Pedro Xil Falcón, tal e como se constata a partir dunha carta de concordia, datada a cinco de xullo dese ano, na que se declara o traspaso dos bens do prelado á súa parenta — doncela pobre— Constanza Xil. Entre os diferentes herdos cítanse propiedades en S. Pedro e S. Miguel de Sarandón, S. Mamede de Ribadulla, S. Xurxo de Codeseda...⁵⁸ Incluso, parece ser que ademais da “torre de Ximonde coa súa casa e adega”⁵⁹, este bispo de Trípoli fixo merca de diferentes rendas de pan, herdos e posesións na xeografía de Veá, e igualmente doutros conxuntos rústicos no resto da xeografía estradense e doutras demarcacións; así preséntanse en Sta. María de Couso, S. Xurxo de Veá⁶⁰, S. Pedro de Parada (de Reis), S. Xurxo de Cereixo, Sta. Cristina de Vinseiro, S. Breixo de Arcos de Furcos⁶¹, etc.

Pero non abramos máis ponlas de investigación, continuemos coa liñaxe dos Cisneros, familia que ofreceu o seu apelido principal e primeiro ós titulares do Condado de Ximonde. A primeira xeración da que podemos tratar da xinea dos Cisneros que estivo xa relacionada co reino galego sería aquela formada polo licenciado D. Pedro de Cisneros (natural da vila de Saldaña en terras palentinas), e a súa muller, D^a. Leonor González, filla de Pedro González e Mencía Rodríguez (cuñada, D^a. Leonor, outrosí, do Gobernador D. Xoán Enríquez, señor de Campo Redondo e “Comandante General del Reyno de Galicia”). Foi este D. Pedro de Cisneros, tal vez, aquel procurador e “Alguacil Mayor de Su Señoría Reverendísima” o arcebispo D. Xoán de Tabera (1524-1534), en épocas nas que as fortalezas dos señoríos catedralicios estaban moi necesitadas de ser reconstruídas, debido, fundamentalmente, ás doenzas aínda padecidas por aquela altura froito do levantamento Irmandiño nas terras galegas⁶². Tamén desempeñaría o oficio de Avogado do Reino de Galicia.

58 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 154-156.

59 Id., f. 270.

60 Id., ff. 258-270.

61 Id., ff. 195r-203r.

62 Cf. Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *o.c.*, I, p. 35 e outras.

Pero o seu traslado ás terras galegas non o faría desistir da conservación do patrimonio foráneo ós lindes galegos. Polo ano 1565 (sendo 30 de maio) estaría nomeando ó salmantino André Alonso para que reclamase e recadase as rendas daqueles que levaban os seus bens na vila de Paredes, patrimonio que se elevaba a cincuenta mil maravedís de débeda, vintecatro mil de renda anual, trinta e tres mil polos herdos da vila de Villalón, etc.

Fillo e sucesor de D. Pedro e D^a. Leonor sería o doutor e avogado da Real Audiencia do Reino de Galicia D. Alonso González de Cisneros, quen xunto coa súa muller D^a. Maior Pérez de Monreal e Moscoso⁶³ serían posuidores do morgado da casa urbana do Preguntoiro (Santiago) e doutras máis na Praza do Campo (suxeitas a vínculo dende o 28 de abril de 1551)⁶⁴. A estes persoeiros e ós seus sucesores en 1541, por medio dun convenio, concederíalle o bispo mindoniense Frei Pedro Maldonado (1559-1566) –cando aínda non fora preconizado prelado e si xa estaba á fronte da gardanía de S. Francisco de Santiago–, unha das antigas capelas inclusas no interior daquel templo conventual, a cal se atopaba en malas condicións dende facía moitos anos; lugar pío que a partir daquel momento escollería esta familia como recinto para repousalas cinzas dos seus membros, esculpi-los brasóns armeiros das súas tumbas e demostra-lo seu estado de preponderancia social e económica. Elixirían a Sto. Ildefonso por patrocinio desa capelanía⁶⁵. Advocación de enorme tradición nesta liñaxe: o mesmo cardeal Francisco Ximénez de Cisneros (o fundador e mecenas da Universidade de Alcalá de Henares), de quen presumían ser parentes estes Cisneros que fixeron asentado en Galicia, igualmente tivo entre as súas predilectas devocións ó

63 Vid. AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 17-L, ano 1687, cartapacio (dende agora cartp.) de Santiago, *Noticia sobre os vínculos que na cidade de Compostela posuía a familia dos Cisneros*. Recoméndase, igualmente, consulta-la árbore xenealóxica 2 que publicamos ó final destas investigacións.

64 Neste documento de 1551 obrigaba que todo sucesor do vínculo “lleben el apellido Zisneros, y las Armas del dicho linaje, y las de Mayor de Monreal”. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 212r-213v.

65 M. R. PAZOS, *El Episcopado Gallego a la luz de documentos romanos*, III: “Obispos de Lugo y Mondoñedo (1539-1839 y 1550-1839)”, (Madrid 1946), pp. 312-313.

bispo-santo toledano⁶⁶. Pregonando e publicitando así o seu “hipotético” parentesco con dignatario eclesiástico tal, con aquel que logo da morte da raíña D^a. Isabel “A Católica” *tuvo gran mano con el Rei Don Fernando en el gobierno dos estados hispánicos*⁶⁷, a fama a estoutros galegos víñalles efectivamente servida en bandexa de prata.

Xa residindo plena e definitivamente en Galicia Alonso González de Cisneros e Maior Pérez Monreal, persistirían na merca de propiedades nas terras salmantinas, intentando non desvincularse aínda do substrato vital das súas orixes. Concretamente, a 4 de abril de 1542, por catrocentos oitenta ducados axustarían a adquisición (e posterior hipoteca ou censo, para conseguir uns réditos anuais de mil maravedís), de varias casas na vila de Villalón, cabalerías de eguas, conxuntos de baceiros e explotacións vitivinícolas, agrupacións de casais, lugares, e outros edificios máis “en el cuarto del Castillo” de Villalón, “con su cueba y tres cubas medianas”.

Do matrimonio Cisneros-Monreal nacerían: o avogado Pedro de Cisneros⁶⁸, André de Cisneros, Antón González de Cisneros e Francisco Monreal (cóengos estes dous últimos da S.A.M.I. de Santiago), Xusta, o doutor e rexedor compostelán D. Alonso González de Cisneros (1596-1600)⁶⁹, María, Filipa e Ánxela de Cisneros (monxas as tres). D. Alonso, o patrucio da casa, que

66 Indiquemos aquí que no baixorrelevo marmóreo que se conserva na Universidade Central de Madrid coa efixie do mentado Cardeal Cisneros distínguese, no seu pectoral, a representación da Virxe María ofrecéndolle a Sto. Ildefonso unha fermosa casula bordada, agasallo pola devoción que lle tiña.

67 Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *Armas y triunfos; hechos heroicos de los Hijos de Galicia*, II (Madrid 1662), p. 437. Cf. tamén con G. SARMIENTO GIL, ‘Memorial dirigido á S.M. por D. Juan Antonio de Cisneros suplicando la concesión de titulo de Castilla’, en BRAG (*Boletín de la Real Academia Gallega*), III (A Coruña 1910), pp. 39. Sobre algunhas reflexións que poden derivar desde documento, publicado por G. Sarmiento Gil, consúltese P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, ‘A vida cotiá da fidalguía pacega’, en *V e VI Semanas Galegas de Historia: Morte e Sociedade no noroeste peninsular. Un percorrido pola Galicia cotiá* (1998), pp. 379-380.

68 D. Pedro foi marido de D^a. Violante Enríquez de Cadórniga.

69 M^a. LÓPEZ DÍAZ, *El Gobierno y Hacienda Municipales. Los Concejos de Santiago y Lugo en los siglos XVI y XVII* (Lugo 1994), pp. 94, 292 e 297.

faría testamento o 4 de decembro de 1565 segundo consta na información extraída do APM, logo da morte da súa muller Maior Pérez de Monreal, chegaría a ser, revestindo hábitos eclesiásticos, Arcediago da Igrexa de Santiago⁷⁰.

Continúa a liña sucesoria co rexedor compostelán e Alcalde (1582) D. André de Cisneros, marido de D^a. María González Falcón (sobriña en alto grao daquel bispo de Trípoli do cal tratamos liñas arriba)⁷¹. Recadador dos bens deste matrimonio, e herdeiro dos procedentes de D. Francisco de Monreal en S. Miguel de Sarandón, sería o seu fillo o licenciado D. Pedro González de Cisneros, co que chegamos á unión das árbores xenealóxicas de Ximonde e Maíndo.



O Cardeal D. Francisco Ximénez de Cisneros, fundador da Universidade de Alcalá de Henares (recreación do autor)

70 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 213v.

O licenciado D. André, o Arcediago e Cóengo de Santiago D. Antón e D^a. María de Cisneros serían os retantes compoñentes da proxenie de André Cisneros e María González Falcón.

5. *Rexedores e alcaldes de Santiago*

Tratando agora a propia persoa de D. Pedro González de Cisneros, co que se fai o nó permanente das casas de Maíndo e Ximonde, foron sobresaíntes os seus cargos como Rexedor de Santiago de Compostela (1573-1596), letrado asalariado en 1587 e Alcalde Ordinario da mesma cidade nos anos 1603 e 1607⁷². Era el, ademais, herdeiro daquel vínculo e morgado que fundaran en 1551 os seus avós paternos (Alonso González de Cisneros e D^a. Maior Pérez de Monreal), tal e como se comproba no seguinte documento que extractamos e puidemos reconstruír:

“(…) vínculo [y maiorasgo] que fundo el dicho *don Alonso Gonçalez de Sisneros y doña* [Maior Peres] de Monreal (...) porque abincularon [todos sus vienes segun] escritura que auian otorgado en el año pasado de mill quientos y cinquenta y uno, con las clausulas de binculo y perpetuidad [segun los] fueros destes reinos de Hespaña, y llamamientos echos al primer hixo maior en dias [sin que] la aia tenido el testigo que dicho *don Alonso Gonçalez de Sisneros y Maior Perez de Monterreal* vbiese quedado ni fincado hixo que pudiese heredar dichos vienes de vinculo y agregacion, sino solo el primer hixo maior de los sobredichos y sus deçendientes por la mesma orden”⁷³.

Ademais, este D. Pedro González de Cisneros –e non o seu homónimo tío–, sería quen de realizar en 1586 unha agregación a este vínculo e morgado a partir da compra e adquisición dun “juro de cuantia de marabedis de renta en los reales alfolies de la sal deste Reino”⁷⁴; e a 22 de maio de 1609, consigue unha Real

71 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *o.c.*, p. 711.

72 M^a. LÓPEZ DÍAZ, *o.c.*, pp. 86, 94, 291, 297, 302, 304, 316, 336 e 371.

73 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 17-L, ano 1687, cartp. de Santiago, *Noticia sobre os vínculos que na cidade de Compostela posuía a familia dos Cisneros*.

74 Id. Neste documento hai un dato erróneo, a confusión entre dous parentes homónimos chamados Pedro González de Cisneros, sendo sobriño e tío respectivamente.

Cédula para poder vende-los bens que a el lle recaeran dos seus antepasados na vila salmantina de Villalón, so pretexto de mercar outros novos –na provincia de Santiago–, para agregalos ó morgado que fundaran os citados seus avós⁷⁵. Anos máis tarde, concretamente a 3 de maio de 1615, xa estaba a pronuncia-las súas últimas vontades ante Gabriel Romero⁷⁶.

Sobre a súa muller, D^a. Apolonia, non conservamos moitas máis notas biográficas, tan só si para rematar que foi sepultada no interior do mosteiro dos dominicos de Santiago, onde os da súa liñaxe tiñan por costume de se depositar⁷⁷. Chegado o momento do seu óbito, morría non só con ela o seu precedoiro corpo, senón, ademais, o apelido principal da casa de Maíndo. Reino debía substituírse por Cisneros, apelido que, tal vez tamén por terse arrolado nun berce de fóra das lindes galegas, cría posuír maior e mellor soleira –e podía selo–. Aló quedaba aquela fachenda de ser os deste solar de Veá descendentes dos representantes das torres de Reino (Sta. de Trasmonte, Ames), achegados dos señores das torres de Riobó (as que logo se chamarían da Penela) e parentes dos que fixeron habitación na torre do Monte (Padrón)⁷⁸.

Do matrimonio de D^a. Apolonia con D. Pedro consta que quedou unha proxenie constituída por catro fillos: D. Bernaldino (a quen lle quedarían os vínculos e morgados), D. Antón (nado o 21 de xuño de 1606, Cóengo da Igrexa Metropolitana de Santiago), o licenciado D. Pedro e D^a. Catarina de Cisneros (que chegou ó

75 Id., ff. 14r-16r e 212v.


76 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 209r-210r.

77 P. PÉREZ COSTANTI, *Linaxes Galicianas* (edic. de E. Pardo de Guevara y Valdés, Santiago 1998), pp. 192-193.

78 Que conste que dende os señores da torre de Reino continuaríase transmitindo o apelido dende o S. XV ata, como mínimo, finais do XVIII polo que sería a ponla principal dos señores da Torre de Lanzós (Sta. María de Cela, Bueu). Xa no ano 1786 procedía como titular desta residencia D. Pedro Antón de *Reyno* Lanzós Bermúdez de Castro e Guisamonde León Osorio Villardefrancos Berbetoros Pita da Veiga e Losada (dono ademais do pazo e torre de *Sandrenso*), que desempeñou o cargo militar de Primeiro Xefe e Comandante “de la gente armada de el Partido de Puebla del Dean”, e o administrativo de “rexidor perpetuo y alcalde mas antiguo de la villa de Noya”.

mundo o 30 de novembro de 1604, e dotada a 23-XI-1620 para casarse co lucense D. Diego de Rivera Saavedra Cotón e Soutomaio⁷⁹, do señorío e pazo de Santiago de Trasmonte, nas terras de Friol⁸⁰).

(líña 9) *Bernaldino González de Cisneros e Castro e Valentina de Mendoza Guevara e Moscoso*



Armas do mausoleo do arcebispo D. Xoán Beltrán de Guevara (apunte do autor)

Sucesor de D. Pedro González de Cisneros e D^a. Apolonia Suárez de Castro e Reino sería aquel D. Bernaldino González de Cisneros e Castro que chegou ó mundo no ano 1601. Entre outros méritos e cargos que ocuparía este persoeiro resaltarémo-los seguintes: estar á fronte dunha rexeduría na cidade de Compostela

79 A. FRAGUAS FRAGUAS, *O Colexio de Fonseca* (Santiago 1995), pp. 401-402. D. Diego Ribera Saavedra era fillo de Alonso López Saavedra e Ana de Soutomaio. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 219r.

80 Id.

(1634-1647)⁸¹, ser Alcalde da mesma urbe⁸², Deputado da cidade e provincia de Santiago nas Xuntas do Reino de Galicia (outubro de 1636)⁸³, e titular dunha familiatura do Santo Oficio dende 1641⁸⁴ –chegando a conseguir, parece ser, o cargo de frade do mesmo organismo inquisitorial–.

Uniríase –*in facie ecclesiae*– con D^a. Valentina de Guevara Mendoza e Moscoso (descendente dos solares de Casarrante e Casaherrera, nas terras de Badajoz), da cal, en breve, para pres-tarlle a importancia debida, reconstruiremos a árbore xenealóxica da súa nobre raizame.

A calidade e capacidade económica de D. Bernaldino non só se contempla polo exercicio na administración pública; cando ante Domingos Vázquez Sobreira pronuncia as súas últimas vontades, a 22 de novembro de 1652⁸⁵, volve a ratifica-la solvencia do seu peto. Nas súas mandas indicaba que, sendo presbítero e fregués de Sta. María Salomé (Santiago) e deixando a obriga de celebrárselle máis de seiscentas misas pola súa ánima e as dos seus devanceiros, o soterrasen na capela de Sto. Ildefonso, que se acubillaba no con-vento dos franciscanos da referida cidade, ó carón da súa consorte –que por aquel entón xa gozaba de Deus–, e baixo o seu armeiro brasón⁸⁶. A vigorosa opulencia faise á vez tanxible ó ve-la posibili-

81 Vid. AHDS, FX, Xurisdiccional, atd. 61, “Reximento” número 15. O título outorgaríallo o cardeal e arcebispo de Santiago D. Agustín de Spínola.

82 M^a. LÓPEZ DÍAZ, *o.c.*, p. 298, 316.

83 Dous anos antes, 1634, D. Bernaldino estaba en preito, por determinados bens, co escribán numerario de Santiago D. Xoán Rodríguez de Leira. Consúltese, a este respecto, AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 17-O, cartp. de Santiago.

84 VV.AA. *Actas de las Juntas del Reino de Galicia*, 5 (dir. edic. A. Eiras Roel, Santiago 1995), p. 1070.

85 AHUS (Arquivo Histórico Universitario de Santiago), Protocolos, Domingos Vázquez Sobreira, Protoc. 1492, ano 1652, ff. 80r-89r.

86 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, p. 233. No documento orixinal, e nesa manda testamentaria, deixa indicado o desexo expreso de que o enterrasen coas vestiduras seráficas de S. Francisco e por enriba delas as de presbítero, e que a sepultura a tomase, segundo as súas propias palabras, “en mi capilla de San Ildefonso que tengo en el convento de San Francisco de esta ciudad, junto con mi muger, con quien estube casado legitimamente, que es una de las dos sepulturas que estan abajo de la peana del altar mayor de dicha capilla y tiene vn escudo de mis armas”. AHUS, Protocolos, Domingos Vázquez Sobreira, Protoc. 1492, ano 1652, f. 80r.

dade de ser soterrado, indistintamente, nalgunha das capelas de prestixiosos mosteiros, conventos ou igrexas parroquiais do contorno compostelán. Recordemos, efectivamente, a oportunidade que se lle ofrecía tanto no templo conventual dos predicadores de S. Domingos de Santiago (anteriormente na capela vella do Rosario e na actualidade na do Santo Cristo), como na igrexa dos terciarios franciscanos da mesma urbe apostólica (na capela de Sto. Ildefonso). Ascendentes achegados seus igualmente a tiveran no convento de Sta. María a Nova de Santiago, na igrexa de Sta. María dos Baños de Caldas de Cuntis (na capelanía de S. Miguel arcánxo), no edificio parroquial de Sta. María de Couso e no convento dominical de Pontevedra —onde xacían os restos de Constanza López (de Cadro)—⁸⁷; situación esta que lle asignaba a D. Bernaldino, tal vez tamén, abertas posibilidades de sepultura. Sobre o de S. Domingos de Santiago comentaba o mentado representante dos Cisneros que:

“Yten digo que en el conuento de Santo Domingo desta ciudad tengo enterrado a Rodrigo Suarez de Castro y D^a. Ysael de Ribera, mis abuelos maternos, y a D^a. Polonia de Castro, mi madre, junto con dicho Rodrigo Suarez en vn nuebo que esta oy en la sacristia y capilla bieja que fue del Rosario, el qual nuebo esta justo a la capilla del Santisimo Cripsto y yo, por acer seruico a dicha cofradia del Rosario lo deje quitar de alli porque sin quitarse no se podia abril a puerta, con que me lo pusiesen el primero en dicha capilla del rosario como lo hicieron, por el qual nuebo pagaua cada ano seis ferrados de centeno al conuento, y como se cayo la capilla y mi nicho quedo metido detras de vna puerta sin la dececia que su antiguedad pedia, me aobstube de pagar al conuento la pension de dichos seis ferrados de centeno, diciendo que quando le pusiesen en parte decente o en la capilla nueua del Rosario pagaria la dicha pesion y no sirbiese el nicho de poner en el atriles, candeleros y del seruicio de la yglesia (...)”.

87 A segunda muller de Roi Suárez de Reino (I), vid. H. PICALLO FUENTES, ‘Maíndo...’, pp. 205-209 e 246. Explicanos C. Manso Porto que no convento dos dominicos de Pontevedra, entre os enterramentos de escudeiros e os seus familiares e de emprazamento incerto, xacía o de “Constanza López de Cadro (1477), viuda de Ruy Suárez de Reino, y de su hija Teresa López”. Cf. C. MANSO PORTO, *Arte Gótico en Galicia: Los Dominicos*, II (A Coruña 1993), pp. 518 e 536.

Igualmente nestas últimas vontades, apuntaba D. Bernaldino, que da súa muller quedara outra filla; a cal estaba, por aquelas alturas, vivindo no Colexio das Orfas e levaba por nome Aldonza de Cisneros Castro e Mendoza, aquela que sería a futura muller do seu curmán D. Antón Saavedra Cisneros e Soutomaior (natural de Trasmonte, nas terras lucenses de Friol⁸⁸, e fillo de D. Diego de Rivera Saavedra Cotón e Soutomaior e D^a. Catarina de Cisneros⁸⁹).

No que toca concretamente ó pazo de Maíndo e ás súas propiedades, segundo as cláusulas testamentarias, indicábase que durante longo tempo e grande acerto as estivera coidando Antonia de Maíndo (a cal sería muller, por ese ano de 1652, de Alonso de Bentrón). Continuando co explicado no documento advírtese asemade que, a razón das rendas que no seu nome cobrara o mentado Bentrón, se recadaba anualmente polos bens da freguesía de Sta. María de Couso e a “súa comarca”, ademais da venta de viño e outras vianda, unha contía de gran que podía supera-los “seiscientos ferrados de centeno y mas de trescientos de mijo y algunos de trigo (...)”⁹⁰.

Logo de analizar, *grosso modo*, o seu testamento e dar conta dalgunhas das súas propiedades, cómpre subliñar que D. Bernaldino sería posuidor, outrosí, dunha casa grande⁹¹ sita na praza de S. Miguel dos Agros; edificio que llo concedera en arrendo a 25 de xuño de 1650, e durante un período de catro anos, ó Alguacil Maior do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia D. Antón de Lamas e Soutomaior⁹². Gardaba igualmente entre os outros inmobles urbanos, herdados pola súa condición de vinculeiro do fogar dos Cisneros, aqueloutra casa

88 Sobre o pazo de Trasmonte consúltese: A. B. YEBRA de ARES, *Pazos y Señoríos de la Provincia de Lugo*, I (Salamanca 2000), pp. 211-214.

89 A. FRAGUAS FRAGUAS, *o.c.*, p. 402.

90 AHUS, Protocolos, Domingos Vázquez Sobreira, Protoc. 1492, ano 1652, ff. 80r-89r.

91 Limitaba esta casa pola súa parte de arriba coa casa do racioneiro D. Xoán Sanxurxo Montenegro e pola de abaixo cunha casa do Colexio *Sancti Spiritus* e outra da confraría de Nosa Señora da Concepción.

92 AHUS, Protocolos, D. Bartolomeu Rodríguez de Otero, ano 1657, ff. 20v-22 v.

grande localizada na rúa da Acibechería (da que, *ut supra*, fixemos memoria)⁹³.

Pero, como deixamos prometido, rememoremos agora a magnitude do connubio establecido entre D. Bernaldino e D^a. Valentina de Mendoza Guevara e Moscoso.


6. O enlace cos solares pacenses de Casarrante e Casaherrera: Proxenitores de D. Xoán Beltrán de Guevara

Achegar neste momento un esquema xenealóxico sobre a liñaxe dos Moscoso estremeños é por varias razóns importante, aínda que sobresaie polo feito de ser este o tronco proxenitor do arcebispo compostelán D. Xoán Beltrán de Guevara (1615-1622) e do seu parente e bispo auxiliar (1616-1629) D. Fernando de Vera Becerra –bispo ademais de Cuzco e electo metropolitano de Lima, días antes de acaecer-lo seu pasamento en 1639—⁹⁴.

Conforme ós datos que posuímos, temos que comeza-lo derramado familiar en tempos de Henrique IV (1454-1474), cando á batalla de Xibraltar acode o primeiro membro coñecido desta casa dos Moscoso: chamábase Sueiro Vázquez de Moscoso (I), e foi o marido de Francisca de Ribera.

93 Id., ano 1650, *Arrendo de D. Bernaldino de Cisneros a D. Antón de Lamas Soutomaior*, f. 36. Esta casa aparece nun documento no que intervéñ o seu fillo primoxénito D. Antón de Cisneros e Mendoza (“como erehero y legitimo subcessor en los binculos y mayorasgos que fundaron el doctor Alonso Gonzales de Cisneros y Mayor Peres de Monrreal, su muger; y de los bienes que a ellos agregaron Antonio Gonzales de Cisneros y Francisco Monrreal, sus hijos, y dona Maria de Cisneros, sobrina de los sobredichos, y la del doctor Andres de Cisneros”) cos cregos da Confraría da Concepción de Santiago.

94 Fr. Filipe de la Gándara indícanos que D. Fernando de Vera Becerra alcanzou cargos tan importantes como o de “Calificador de la Suprema Inquisición”, estado no que se atopaba cando “el ilustrissimo Don Iuan Beltran de Guevara, Arçobispo de Santiago, siendo Presidente del Consejo de Italia, pidiò a su Magestad el Rei Don Felipe Tercero, lo propusiese a su Santidad par Obispo Sufraganeo suio, con el titulo de Obispo de Bugía”. Engadirá o Padre Gándara: “Gouernò aquel Arçobispado con gran prudencia, i singular discrecion (...) Obtuo en aquella Santa i Apostolica Iglesia la Dignidad de Cardenal maior. Della saliò para Arçobispo de Santo Domingo, Primado de las Indias; i de este Arçobispado, para Obispo de Cuzco, i muriò electo Arçobispo de Lima”. Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *o.c.*, II, pp. 360-361.



Armas dos Figueroa, Mendoza, Ribera e Soutomaior, así como as dos Moscoso, Mendoza (igualmente), Guevara e Silva (morgados de Casarrante e Casaherrera, APM)

Do matrimonio fará sucesión Alonso Sánchez de Figueroa e Moscoso, que decidirá casarse con Cecilia Vázquez de Mendoza (a fundadora dos morgados de Casarrante e Casaherrera no ano 1535, nas terras de Badajoz).

Continuará na liña de herdanzas patrimoniais o rexedor pacense D. Sueiro Vázquez de Moscoso (II), que será o marido de D^a. Isabel Becerra (filla de Hernán Becerra e Constanza Ribera). Que coñezamos, do connubio nacerán dous fillos. Un deles, Hernando Becerra Moscoso (que casaría con D^a. Tareixa de Albarado Mesía⁹⁵), será Alférez Maior e Cabeza de Bando da

95 Id., II, pp. 358-361. Esta era filla de Alonso Mejía de Albarado e de María de Tobar de la Rocha. De Hernando e Tareixa nacería D^a. Leonor Becerra Moscoso (muller do señor de Torrenegra D. Fernando de Vera e Bargas, alcumado "Cabeza de Hierro"); e desta á súa

mesma cidade estremeña; o outro, chamado Alonso de Mendoza (I), tomaría o hábito dos Cabaleiros de Santiago e contraería nupcias con Ana de Cárdenas.

A irmá do arcebispo compostelá D. Xoán Beltrán de Guevara, coñecida polo nome de Isabel de Guevara, continuará a xenealoxía deste último enlace (Mendoza-Cárdenas). O 29 de decembro de 1619, ante Francisco Suárez de Ocampo (Cóengo da S.A.M.I. de Santiago), celebrarían D^a. Isabel os seus desposorios con D. Sueiro Vázquez de Moscoso (III)⁹⁶. Aténdase aquí, paralelamente, un aspecto que pode resultar curioso e digno de facer mención: o retorno ó reino galego de magnates da nobreza estremeña que portaban apelidos de egrexias liñaxes galegas. Noutras verbas, algúns dos apelidos dos que se gababan estes aristócratas pacense foron, antano, de solar galego primitivo; nótese así nos de Figueroa (de quen procede o Ducado de Feria), Becerra (con primeiro asento na casa galega de Nebra) e Moscoso (que foron señores e Condes de Altamira, dentro da arquidiocese compostelá).

Das nupcias dos mentados D^a. Isabel e D. Sueiro, e deixando atrás esta interrupción, nacería Alonso de Mendoza (II) e Guevara, aquel que lle entregaría as arras a Aldonza de Silva e Mendoza (irmán de Vasco de Silva e fillos, ámbolos dous, de Pedro de Mendoza e Catarina de Silva, procedentes tal vez das terras de Jerez de los Caballeros).

Tres fillos, segundo as nosas noticias, quedaron de Alonso e Aldonza: D^a. Xacinta de Mendoza e Silva, D. Pedro Mendoza e Guevara (Mestre de Campo dun Tercio de Infantería Española)⁹⁷

vez o Ilustrísimo Señor da Orde de Sto. Agostiño D. Fernando de Vera Becerra (Bispo de Cuzco, electo Arcebispo de Lima e falecido en 1639).

96 APM, redacción da árbore xenealóxica da liñaxe dos Mendozas. Nela indícase: "Árbol de la casa de los Mendozas y Moscosos de Badajoz, señor del maiorazgo de Casarrante y Casa Herrera que fundò la señora Cesilia Vazquez de Mendoza, con facultad de la señora reina doña Juana y del señor emperador Carlos 5º, año de 1535, asimesmo dueños de las capillas: una en San Juan de Badajoz, y otra en Sta. M^a. de Encruda, y sus capellanias ante Rodrigo de Leon, escribano de Montijo, a 20 de abril de 1535".

97 Deste D. Pedro foron fillos: Fr. Pedro de Mendoza (da Orde de Santo Agostiño e Cualificador do Santo Oficio) e García Mendoza e Moscoso (cabaleiro de Santiago e herdeiro do morgado de Casarrante e Casaherrera).

e D^a. Valentina de Guevara Mendoza e Moscoso (muller de D. Bernaldino González de Cisneros e Castro). Con esta última regresamos ó tronco dos señores de Maíndo e Ximonde.

(liña 10) *Antón de Cisneros Mendoza e Guevara e Xoana Bernalda de Figueroa e Castro*

Como continuador dos vínculos e morgados de D. Bernaldino González de Cisneros e Castro preséntase agora o seu fillo D. Antón de Cisneros Mendoza e Guevara, nado na freguesía de S. Fiz de Solovio de Santiago o 20 de setembro de 1622⁹⁸. Ó igual que o seu maior, actuará na administración pública compostelá como rexedor (1647-1673)⁹⁹, a máis de ser designado alcalde ordinario en 1653¹⁰⁰. Pero estes non foron os seus únicos excelsos contactos co exercicio burocrático; para asistir ás Xuntas do Reino de Galicia, ás que unicamente se nomeaba un representante por cadansúa cidade, foi escollido D. Antón como Deputado da urbe e provincia compostelá naquela ocasión na que se anuncia a convocatoria nas Casas do Concello da vila de Pontevedra (do 28 de xuño ó 6 de xullo de 1660); mais con todo non concorreu a estas soas, igualmente así o fixera nos chamamentos de 1649 e 1650¹⁰¹. Asistencia pola que, por ser tarefa administrativa, non se traballaba de balde, cada deputado recibía unha remuneración (de acordo cos criterios estipulados –*ex lege*– nas Cortes Xerais), en relación ós desprazamentos que debían efectuar. Por este motivo a D. Antón éralle de salario, a razón de 1000 marabedís diarios, a cantidade de 16000 da mesma moeda no ano 1660¹⁰².

Contraería nupcias con D^a. Xoana Bernalda de Figueroa e Castro, dama dunha importante liñaxe tamén asentada en

98 AHDS, Fondo Parroquial (dende agora FP), S. Fiz de Solovio, Libro Sacramental I.

99 Neste último ano cesaría no seu oficio municipal en favor de D. Alonso Basanta e Luaces. Cf. AHDS, FX, Xurisdiccional, atd. 61, “Reximento” número 15.

100 M^a. LÓPEZ DÍAZ, *o.c.*, pp. 293, 298, 308, 317, 347 e 354.

101 *Id.*, p. 354. Consúltese tamén E. FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción*, II (Madrid 1962), pp. 13 e 60-61.

102 E. FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, *o.c.*, II, pp. 144-149.

Compostela¹⁰³; concretamente era filla de D. Xoán de Figueroa e de D^a. Xacinta de Castro. A partir deste matrimonio incorpóranse simultaneamente a Maíndo e Ximonde –ata o de agora verdadeiros estandartes e pendóns do poder familiar– outras dotacións e regalías non menos importantes: as xurisdiccións da casa e torre de Anzobre¹⁰⁴ e a fortaleza de Mirón (ambas nas freguesías de S. Pedro de Armentón e Sto. Estevo de Larín, respectivamente, na xeografía de Arteixo) e a casa-granxa de Bergondo (nas terras do seu mesmo nome e na parroquia de Sto. Estevo)¹⁰⁵. Causa debeu ser esta pola que D. Antón de Cisneros e Mendoza foi chamado “señor de la Casa de Cillobre¹⁰⁶” –en palabras de Fr. Filipe de la Gándara e Ulloa–, naqueles días nos que o Marqués de Viana, e como Capitán Xeneral de rango, facía chamamento a tódolos cabaleiros fidalgos das sete provincias de Galicia para que avanzasen canda el na invasión das terras lusas (asedio que principiaría a 8 de setembro de 1658)¹⁰⁷.

Deducimos, con esta afirmación, que tal fidalgo era o mesmo do que nos estamos a referir, posto que Cillobre era a denominación que se lle deu ás torre localizadas na parroquia de Sta. María de Torás (no concello da Laracha), as cales en tempos moito máis pretéritos foran do señorío da xinea dos Mariñas¹⁰⁸. Outras dotacións, bens mobles, inmobles, raíces e proizosos caudais ían

103 Sobre a orixe da liñaxe dos Figueroa consúltese: V. de APONTE, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* (Santiago edic. de 1986, coord. M. C. Díaz y Díaz e outros), pp. 119-121.

104 Este último edificio, que posúe unha capela, localizou antigamente nesta última edificación unha pequena fonte co escudo de armas representativo da liñaxe dos Figueroa (2-XII-1634): “Ytem que su madre mandò su adrezo de albar, plata y ornamento a la dicha capilla de Anzobre, que está dentro del jardin de la casa, y le quitaron una fuentecilla dorada, con las armas de los Figueroas (...)”. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 132v-133r. No ano 1734 D. Antón Ramón Cisneros pedíralle ó provisor de Santiago que lle dese facultades para poder levantar unha capela ó carón da casa de Anzobre, xa que a anterior xacía arruinada. Id., ff. 144v-145r.

105 Vid. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 56, 69v, 75 e 114v.

106 Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *o.c.*, II, pp. 638-640.

107 E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *La Galicia de los Austrias*, II (A Coruña 1981), pp. 329-342.

108 Vid. J. GARCÍA ORO, *Galicia en los siglos XIV y XV*, II (Pontevedra 1987), p. 211; Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *o.c.*, II, pp. 426; e tamén Á. del CASTILLO LÓPEZ, *Inventario Monumental y Artístico de Galicia* (A Coruña 1987), p. 130.

acompañados intimamente a estas edificacións militares, ingresando como consecuencia no suculento banquete posesorio dos Cisneros. Temos constancia, igualmente, que tanto Cillobre como Mirón conformáronse, antigamente, como dúas importantes fortalezas medievais, e que nas décadas nas que se prolongaron as prelaturas dos mitrados da estirpe dos Fonseca xacían derrocadas e desfeitas a raíz dos acontecementos acaecidos, décadas atrás, cando o levantamento irmandiño¹⁰⁹.

7. Agregación da Casa de Anzobre, a Fortaleza de Mirón e o Pazo de Bergondo: Quod abundat non nocet

A excelsa importancia de Mirón e Anzobre non radicaba simplemente na antigüidade en si do edificio, senón tamén no vetusto avoengo da liñaxe residente; a este respecto basta rele-las notas histórico-biográficas dos seus posuidores.

Pola primeira metade do S. XVI dominaba o couto de Mirón (“con su renta, vasallaje y jurisdicion”¹¹⁰) D. Gonzalo Barba de Figueroa (fillo de Inés Yáñez e sobriño de D^a. Aldonza Gómez de Figueroa), o cal testaría a 25 de febreiro de 1540 indicando que o sepultasen na parroquial de S. Pedro de Armentón. Estaría casado con D^a. Constanza Paez Bermúdez de Castro e Rioboo (natural, segundo parece ser, de S. Martiño de Riobó, e patroa dos beneficios curados de S. Xenxo de Entrecruces e “Sta. Cristina” de Anxeriz, ambos localizados, respectivamente, en Carballo e Tordoia)¹¹¹.

A liña sucesoria dos seus señoríos recaería, posteriormente, en Sancho de Coiro Figueroa, “señor del coto de Miron y Anzobre,

109 Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, *o.c.*, II, p. 428. Nesta páxina dise: “Fue este dicho testigo preguntado por el dicho señor Liçenciado Simon Rodriguez (...) y por la primera dellas dixo (...) no a visto ni oido dezir que las dichas fortalezas que dixo abia visto derrocar a la dicha hermandad se ubiesen tornado hazer de nuevo ni rehedificar porque las be oi día estar derrocadas y en el suelo que son Obroço e Çellobre e Miron e Motrin (...)”.

110 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 44r-45v. Nunha das mandas testamentarias deste Gonzalo Barba expresamente deixa ordenado que todo aquel que herde as súas propiedades, “siendo de sus hijos y linage, se apellide o llame de los Coyro e Figueroa, e no lo haciendo el sucesor, y por el mismo caso, pierda la mejora, y se pase al otro que descendiese”.

111 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 30v.

Maestre Sala del Exmo. Señor Marques de Sarria, enbajador de S. M. a la corte Romana, que murio en el estado zelibato¹¹². No seu testamento, redactado “naquela Cidade das Sete Colinas” a 27 de xullo de 1555, deixaba como herdeiro para sempre ó seu irmán o licenciado e Alcalde Maior do Condado de Altamira¹¹³ Gómez Suárez de Figueroa (descendente, como aqueloutro, dos Suárez Figueroa da torre de Peito Bordel¹¹⁴). Este último contraería nupcias con D^a. Xusta de Cisneros; conxuxes que, esporendo a súa reputada fama, serían cualificados como: “moi ricos e poderosos” quen “coas súas facendas sustentaban moitos pobres desta terra e asistíanos nas súas enfermidades, eran moi caritativos e uns santos, tódolos pobres choraban por eles, pois nunca os tiranizaran¹¹⁵”.

Entre outras propiedades de recente adquisición por este último matrimonio (a razón dunha escritura de compra do 9 de xuño de 1577), destacará a metade enteiramente do lugar, casa e torre das Cernadas: “segun están levantadas y edificadas con sus territorios, piedra, teja y madera, entradas y salidas, guertas y naranjos”; herdade sita en “Sta. María de Oza¹¹⁶”.

O titular anterior dos referidos coutos (D. Gómez) faría testamento no ano 1604, onde ordenaba que lle desen sepultura na súa propia capela da parroquial de S. Pedro de Armentón, e que “en ella se le diga en el dia sabado de cada semana una misa rezada¹¹⁷”. Nomearía como sucesor ó seu fillo D. Francisco de Figueroa, marido de D^a. Luísa Bermúdez Saavedra e Castro

112 AHDS, Provisorado, Beneficial, cax. A-8.

113 Aparece denominado como Alcalde Maior dese condado nun documento de 20 de setembro de 1585. APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 14r.

114 A. FRAGUAS FRAGUAS, *o.c.*, pp. 317-319. Este solar medieval de Peito Bordel (*Peito Bordello*), foi do señorío de Xácome Reimóndez de Figueroa polas últimas décadas do S. XV, posuidor que tamén sería do couto de Bergondo. Cf. Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *o.c.*, II, p. 390.

115 Id., p. 318.

116 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 47r-48r. Nesta parroquia de Sta. M^a. de Oza, segundo outra documentación, existiu o “Castillo de Balparaiso”. Id., f. 49r-v.

117 AHDS, Provisorado, Beneficial, cax. A-8.

(nada do matrimonio do rexedor compostelán D. Domingos Bermúdez Santiso Saavedra con D^a. María Fernández Pillada Patiño)¹¹⁸.

A D. Francisco herdaríao D. Xoán Figueroa e Bermúdez, o seu primoxénito, Capitán de Infantería, Cabo do distrito de Bergantiños¹¹⁹ e rexedor da cidade de Santiago (1623-1634)¹²⁰; o cal testaría o 2 de setembro de 1634. Contraería matrimonio con D^a. Xacinta de Castro, descendente dunha ponla da casa condal de Lemos e dos señores de Neda e Trasancos (eran os seus pais D. Antón de Castro Osorio e Tobar e D^a. Antonia Clara de Neira e Balboa¹²¹). Como vinculeira de D. Xoán e D^a. Xacinta maniféstase a súa filla D^a. Xoana Bernalda de Figueroa e Castro, aquela que se uniría sacramentalmente con D. Antón de Cisneros, cos que proseguimos o afondamento histórico-xenealóxico do tronco principal e matriz destas investigacións.

Continuando logo entón co tema central, tornamos de novo ás casas de Ximonde e Maíndo, das cales podemos indicar que serían descendentes delas, polo proveitoso “consorcio” de D.

118 APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, ff. 31v-32r.

119 Id., árbore xenealóxica n. 15, liñaxe dos Barba de Figueroa.

120 Vid. AHDS, FX, Xurisdiccional, atd. 61, “Reximento” número 15. D. Xoán de Figueroa (que accedera á rexiduría da cidade de Santiago por renuncia en 1623 de D. Alonso Gato Patiño), abdicaría o cargo de rexedor municipal, en 1634, no seu consogro D. Bernaldino González de Cisneros e Castro.

121 Algún documento declara que esta D^a. Antonia Clara de Neira e Balboa era señora da casa de Neira. Indiquemos tamén aquí que na escritura que realizou o matrimonio Castro-Neira para dotar á súa filla D^a. Antonia, que se pretendía casar co citado D. Xoán de Figueroa, realizaríase ante o escribán numerario e de Rendas Reais da cidade da Coruña D. Domingos Fandiño o 12 de xuño de 1634. Consúltese, con respecto ós señores de Neda e Trasancos, APM, Libro de rexistro dos morgados de D. Antón Cisneros, f. 26r. Posteriormente o señorío de Neda e Trasancos, xunto con outros moitos, entre os que se incluían os de Campo e Fragas (Campo Lameiro), recaería na casa de Patiño, sendo titulados os seus posuidores Marqueses de Castelar e da Serra de Outes e Grandes de España. Así, polo 1798, ocupaba estes dominios xurisdiccionais D. Ramón Fernández Patiño (Castro Osorio Mariño de Lobera Sarmiento Losada Neira Quiroga Balboa Rodríguez de Ledesma Chaves Flórez del Carpio Solís Ovalle Maldonado Cáceres Pacheco Montenegro Andrade Noboa Soutomaior Ulloa Moscoso Valladares Mendoza Caamaño Lemos Díaz de Cadórniga Anaya Minaya Mexia Mella Bolaño Saco Reimóndez Monroy Enríquez Guzmán Nieto de Silva Chamacero Loaysa Jofre Laso de Vega Muñiz de Godoy Mesia de la Cerda Rosales Bolognino Visconti e Ibarra). Realmente é posmosa a cantidade de apelidos cos que encabezaba os seus documentos.

Antón Cisneros con D^a. Xoana Bernalda Figueroa, un importante número de fillos:

- a) D. Bernaldino Bartolomeu, bautizado na freguesía de S. Fiz de Solovio o 3 de setembro de 1656, sendo os seus padriños D. Xosé de Mera e D^a. Xacinta de Mendoza –viúva de D. Bieito Abráldez–. Con el proseguiremos en breve o estudio da seguinte liña sucesoria;
- b) D. Mateo Antón Cisneros Figueroa, bautizado na mesma parroquia que o resto dos seus irmáns, o 8 de outubro de 1657, e tendo por padriños á súa avoa D^a. Xacinta de Castro e a D. Pedro de Brinas (membro do Cabido Catedralicio da Igrexa Compostelá)¹²². D. Mateo, con destreza habelencia na pluma, sería pai da obra titulada *Bien sentidos si mal formados ecos de las fúnebres y majestuosas demostraciones con que en la muy noble y leal ciudad de Santiago explica su sentimiento en la particular pérdida y temprana muerte de nuestra reina y señora D^a. María Luisa de Borbón, en las cuales, si no excede, compite las universales de España y acredita su cariño y veneración*; que saíría á luz en 1689 na cidade de Santiago cunha tirada de 150 exemplares¹²³;
- c) O doutor Bernaldino Francisco Antón de Cisneros, que recibiría tan só os Santos Óleos e o Crisma na parroquial de Solovio o 28 de outubro de 1658, posto que, por necesidade, o licenciado e presbítero D. Bartolomeu Villaverde xa lle derramara as augas bautismais na súa casa. Serían os seus padriños D. Lourenzo Pereira (Secretario do Santo Oficio da Inquisición) e a xa mencionada D^a. Xacinta de Castro¹²⁴. Entre as súas prestixiosas ocupacións e cargos eclesiásticos destacan os de colexial de Cuenca, cóengo en Badajoz e Toledo, “Magistral de la Santa Iglesia de Toledo,

122 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Libro Sacramental I.

123 A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*, I (Santiago 1951), p. 282.

124 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Libro Sacramental I.

- y electo Obispo de Teruel”, nomeamento este último que non chegaría a ocupar¹²⁵;
- d) D^a. María Tríxida Xoana, bautizada 20 de outubro de 1659 e actuando como padriños seus D. Xoán Abráldez e D^a. Catarina de Mendoza;
 - e) D. Xoán Antón, con bautismo en Solovio (8-XI-1661) e tendo por madriña á súa avoa materna (a mentada D^a. Xacinta de Castro)¹²⁶;
 - f) D. Antón Vicente Anastasio, que recibe as augas bautismais o 31 de xaneiro de 1663 acompañado polos seus padriños D. Antón de Landibar (cóengo da Igrexa Metropolitana de Santiago), e D^a. Margarida de Mendoza;
 - g) D^a. Francisca Gregoria Antonia, que tería a D. Bernaldino (seu irmán) e D^a. Xacinta (súa avoa) como padriños sacramentais; bautismo que se efectuaría en Solovio o 18 de marzo de 1664, e
 - h) D. Pedro Antón Anastasio, que recibe as augas sacramentais o 10 de maio de 1665, na compañía dos seus pais e dos seus padriños (estes últimos D. Antón Saavedra e D^a. Ana Chacón)¹²⁷.

Sobre o patrucio da casa, D. Antón de Cisneros e Mendoza, non temos noticia precisa do seu finamento, tan só sabemos que, antes de sucumbírle-la súa ánima a Deus, faría testamento ante Domingos Bugallo no ano 1663¹²⁸.

(liña 11) *Bernaldino Bartolomeu González de Cisneros Figueroa Castro e Mendoza e Baltasara M^a. Sarmiento de Soutomaior*

Continuamos o desmouchado xenealóxico co sucesor vinculeiro do matrimonio Cisneros-Figueroa, D. Bernaldino

125 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, p. 234; e tamén G. SARMIENTO GIL, *o.c.*, p. 40.

126 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Libro Sacramental I.

127 Id..

128 AMS (Arquivo Municipal de Santiago), Limpezas de Sangue, lib. 507, letra C, doc. 5.

Bartolomeu González de Cisneros: frade do Santo Oficio (1697) e Ministro do mesmo organismo, rexedor de Santiago (dende 1674, por título expedido polo prelado compostelán D. André Girón, e ata o ano 1716¹²⁹) e Comandante das Milicias de Sarandón, Arnois e agregados en tempos de Carlos II (1665-1700)¹³⁰, a quen o dito monarca, polos seus servicios, “le concedió la merced de ávito de una de las tres órdenes militares”¹³¹. Ó igual que o seu predecesor, sería Deputado pola cidade de Santiago nas Xuntas do Reino de Galicia, representación que se negaría a continuar executando a partir do 29 de xaneiro de 1705, momento en que lle ofrece poderes ó seu substituto D. Rodrigo Carbajal¹³².

D. Bernaldino, como marido de D^a. Baltasara María Sarmiento de Soutomaioir (de S. Xurxo de Ribadetea, Pontearreas), emparéntase cunha ponla derivada dos próceres de Salvaterra e Sobroso e que eran propietarios da torre de Costela (S. Fiz de Margaride, Silleda)¹³³ e do señorío e morgado da casa de Petán (S. Miguel de Corzáns, Salvaterra de Miño). Posuirán parentesco directo igualmente co bispo de Mondoñedo D. Antón Alexandre Sarmiento de Soutomaioir, concretamente este era irmán de D^a. Baltasara, e fillos ámbolos dous de D. Diego Sarmiento de Soutomaioir e D^a. María Prego (de Montaos) e Sotelo.

Pero rememoremos un pouco a orixe e transcendencia histórica do señorío de Petán.

129 Este ano abdica en favor de D. Xoán Abraldes. Cf. Vid. AHDS, FX, Xurisdiccional, atd. 61, “Reximento” número 15.

130 C. MARTÍNEZ BARBEITO y MORÁS, *o.c.*, p. 68.

131 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, p. 234.

132 E. FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, *o.c.*, II, pp. 31-32 e 158.

133 C. GÓMEZ BUXÁN-F. RUBIA ALEJO, ‘Costela: escuderos de los condes’ e ‘Pervivencia de la Edad Media’, en *La Voz de Galicia* (edición do Deza), sección “Pazos de Deza”, pp. 42-43.

8. A importancia dun bo parentesco: O enlace cos señores de Petán

Petán, nas versións que narran os verdadeiros estudosos da historia medieval de Galicia, foi un dos solares máis importantes da zona sur da provincia de Pontevedra, recinto señorial que tiña a fachenda de se declarar procedente de sangue real e dalgúns dos próceres máis sobresaíntes dos reinos de España. Poderíamos comeza-lo tronco xenealóxico, ofrecendo unha razoada continuidade, coa persoa de Diego Pérez (I) Sarmiento¹³⁴, aquel que sería –en tempos de Pedro I “O Cruel”– Adiantado e Diviseiro Maior de Castela, Chanceler Maior da Orde da Banda e señor de Bureva, Vilamaior, Salvadores, Villalba de Losa, Castrojeriz e Castañeda, e posuidor asemade da titularidade do padroado do convento dos cóngos regulares de Bembibre, como nos achega o xenealoxista Bugallal y Vela. A parte disto, incluísele, por mercé real, o dominio dos lugares de Anastro, Berberana, Verganzón e Villasaña, segundo o presenta Pardo de Guevara¹³⁵. Sería asasinado en Aragón en 1363, non sen antes deixar da súa muller María de Velasco (da casa dos condestables de Castela), unha proxenie composta por tres membros; aínda que o que nos interesa aquí é seguir pola ponla abrollada do seu segundo fillo, D. Pedro Ruiz Sarmiento de Vilamaior.

Foi este último Mariscal de Castela, titular do Adiantamento Maior de Galicia (1372), señor de Ribadavia (1369), Sobroso, Val de Achas (este último nas terras da Cañiza¹³⁶), Petán, Parada e Deva (por Real Privilexio concedido por Xoán I o 19 de agosto de 1379)¹³⁷, posuidor das fortalezas de Xuencos, Roucos e Penacorreira¹³⁸, e finado pola enfermidade da peste no cerco

134 Este é o mesmo a quen J. Bugallal y Vela chama Diego Pérez (II) Sarmiento. Vid. J. BUGALLAL y VELA, ‘Condado de Santa Marta de Ortigueira’, en *GEG*, 28 (Edit. S. Cañada, Santiago-Xixón 1974), p. 5.

135 E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia. Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media*, I (A Coruña 2000), pp. 167 e 171.

136 V. de APONTE, *o.c.*, pp. 109.

137 Id. Consúltese tamén: ACS, Tombo B, ff. 284v-285v.

138 J. GARCÍA ORO, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus*

de Lisboa (1384). Da súa coxunda con Xoana de Guzmán (filla do Adiantado Maior de León Pedro Núñez de Guzmán e de Inés de Haro), virían dous fillos ó mundo: o tamén Adiantado Maior *Diego Sarmiento (II)* e aquel chamado García Fernández (I) Sarmiento de Vilamaior, co que continuamos o devir xenealóxico.

García, que ó igual que o seu pai e irmán ocuparía o Adiantamento Maior de Galicia, sería, outrosí, Alférez Maior do monarca Xoán II, Comendador de Bantudeira¹³⁹, Embaixador real de Aragón (1411) e señor de Alucientes (Valladolid), Sobroso, Ribadavia e moitas terras da xeografía de *Balcaçar...* Casaría en dúas ocasións; a primeira faríao con Elvira Manrique (filla do señor de Galisteo –García Fernández Manrique– e Isabel Enríquez) e a segunda con Constanza García de Valcárcel (filla do Adiantado Maior de Galicia –García Rodríguez de Valcarcel– e viúva daquela de Pedro Álvarez Osorio)¹⁴⁰.

Seguindo a ponla dos señores de Ribadavia, sucederá ó matrimonio Sarmiento-Valcárcel outro García Sarmiento (III), merino de Toroño, marido dunha das fillas de Paio Sorred e Mencía de Andrade (chamábase Tareixa de Soutomaior¹⁴¹, que por dote introduciría nesta casa os señoríos de Salvaterra). Medio irmán de D. García foi o Adiantado de Galicia, señor de Ribadavia, Alucientes, Celme... e I Conde de Santa Marta de Ortigueira (15-XI-1442) Diego Pérez (IV) Sarmiento e Manrique. Este agasalla-

relaciones estamentales (Santiago 1981), pp. 75-76. E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia...*, I, p. 208.

139 Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *o.c.*, II, p. 377; obsérvese tamén a E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia...*, II, pp. 54-55, 58-59 62-63 e 252-253.

140 Nun documento, transcrito por Pardo de Guevara, no que se dá conta da relación dos sepulcros existentes no convento de S. Domingos de Benavente exprésase: “Al lado de la Epístola dice así: Aquí yace la muy noble dueña doña Costanza de Valcárcel, señora de Valcárcel. Tubo dos maridos, el primero fue Pedro Álvarez Osorio, que dixeron el bueno, el 2º García Fernández Sarmiento, Adelantado de Galicia”. E. PARDO de GUEVARA y VALDÉS, *Los señores de Galicia...*, II, pp. 252-253

141 Fr. F. de la GÁNDARA y ULLOA, *o.c.*, II, p. 409. Era ademais esta Tareixa de Soutomaior sobriña do Conde Fernán de Andrade.

ría a García Sarmiento (II) coa dádiva dos dominios de Sobroso¹⁴², Parada, Val de Achas, Deva e Petán.

A liña proseguirá, por sucesión de D. García e D^a. Tareixa, en Diego Sarmiento (V) de Soutomaior, vasalo do Rei Henrique IV (1454-1474), e señor, conforme parece ser, de Petán, Sobroso, Val de Achas, Deva, Cavadoso, A Bandeira, Mouriscados e Xinzo. Contraería nupcias con Leonor de Meira e Valladares (filla de Álvaro de Meira e María de Valladares). Deste connubio descenderán os señores de Sobroso (na persoa do seu fillo García), de Xinzo (pola de D. Pedro) e de Val de Achas e Petán.

Como seguinte titular deste último dominio preséntase outro Diego Sarmiento (VI) de Soutomaior (alcalde da fortaleza baio-nesa de Monte do Boi e señor tamén do pazo de *Villanueva*), marido de Constanza de Soutomaior¹⁴³ (filla do Conde de Camiña e Vizconde de Tui, o belíxero Pedro Álvarez de Soutomaior, alcu-mado “Madruga”); o cal este Diego será continuado polo seu fillo Pedro Sarmiento de Soutomaior, dono do señorío de Petán e de parte do de Val de Achas, e marido de D^a. María Álvarez Taboada, descendente da casa dos Taboada e o señorío de Camba.

A liña sucesoria proseguirá noutro Diego Sarmiento (VII), fillo do titular anterior, quen contraería coxunta nupcial con D^a. Luísa Otáñez, “señora principal de Vizcaia”. A eles herdaraos D. Lois Sarmiento, marido de D^a. Constanza Ozores, descendente da casa de Amarante. Deste último solar abrollarán as ponlas dos Ilustres Condes de Amarante, os señores de Teáns e os Marqueses de San Miguel das Penas. Debido ás nupcias Sarmiento-Ozores ingresan nos elencos propietarios de Petán o señorío de Alcabra e a xurisdicción de Corzáns.

142 Á. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ-I. MILLÁN GONZÁLEZ PARDO (transcricións e estudo), “*Livro do Concello de Pontevedrañ (1431-1463)*”, (Pontevedra 1989), p. 117.

143 No APM, árbore xenealóxica n. 17, liñaxe dos Sarmiento de Soutomaior, non o dá por marido de D^a. Constanza de Soutomaior, senón de D^a. M^a. Suárez de Ponte. Consúltese, en relación con esta liñaxe, F. M. MOREIRA de SÁ MONTEIRO, ‘Os morgados do pazo de Borza, em Santa Cristina de Valeixe, no bispado de Tui’, en *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 2 (2003), pp. 197-225.

D. Francisco Sarmiento e Soutomaior, que casou con D^a. Ana Abraldes Teixeira (filla de Diego Abraldes e Isabel Ortiz, segundo o APM, do señorío da fortaleza de Trasdeza, da Casa de Guimaráns e dos portádegos do Foxo de Deza), foi o seguinte posuidor da casa de Petán. A este matrimonio sucederaos D. Diego Sarmiento (VIII) de Soutomaior e Abraldes (señor de Petán, Val de Achas, a fortaleza de Silleda chamada de Costela, e a casa solar de *Alcabra*), o cal estivo unido sacramentalmente a D^a. María Antonia Prego de Montaos e Sotelo (señora de diferentes morgados, da casa privativa dos Pregos e patroa, enteiramente, do convento das relixiosas da vila de Redondela; filla de D. Antón Sotelo Prego de Montaos e D^a. Francisca Suárez Moscoso¹⁴⁴). Aqueles Diego Sarmiento, o oitavo do seu nome, e M^a. Prego serán os pais de D^a. Baltasara M^a. Sarmiento de Soutomaior, a referida muller de D. Bernaldino Bartolomeu González de Cisneros Figueroa Castro e Mendoza, co que nos atopamos coa espiña dorsal da liñaxe dos Cisneros.

Do connubio Cisneros-Sarmiento de Soutomaior sairá a seguinte proxenie:

- a) D. Antón Ramón, co que se prosigue a liña sucesoria das herdanzas,
- b) D^a. M^a. Xoana Francisca Antonia, que se bautizaría en S. Fiz de Solovio o 24 de maio de 1700, e tendo por padriño a D. Pedro de Leis; e
- c) D. Francisco Xerome Xosé Antón Caetano Ramón Cisneros Soutomaior, bautizado na mesma parroquia de Solovio, o primeiro de outubro de 1708, e tendo por padriños ós citados seus irmáns¹⁴⁵. Podemos ademais sinalar que polo ano 1726 opositaría a unha das canonxías do Capítulo Metropolitano da Igrexa de Compostela¹⁴⁶. Entre outros

144 Esta D^a. Francisca foi filla de Xoán Sánchez Moscoso e Margarida Borges de Mayreles. No que afecta ó convento das relixiosas de Redondela, coñecido propiamente como de Vilavella, foi fundado en 1501 polo arcediago de Cedeira D. García Prego de Montaos.

145 AHDS, FP, S. Fiz de Solovio, Libro Sacramental II.

146 P. PÉREZ COSTANTI, *o.c.*, p. 234.

cargos que chegaría a acadar ocuparía o de Gobernador do arcebispado de Santiago e Arcediago de Nendos¹⁴⁷.

Contemplamos, ademais, que todas estas unións sacramentais que se foron producindo no decurso dos tempos e que ligaron primeiramente ós Reino cos Ribera e Cisneros, e logo a estes cos Mendoza, Figueroa e Sarmiento, sempre resultaron, a cada cal mellor, favorables e favorecedoras do tronco señorial, marcando, habitualmente, rumbos desafoados e amplamente solventes do seu capital, coadxuvando, á postre, á íntegra conservación do flo-recente e senlleiro patrimonio.


9. Que todo continúe no seu lugar: Preitos pola conservación das propiedades

Entrando agora xa en eidos propiamente da administración da propiedade, ou económicos, e a modo de curiosidade, cómpre resalta-los continuos preitos pola conservación íntegra das posesións do matrimonio Cisneros-Sarmiento de Soutomaior. Así estableceríase no ano 1702 un moi curioso con D. Xoán Salvador García (escribán de Súa Maxestade na xurisdicción de Veá), levado polos tribunais eclesiásticos composteláns. O problema radicaba no simple feito de que os da casa de Maíndo tiñan construído no caudaloso e abondoso río Ulla –xa dende tempo inmemorial, como se puntualizou– unha quenlla para a pesca da lamprea¹⁴⁸, do salmón e doutros peixes, que fornecían a farturenta mesa compostelá dos Cisneros, feito co que debía discrepar o referido escribán. Un fragmento do documento explica que:

“Fernando de Ron y Thouar, en nombre de D^a. Baltthasara Maria Sarmiento, viuda de Don Vernardino Cisneros, como madre tutora y curadora de sus hijos en el pleito con Juan Saluador Garcia, escriuano, Jacouo Garcia, su procurador, dijo que no obstante lo deducido por la contraria en la peticion que ultimamente ha presentado se ha de servir en declarar como tengo pedido, y se dira en lo contenido

147 AMS, Limpezas de Sangue, lib. 507, letra C, doc. 45.

148 No documento, enormemente deteriorado, aínda se pode ler: “(...) hay un canal de pesqueras de lampreas (...)”. Cf. AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 18-BI, documento do ano 1718.



Armas dos Castro, Cisneros Moscoso, e outras,
acompañadas dunha recreación da lenda de Sto. Ildefonso (APM)

desta a lo uno mi parte tiene un canal en los terminos de la feligresia de Cousoo que atrauiessa todo el rio Ulla, en el qual mueren muchos reos y salmones, y otros pescados (...)¹⁴⁹.

Pero este non era o único litixio, a lista de demandas por diferentes propiedades e posesións esténdese en demasía; o conturbado D. Bernaldino, sendo xa de considerable idade, ocúpase e preocúpase por salvagardar íntegro e perenne todo o seu patrimonio. En efecto, citando algúns exemplos, debemos resaltar aquela entenza que sobre determinados bens patrimoniais compartían en 1684 D. Bernaldino e D. Xerome Noguerol e Moscoso (veciño da Pobra do Deán) con Francisca da Faya e Xoán de Noia¹⁵⁰; tres anos máis tarde o mesmo da casa de Ximonde faríao co procurador xeral da cidade de Santiago¹⁵¹; en 1698 con Pedro Fernández sobre as súas débedas rendeiras¹⁵²; en 1700 con varios veciños das parroquias cuntienses de Cequeril e os Baños en razón da propiedade de varias herdanzas nos lugares de Quintáns e Sebil¹⁵³; ó seguinte ano entraría en demanda de bens con Antón López e consortes¹⁵⁴; etc. Co carpinteiro Francisco Martínez, o alfaiate Xacinto González Navallo, o escribán Domingos Antón Durán, o mercador Gregorio Bernárdez, o capitán Xoán Antón García e D. Pedro Montero Figueroa, en 1703, tamén establecería outra entenza, a saber, de:

“(...) las guertas y territorio que deuide vna lleuada de agua que sale a la fuente que llaman de las Treperas, sita en la Puerta del Camino, junto al mattadero y cassa que se a echo para dar abasto a los vezinos desta ciudad, cuya lleuada de agua sale a la corredera que ba para el convento de Beluis açia la parte de uendaual, segun dichas guertas estan al lado del trauesio (...)¹⁵⁵.

149 Id. Este feito da conservación dunha pesqueira en Maíndo sería incluso recordado no Pascual Madoz no ano 1845: “Industria la agricultura, molinos harineros y una pesquería sobre el Ulla correspondiente al condado de Gimonde”.

150 AHDS, Provisorado, Preitos, cax. 17-N, cartp. de Santiago.

151 Id., Preitos, cax. 17-L, cartp. de Santiago.

152 Id., Preitos, cax. 17-BI, cartp. de Santiago.

153 Id., Preitos, cax. 18-BK, cartp. de Santiago.

154 Id., Preitos, cax. 17-BI, cartp. de Santiago.

155 Id., Preitos, cax. 18-BÑ, cartp. de Santiago, ff. 10r-11r.

En 1713 continuaría coa reclamación de rendas a D^a. Ana María de Munares pola utilización dun muíño fariñeiro nos termos de S. Pedro de Carcacía e emprazado no regueiro do Porto das Bestas¹⁵⁶.

Pero todo isto non remataría aquí. Logo da morte de D. Bernaldino a súa compañeira e consorte, D^a. Baltasara, continuará en litixios por diversos motivos e con diferentes persoas, aproando as súas intencións cara a perpetuación dos caudais familiares e, noutras ocasións, tal vez tamén co intento de rabuñar outros que lle eran interesantes para o seu haber. Así o faría xa dende 1717 contra Xoán Salvador García por unhas obras novas que este estaba a realizar¹⁵⁷.

Ata aquí a nosa contribución histórico-xenealóxica das casas de Maíndo e Ximonde: novas puntualizacións, novas achegas e estudos dos seus enlaces; avances dinásticos que nos aveciñan, cada vez máis, á concesión real do Condado de Ximonde e o Vizcondado de Soar. Acontecemento este que deberá ser ilustrado documentalmente e que nos reservamos para unha vindeira ocasión.

III. APÉNDICE DOCUMENTAL

doc. 1

COPIA EXTRACTADA DO FORO QUE OUTORGOU
TAREIXA SÁNCHEZ DE REINO, MULLER QUE FORA
DO ESCUDEIRO CUNTIENSE GONZALO MÉNDEZ, DO
LUGAR DE SAA (S. XOÁN DE SANTELES)

(30.08.1489)

(APM, Libro de rexistro dos morgados de
D. Antón Cisneros, ff. 324v-325r)

En 30 de agosto 1489, Tereixa Sanchez de Reyno, muller que foi de Gonzalo Mendez, escudeyro, difunto, dize aforo ê dou en

156 Id., Preitos, cax. 18-BJ, cartp. de Santiago.

157 Id., Preitos, cax. 18-BI, cartp. de Santiago. Para máis información sobre as propiedades, regalías e Reais Provisións do Condado de Ximonde debería consultarse no APM o mazo 23, que se rotula deste xeito: "Jurisdiccion de Sobrebea y otras. Real Provision del Conde de Jimonde. Pleito por don Juan Antonio Cisneros. Año de 1741 y 1742. Contiene Reales Provisiones de rentas pertenecientes a las parroquias de Sobrebea y otras parroquias".

zenso perpetuo para sempre jamais â Marcos de Saa, e â sua muller Catalina Fernandez, moradores do lugar de Saa, que hé na feligresia de San Juan de Santeles, comben â saver a metad de todas las heredades, casas y arboles que o dito Rodrigo Suarez e Juan Alfayate, ubo de vos, e Marcos de Saas compraron de Juan Perez de Basar de por medio, e mais a metad da franga de heredades que Ruy Suarez tiña no dito lugar, e parte con Lopo Montoyro, con suas casas e arbores, as quales e os dous tercios eran do dito Roy Suarez, e o otro era de Montoyro; mais un tercio da heredad da parseria que era por a dita compra do dito Roy, e dito Alfayate; mais a metad dos castiñeyros que son do dito Roy Suarez na Ribeyra de Saas; con mais a metad das viñas que bos figestedes no lugar de Saas, e na dita heredad de Só Carballo, que he a metad de una leyra enteira que esta tras una corte que tiña o dito Montoyro, por lo dito Roy Suarez; e mais o quiñon da outra leyra que está da outra parte, e a outra metade das ditas heredades, viñas e castiñeyros, perteneze o seu fillo Gomez Suarez de Reyno, en renta en cada año da metad de 8 zelemines de pan, medio zenteno e medio millo, e mais a metad do carto do viño que Dios diese nas ditas viñas, e metad de una rapada de castañas verdes, e a outra metad l'avedes de pagar a dicho meu fillo, bajo las clausulas regulaes, pasò ante Diego Rodriguez, notario apostolico, escusador por Afonso Galos, notario en tierra de Tabeyros e Ribadulla.

doc. 2

COPIA EXTRACTADA DO VÍNCULO E MORGADO
FUNDADO POR D. RODRIGO SUÁREZ DE CASTRO E
D^a. MARÍA SUÁREZ DE REINO

(26.03.1556)

(APM, Libro de rexistro dos morgados de
D. Antón Cisneros, ff. 1v-3r)

\\Escritura de binculo que hizo Rodrigo Suarez de Castro y
María Suarez de Reino/

En la ciudad de Santiago, a veintte y seis dias del mes de
marzo de 1556, ante Fernando de Ruanoba, escribano, los seño-

res Frutuoso Galos Abraldes, regidor de la ciudad de Santiago, y su muger D^a. Ysavel Monteser, de una parte, y de la otra Rodrigo Suarez de Castro, Alferez de la capitania de este Reino, y su muger Maria Suarez de Reino, vezinos de la dicha ciudad, y dicen que el dicho Frutuoso y su muger tienen una hija llamada Ygnès Abraldes, y la intentan casar con don Rodrigo Gomez de Aldao, hijo de dicho Rodrigo y Maria Suarez, y esta con su marido, para el efecto del casamiento dà y dota a su hijo los vienes que iràn señalados por vinculo enagenable y que sean vienes parciales e indivisibles, sugetos a toda restitucion sucediendo en ellos el dicho Rodrigo Gomez y sus hijos que hayan de lo casamiento con doña Ygnès, y que su hijo tambien llebase todos los vienes que el señor Gregorio de Reino, su padre, le dejò por mejora y vinculo inagenable, y el vinculo y mejora que le hizo Nuño Alvarez de Aldao, su tio, y la lexitima de Ysavel de Castro, su señora madre, y en todos los mas vienes que en el tercio y quinto les toque, en el qual haze dicha mejora de tercio y quinto, donacion, la que llama el derecho entre vivos, para siempre jamas, irrevocable de los vienes siguientes:

Las feligresias de Santo Andres [de Sobrebea, San] Miguel de Barcala, Santa Maria de Fra[des, el coto de] Requián, con sus jurisdicciones <···> [con] todos los pechos e derechos <···> e las cosas á ellas anexo y perteneci[entes y el coto de Fu]rco¹⁵⁸, con su señorío, con el pan, capones <···> que en el se paga; con el patrona[sgo de San Berisimo de] Arcos, y pan que por razon de <···>, coto de Soar¹⁵⁹, con su jurisdiccion cibil [y criminal] y con todo el pan de renta que en el se paga, y con to[dos los] mas servicios, pechos, colleitios y otras cosas [que en] el se pagan, con el patronasgo de Sta. Cruz¹⁶⁰ y [San Mar]tin de Moraña¹⁶¹, y con el pan y tozinos que por ra[zon de] presentar se pagan.

158 Á marxe “San Andres de Sobrebea, San Miguel de Barcala, Sta. M^a. de Couso, Sta. M^a. de Frades, coto de Requián, coto de Furco”.

159 Á marxe indica que este couto se situaba en S. Lourenzo de Moraña; textualmente escríbese: “San Berisimo de Arcos, el coto de Soar, en San Lorenzo de Moraña”.

160 Esta parroquia é, precisamente, a de Sta. Cruz de Lamas.

161 Trátase concretamente da freguesía morañesa de S. Martiño da Laxe; aínda que á marxe exprésase como “San Martin de Moraña”.

Ytem el patronasgo de Sta. Maria de Troanes¹⁶², con el pan que se paga. Ytem la sincura y terciá de la sincura de Sta. Maria de Aguiones¹⁶³. Ytem el quarto de presentar de San Fins das Estacas¹⁶⁴.

Ytem la casa e paso de Maindo y Couso, con el pan de renta, vino, fruta e otras cosas que en el se paga¹⁶⁵. Ytem las viñas que trae Cosme Vasques y su madre¹⁶⁶. Ytem el casal que trae Benito de Sorribas, que se dize de Barco. Ytem mas el casal de Sequeiros, que trae Antonio de Sequeiros. Ytem el casal de Trascastro y Asoreiros¹⁶⁷. Ytem el casal de Bumio¹⁶⁸. Ytem el casal de Fontenlo¹⁶⁹, con el molino e con los canales que ay que se dizen das Bargi y da Braña, que todos estos casares están en Sta. Maria de Couso. Ytem el casal de Beas, que esta en la feligresia de San Miguel de Cora¹⁷⁰. Ytem mas el casa de Torrebedra, en dicha feligresia¹⁷¹. Ytem el casal de Gerelis, en dicha feligresia, que trae Juan e Pedro Piñeiro. Ytem mas el fuero en dicha feligresia que trae Pedro de Casal y Gonzalo do Barro. Ytem mas los casares da Renda¹⁷², que trae Gonzalo y Juan de Godoi. Ytem el casal das Cobas¹⁷³. Ytem mas las viñas \que/ de Beas \e/ con su deesa. Ytem el casal de Vilanoba, que trae Juan Touzedo, que es en feligresia de San Pedro de Touzedo¹⁷⁴. Ytem la casa y paso de Tousedo que trae Juan de Moldes. Ytem mas el casal de Pedro das Penas y su hermano, en dicha feligresia. Ytem en San Andres de Bea el casal de Agrazambustelo¹⁷⁵. Ytem en dicha feligresia el

162 Á marxe "Sta. M^a. de Troans".

163 Á marxe "Sta. M^a. de Aguiones".

164 Á marxe "San Fins das Estacas".

165 Á marxe "Paso de Maindo".

166 Á marxe "Sta. M^a. de Couso".

167 Á marxe "San Jorge de Bea".

168 Á marxe "San Miguel de Barcala".

169 Á marxe "Sta. M^a. de Couso".

170 Á marxe "S. Miguel de Cora".

171 Á marxe "Sta. Cristina de Bea".

172 Á marxe "S. Xoán de Santeles".

173 Á marxe "Sta. M^a. de Barcala".

174 Á marxe "S. Pedro de Toedo".

175 Á marxe "San Andres de Bea".

3 Finca na que medra a cana de azucre e están instaladas as maquinarias necesarias para obter este produto.



Afiliación militar do mozo estradense *Manuel Carballeda Barreiro*, datada no 1892. Tódolos emigrantes españois estaban obrigados a alistarse nestas compañías paramilitares. Fondo documental do Museo da Estrada, doazón de don Nito Carballeda Barros.

ción. As dos militares estaban a prol dunha Cuba como provincia ultramarina de España, razón pola que estaban alí destinados. Se o cabeza de familia, de orixe español, acadara unha posición económica boa preferían unha Cuba emancipada de Madrid, mentres que se no matrimonio a nai era cubana e rica, entón loitaban por unha Illa independente, sen lazos nin leis españolas. Malia que Antonio non se atopaba en ningunha destas clasificacións, o seu compromiso paramilitar representaba xa unha condición de verdadeiro “miles”.

Na mesma cidade da Habana os movementos revolucionarios desenrólanse a nivel político, mentres que nas provincias os insurrectos cubanos (*mambises*), dirixidos por distintos líderes, e axudados, en determinadas ocasións, por campesiños cubanos (*guajiros*) loitan contra o exército español mandado por oficiais chegados da península.

Estes mandos eran moitas veces descoñecedores da orografía (*manigua*) cubana, circunstancia que deu lugar a que os nosos exércitos sufriran demasiados reveses.

Antonio, aquel meniño agarimoso e tenro no seo da familia española, transformárase, co paso dos anos, nun mozo de forte complexión, boa estatura e pel morena, que na Illa se foi facendo máis escura. Na súa face sobresaían uns ollos negros, profundos, acompañados duns poboados bigotes mouros de mosqueteiro. Lector de tódolos xornais que atopaba a man, viviu, dende o primeiro día, as inquietudes dos emigrados e dos nativos. De palabra fácil e boa presenza, ingresa axiña no *Colegio de Escribanos* da cidade da Habana e abre bufete ó público. O seu consello e servicios son solicitados por moitas medianas empresas e consegue unha estabilidade económica boa. Veste con elegancia e donaire e relacionase coa sociedade comercial cubana. Representa, pois, un bo partido para as mozas cubanas que deven cen polos mozos españois..

O seu pensamento político, no mesmo intre que pisou o peirao do Morro, estaba enraizado nunha Cuba española. Este sentimento, nacido nos faladoiros de xuventude na cidade compostelá



Insurxentes nunha paisaxe da manigua cubana, onde se desenvolveron as principais accións da loita independentista da illa.

ha ser reforzados, co seu ingreso no corpo do voluntariado e co paso do tempo, na mesma Illa ata extremos de paroxismo.

Cando, dous anos despois do seu desembarco, chega á cidade da Habana seu irmán Waldo ha ser Antonio quen o introduza nos primeiros grupos de españois con certa influencia. Admirador dos

razoamentos filosófico-políticos de seu irmán, axiña forman un tándem inseparable. Un ano despois da chegada de Waldo á Habana asínase a paz de Zanjón, armisticio que, malia que non serviu de moito, supuxo unha certa tranquilidade urbana.

Antonio, casa cunha fermosa dona cubana, pertencente a unha familia aristocrática de Porto Príncipe, Camagüey. A familia da súa muller leva no seu pensamento unha Cuba independente, unha Cuba dos mesmos cubanos. Non podía ser menos, xa que súa sogra, dona Dolores de Cisneros y Álvarez viña sendo prima de dous prohombres da causa separatista: Don Salvador de Cisneros y Bentancourt, representante de Camagüey no levantamento de Céspedes, e don Gaspar Bentancourt y Cisneros, quen lle pediu ó xeneral Bolívar que axudase a Cuba a ser independente. Non obstante, Antonio e súa sogra e demais familiares cubanos sempre se respectaron mutuamente as súas respectivas ideas. Empregou no seu despacho de escribano a un cuñado e agasallaba, con afecto, en distintas ocasións ós seus sogros.

Antonio chegara a ser propietario, nas feraces terras da lindeira provincia de Matanzas dun “ingenio”, terreos destinados á plantación de cana de azucre e edificio con maquinaria para a extracción do mesmo, traballos realizados por operarios, na maioría cubanos. Así mesmo, era propietario dunha fermosa quinta en Luyanó, nos arredores da capital cubana. No seu matrimonio no tivo descendencia e o seu amor paternal ofrecíase ós fillos de seu irmán Waldo, que tamén casara cunha irmá da súa muller.

As reunións, primeiro familiares, foron converténdose despois en asembleas de amigos españois, mergullados na saudade e na inestabilidade dun futuro próximo. Alí, na casa de Waldo, situada no centro da cidade, seguíase o desenrolo das loitas día a día, e polemizábase segundo os desenlaces das mesmas con criterios case sempre unánimes. Neste apartado hai que recordar que seu irmán Waldo dirixía o xornal *Eco de Galicia* que tiña por consigna **“Galicia ante todo, Galicia sobre todo”**.

Aquela xuntanza de galegos, defensores dunha Cuba española estaba formada por Francisco Recamán, mariño e práctico do pei-

rao da Habana, natural de Corcubión; Juan Manuel Espada, médico e escritor, oriúndo de Verín; Francisco Aldao, práctico principal do porto; Manuel Vila, rico ferraxeiro chegado de Pontevedra, parente da familia de súa nai; o xuíz Luzarreta; Luis Blanco, maxistrado asturiano, os dous irmáns Álvarez Insua e Manuel Baños, home de Filomena Álvarez Insua. Así mesmo, asistían moitas veces ás reunións Agustín Latorre, comandante de infantaría (de “cuchara”) e o seu fillo Esteban, tenente da Academia de Segovia. O comandante chegaba, dende a “manigua” co seu uniforme a raias manchado de terra, pero sempre optimista, convencido da victoria final que se demoraba pola teima de liberdade dos nativos.

Antonio, malia as súas intervencións naquel faladoiro patriótico, nas que sempre estaba presente a defensa sen concesións dunha Cuba provincia ultramarina, devecíala por coñecer as opinións e o estado de ánimo dos españois do común, pequenos comerciantes e obreiros varios. Para confrontar opinións acostumaba a achegarse ó Café de Cajigas, un café de mariñeiros e xentes do peirao. Dono, camareiros, todos eles galegos, sentábanse cos seareiros na mesma mesa, na que se servían pratos españois: paella, bacallao á vasca, e pote galego, viños do Ribeiro e Rioxa. O dono, Cagide, tamén tiña, naquel exército de voluntarios, o grao de comandante. En canto á situación real do exército, Antonio, para estar ó corrente, pasaba con frecuencia por Capitanía onde era moi coñecido por xefes e oficiais.

Chegados ó ano 1895, por mor da negativa do Goberno español para reformar o réxime colonial e escravista da Illa, volven as hostilidades. Logo, tra-lo Grito de Baire reaparecen con forza as ideas independentistas. Loitase con crueza nas provincias e morre en combate José Martí, xefe supremo dos insurrectos. De novo volve á illa o xeneral Martínez Campos. Antonio non era partidario da actuación deste xeneral, pois entendía que era demasiado “blando”.

Como queira que Martínez Campos non daba resolto as rebelións e xa sufrira algúns desastres foi substituído polo xeneral

Valerio Weyler e Nicolau, marqués de Tenerife e duque de Rubí, xeneral de grande enerxía e dureza. Este cambio alegrou o espírito de Antonio que non estaba conforme coa actitude pouco belixerante de Martínez Campos.

Moi pronto, Antonio convértese nun dos meirandes admiradores do xeneral Weyler: Axiña foi considerado coma un dos máis próximos amigos. O xeneral quedou impresionado polo ardor e patriotismo que demostraba, nas súas expresións, este *leal galleguito*. Tal foi de íntima esa amizade que Weyler deulle licencia para formar, cos homes que traballaban no seu “ingenio” unha compañía de voluntarios, da que, precisamente Antonio foi nomeado capitán. Por patriotismo, primeiro e por elegancia, despois, encarga nunha boa xastrería un elegante e regulamentario uniforme, que vestía nos actos oficiais ós que era invitado por Capitanía, ou cando as novas belixerantes de provincias non eran favorables ós nosos soldados. Ese trato e esa amizade reuniu ó xeneral con Antonio de tal maneira que Weyler estivo repetidas veces na quinta de Luyanó.

Valeriano Weyler impón unha dura loita que elimina ós outros cabecillas: Maximino Gómez e Antonio Maceo. Estes acontecementos teñen lugar cando seu irmán Waldo, na súa segunda viaxe a España, se atopaba na cidade da Coruña.

Antonio, feliz, pois entendía que a solución definitiva ó problema cubano estaba na boa actuación do seu amigo Weyler, non é quen de celebrar en solitario estas fazañas. Achégase ó Café de Cajigas e brinda, con todo o persoal do establecemento, por estas esperadas victorias. Non queda aí a súa ledicia e escíbelle unha carta a seu irmán dándolle conta de tan memorables acontecementos. Carta que se transcribe de seguido:

“La columna de Cirujeda supo que varias partidas se hallaban por Hoyo Colorado, en términos de San Pedro. Llevó por delante las guerrillas de Punta Brava y la que mandaba el bizarro capitán Peral, las cuales fueron atacadas con indiscutible arrojo por varios grupos de insurrectos. Fue entonces cuando, según la opinión de todos, debió de caer Maceo con un balazo en la barbilla y otro en el vientre.

El hijo de Máximo Gómez, Francisco, que estaba a su lado con el médico Zertucha, fué herido gravemente. Los hombres de Cirujeda continuaron buscando al grueso de la partida, hacia donde los grupos de la vanguardia se retiraban, tropezando con más de dos mil rebeldes parapetados tras montones de piedras. Entonces las guerrillas dejaron paso libre a la columna del batallón San Quintín para que los batiere. Durante este ataque Francisco Gómez escribió un papel diciendo que se suicidaba, herido, porque no quería separarse de su jefe. Al regresar la fuerza encontró los cadáveres, sin reconocerlos al pronto, y recogió la mencionada carta de Francisco Gómez, en la cual se dice que Maceo pasó la Trocha el día 4. Registrada la ropa interior de los muertos, los calcetines de uno estaban marcados con una A y una M, y este mismo llevaba una sortija con la inscripción "Antonio y María". ¿Cómo dudar ya de la muerte de Maceo? La columna de Cirujeda perdió siete hombres y veintisiete heridos. Entre estos se hallaban los tenientes Amores y Peral, de San Quintín, y Moya, de la guerrilla. Me consta por informes privados, que junto a Maceo estaban los mejores lugartenientes. Miró, Gordón, Nodarse, Ahumada y Justiz, todos los cuales salieron heridos, y mortalmente Nodarse y justiz.

Hay que reconocer que todos se batieron valerosamente. Francisco Gómez se suicidó con el cuchillo de Campo. Faltaba ver cómo habían pasado la Trocha los insurrectos, y tres días después se confirmó la creencia de que lo efectuaron por la bahía de Mariel, en un botecito que tuvo que hacer cinco viajes para transportar a unos cuarenta hombres. Yo no niego su coraje ni su audacia, lo que hace subir el mérito de nuestra victoria. Si no cae providencialmente Maceo, que ya estaba a las puertas de La Habana, sólo Dios sabe lo que hubiese podido ocurrir".

Cando semellaba que a contenda empezaba a ser favorable ós intereses de España asasinan a Cánovas. O sucesor Sagasta aparta a Weyler e manda ó xeneral Blanco. A noticia do asasinato de Cánovas produciu unha forte conmoción naquela xuntanza da casa de Waldo. Achegáronse case tódolos membros e discutiron a situación. Waldo, despois de analiza-la actualidade pouco favorable pediu serenidade, pero Antonio, exaltado, contestou:

—*Serenidad pides, Waldo, cuando nos matan al mejor hombre*

de España y nos sacan a Weyler que ya tenía la guerra ganada. Se luchará contra quien sea, hasta el último hombre y la última peseta. ¿No tenemos una escuadra, un ejército y una tradición de heroísmo? ¡Ante todo la honra, Waldo, ante todo la honra!

Antonio quere seguir demostrando a súa decidida contribución a que a Illa sega sendo unha provincia ultramarina española. Agora buscará a amizade do novo xeneral para poder seguir naquela loita xa máis romántica que efectiva.

As circunstancias comezan a ser desfavorables para os españois. Hai un presaxio pesimista nos nosos compatriotas adictos a unha Cuba española. Díciase que estaba a punto de entrar os Estados Unidos en axuda dos revolucionarios cubanos e que desprazaban o acoirazado Mayne ...

Antonio Álvarez, o noso protagonista, sente impotencia e desesperación. *¡Si no tenemos una escuadra digna!* –cavila Antonio. De súpeto ten unha idea: *“Necesitamos un acorazado. Lo precisamos ya”*.

Antonio, na reunión de todos aqueles homes españois, patriotas e con diñeiro, propón a compra dun barco de guerra dese tipo. De seguido abre unha subscrición que encabeza el mesmo, aportando MIL PESOS ouro.

Mentres os insurrectos cubanos nomearan no campo, como “Presidente de la República de Cuba”, a D. Salvador de Cisneros, o parente próximo da Dona Dolores, sogra de Antonio. Este, diante de tal nova, comentou con sorna galega:

— *“¡Presidente de la República de Morondanga!... Pero que orgullosa se puso doña Doloritas!”* (Doloritas era o nome cariñoso da sogra).

Pola contra, cando a dona Dolores soubo da idea de Antonio da compra do acoirazado, puido volve-los sorrisos por pasiva e deixou caer, con melodía cubana,:

— *¡Ajá! El barquito de Antonio.*


Os insurrectos contan agora coa decidida participación dos

EEUU, e hai novas, agora certas, de que esta nación vai manda-lo seu cruceiro *Maine*. Mentres, as doazóns para compra-lo acoirazado aumentan dun xeito moi favorable. Antonio, optimista e patriótico, espera que a súa idea cristalice e que a nosa flota teña ese navío. Coa chegada do *Maine* quere autoconvencerse da supremacía da nosa escuadra e non lle dá importancia a aquela presenza:

—*Quieren asustarnos como si fuésemos negros ignorantes y mandan un barco que no tiene un mal cañonazo.*

Tampouco quere asistir á festa social que, aquel fatídico 15 de decembro, se celebrara co motivo da chegada das forzas americanas, pois sente xenreira só de pensar de que na mansión do Presidente da Gobernación, Sr. Gálvez podía atoparse con dirixentes dos Estados Unidos. Aquela mesma noite ten lugar a explosión do *Maine* e Antonio entende que a guerra é inevitable.

Os seus ánimos esvaecen un chisco e para manter os azos precisos naquel ir e vir de xente asustada, achégase ó Café Cajigas. O local está repleto de españois e escoitanse unhas voces quedas, secretas, de que a tal explosión era obra dos americanos para así declara-la guerra contra España.



A explosión do acoirazado *Maine* servíu de pretexto para a interesada intervención norteamericana.

Antonio e Cajide baten os puños de impotencia contra as táboas do mostrador e lembran a tódalas familias dos xefes americanos para ciscarse nelas. O cociñeiro non é quen de conter o seu afervoadado espírito españolista e co coitelo na man berra:

—*Si algún gringo o cubano se atreve a insultar a España estoy dispuesto a romperle la crisma.*

Os acontecementos a partires deste feito precipítanse de tal xeito, sempre a prol dos americanos, que poucos días despois, coa nosa escuadra desfeita e unha total desorientación das autoridades de Madrid, estipúlase a paz. Antonio garda, con xenreira e impotencia, coas bágoas picando nos ollos, o seu uniforme de capitán. Abofé que naqueles intres desexaba ser un heroe anónimo.

Agora, a situación na cidade da Habana, sen ser tráxica, non era nada cómoda, para todos aqueles españois que se distinguiran como inimigos do separatismo. Antonio, ben coñecido pola súa amizade co xeneral Weyler, tivo, en distintas ocasións, que refuxiarse na súa quinta de Luyanó e cos seus obreiros facerlle fronte ós mambises que chegaron a apedrarlle a súa residencia.

Seu irmán Waldo, nun españolismo desesperado, sae de Cuba con toda a súa familia antes de que fose arriada no Morro da Habana a bandeira de España. Os consellos de tódolos familiares non foron quen de apartalo desa idea. O xuíz Luzarreta, colaborador cunha importante cantidade para a compra do barco, antes de que se trocase a bandeira de España pola de Cuba, disparouse un tiro na cabeza no seu despacho.

Antonio, tan español como Waldo, entende doutro xeito a súa posición persoal. E asiste, abatido de espírito pero impasible de carácter, sen uniforme, á cerimonia da última hora de Cuba como posesión española. Aquela noite escribe unha longa carta a seu irmán que a tales horas navegaba rumbo á Coruña.

“En este 1º de enero de 1899 con una salva de veintíun cañonazos, disparados por la artillería yanqui, salúdase a nuestra bandera que en tal momento descendería de la torre del Morro, izándose en su puesto la de la unión, la cual sería saludada con otros tantos dis-

paros por los cañones españoles. Las fortalezas del Morro, la Cabaña, la Punta, Atarés y el Castillo del Príncipe, quedarían hasta el instante mismo de la entrega de la plaza en poder de las guarniciones españolas, cuyos oficiales las pondrían en posesión de los norteamericanos.

En Capitanía, la ancha escalera de mármol estaba ocupada por oficiales y soldados yanquis y entré del brazo del doctor Espada en la suntuosa sala donde se hallaba Jiménez Castellanos. En su rostro, grave e impasible, notábase el esfuerzo por contener la angustia que en el ánimo más sereno tenía que producir aquel instante. Quería sonreír con cierta diplomacia y su sonrisa resultaba una mueca dolorosa. Brooke, en cambio, mostrábase satisfecho, aunque tratase de disimularlo y no diese señales de impaciencia. Entre militares, aunque sean enemigos, ha de mantenerse la caballerosidad. De tiempo en tiempo llegaban comisiones. ¡Caso singular! Si los yanquis hubieran desaparecido de repente, al ver allí a la mayor parte de las personas que habían saludado la jura del Gobierno autonomista, díriase que la escena iba a reproducirse.

Yo cerraba los ojos y veía a Blanco, a Gálvez, a Montoro y te veía a tí, luciéndote en los ojos la esperanza de que aquella ceremonia significase el principio de la paz. La Audiencia, el Colegio de Abogados, la Cámara de Comercio y varios otros centros enviaron representaciones. ¡Qué tristeza! Algunos de estos personajes, de estos tipos, llevaban en el ojal de la levita un botoncito blanco y azul, con una línea roja: los colores del pabellón de Cuba. Era conveniente no disgustar a los triunfadores, ir preparando los cambios de casaca... ¡Vergonzoso!

Los generales y oficiales americanos arrastraban los sables y tropezaban en los muebles con sus espuelas. Era grande el contingente de jefes cubanos a los que ya nadie llamaba “cabecillas”, y que con el beneplácito de Jiménez Castellanos tomaban parte en aquel acto que no habría de repetirse.

(...) En el muelle se despidió Jiménez Castellanos de sus acompañantes y amigos. A Espada y a mí nos abrazó. Y seguido de su Estado Mayor, puso pie en la pasarela del vapor “Rabat” que debía conducirlo hasta el puerto de Matanzas. Y así le vimos alejarse. La bahía, tan española durante más de cuatro siglos, estaba entonces poblada de barcos, goletas, botes y vaporcitos que enarbolaban ban-

deras yanquis y cubanas. No pude impedir que mis ojos mirasen hacia el lugar donde emergen los restos retorcidos del “Maine” y que, por último, se fijaran en la “nueva bandera” que ondeaba sobre el mástil del Morro. ¡Dichoso tú, que no has vivido horas tan atroces! Creo que te hubieses muerto. A mi, Dios y España me prestarán los ánimos suficientes para arrostrar lo que venga”.

Antonio días despois deste episodio, xa non era o mesmo home alegre e dinámico. Remataran as reunións familiares na casa do irmán Waldo. Case tódolos compoñentes viñeran para España. Pancho Recamán, Aldao e ata a súa irmá Filomena e o seu home, Manuel Baños, tamén voltaran á Terra. Pouco a pouco, segundo pasaban os días, comezou a sentir un canguelo, unha morriña que non sabía explicar. Frecuentaba tódolos días o Café Cajigas, onde atopaba un alivio para o seu espírito, pero o ambiente xa non era o mesmo e tamén, de vagariño, se afastou daquel local no que tantas veces se sentira como na súa terra.

O doutor e amigo Juan Manuel Espada e Manuel Vila, o seu antigo patrón, coñeceron a súa melancolía enfermiza. Achegáronse ó seu carón e con charlas e xaropes, Antonio foi erguendo aquel espírito que estaba a piques de esmorecer. Tamén a familia cubana, con dona Dolores á cabeza foi quen de agarimalo e nas visitas que frecuentaba á quinta de Luyano sempre había unhas mostras de cariño que Antonio soubo agradecer.

Día a día, Antonio volveu a se-lo home activo de outrora; dedicou o seu tempo a atende-lo bufete, ergue-lo ingenio, un tanto esquecido nos últimos meses, e reanudar as visitas ás amizades españolas que seguían na illa.

Ningunha das institucións que levaban o nome de España ou da súa Estrada natal lle foron alleas na procura dunha mellor actividade.

Foi un colaborador importante na sociedade do Centro Galego da Habana, do que o seu irmán Waldo fora un gran impulsor, e cando en decembro do 1907 se comprou o edificio do teatro Tacón para erguer a “casa” dos galegos, non faltou a súa axuda económica e moral.

BIBLIOGRAFÍA

Alberto Insua. MEMORIAS, Primera Edición. Madrid, 1952.

Diccionario Enciclopédico Espasa Calpe S. A. Madrid 1988.

Arca Caldas, Olimpio. Waldo Alvarez Insua, 1997.

FONTES

Arquivo parroquial da freguesía de San Pedro de Toedo.

Arquivo parroquial San Paio da Estrada.

DON XOÁN MANUEL FONTENLA GARCÍA, ÚLTIMO PÁRROCO DE OUZANDE, OUZANDE

Manuel Castiñeira Rodríguez

Un mestre co que me atopei ó chegar á Estrada, parroquia da que me fixen cargo o domingo 31 de outubro de 1.965, díxome un día conversando das condicións que a un mestre lle cómpre ter para ser eficaz: “Para ensinar latín a Xoán o mestre ten que saber latín, e tamén saber quen é Xoán”. Ós poucos meses de chegar, sen termo eu formulado con tanta precisión, estaba xa a traballar neses dous aspectos: estudar os documentos do Concilio Vaticano II clausurado en Decembro dese mesmo ano, e esforzándome en coñecer a Comunidade Parroquial que o Cardeal Quiroga me confiara.

Precisaba coñecer a realidade; as persoas, as familias, a infancia e a xuventude, os traballadores, os comerciantes, os enfermos.

Tamén era preciso coñecer a historia da Comunidade; todo aquilo que se deixa entrever nos arquivos de S. Lourenzo de

Ouzande, e de San Paio de Figueiroa, ou San Paio de A Estrada, dende o ano 1.869.

Quería familiarizarme cos apelidos de cada casa, de tódolos aveciñados na Vila, ou nas aldeas de entrambas parroquias; coas devocións asentadas de vello, das que hai constancia nos libros das confrarías.

Pretendín descubrir que tipo de sacerdotes estiveron ó fronte das freguesías; e, de ser posible, buscaba solprender os valores máis cotizados en cada intre da historia; que grao de cultura mostraba a xente, que nivel económico; promedio de idade que acababan nos distintos tempos; que grao de ben-estar, e cales as maiores dificultades.

Parecíame obvio que “para saber onde estou preciso saber de onde veño e tamén a onde vou”. O que quere dicir que, ademáis de ter idea clara do tipo de Comunidade crente que temos que facer medrar, precisaba coñecer a quen, naquel intre concreto, ía servir como Párroco, cousa imposible sen coñecer o seu pasado. Eis, pois, a razón pola que non me pareceu tempo perdido adicar horas a ler e reler os arquivos das parroquias.

Hei reafirmar aquí que, cando lle digo ós fieis que, tanto ou máis do que eu lles axudo a eles a ser crentes, axúdanme eles a min. Que é aceptable o dito de que “O Cura fai á parroquia, e a parroquia fai ó Cura”.

Por esta razón unha das cousas en que me fixe, ó le-los arquivos das parroquias, era descubrir a pegada que cada cura deixaba ó longo dos escritos, pegada que dalgún xeito constitúe un retrato de sí mesmos.

Neste artigo quero deixar constancia do retrato do último párroco de Ouzande cando era aínda parroquia independente, ó que se pode chegar mediante a lectura de canto el foi escribindo, dende que entrou na parroquia, o día 4 de outubro de 1.828, ata o seu pasamento, ocorrido día 8 de maio de 1.869.

É de ter en conta que o tipo de libros que agora se utilizan nos

arquivos parroquiais, por seren libros impresos, nos que samente cabe consignar datos concretos, non son propicios, coma os daqueles tempos, para que cada cura deixe o seu autorretrato.

Vindo pois a este home, chamado Xoán Manuel Fontenla García, nado en San Tomé de Quireza, hoxe do Concello de Cerdedo, seguramente non lle resultaba moi lonxana a xente de Ouzande, que incluía por suposto boa parte do lugar de A Estrada. Hai que imaxinalo cabalgando con frecuencia camiño de Compostela, e con ralacións cos Curas do Arciprestado de Tabeirós, ó que pertencía Quireza ata o ano de 1.867.

Pontevedra tamén de seguro era por el visitada con frecuencia, xa antes de vir a Ouzande; ben seguro que alí descubriu a devoción á Virxe Peregrina, da que o Santuario de Pontevedra era recén rematado sendo el aínda un rapaz. Iso sería determinante para que, cando pensou en erguer un centro de culto na Estrada, polo ano 1.841, puxese esa capela baixo a advocación da Peregrina, que lle acaía moi ben, por estarmos no camiño dos peregrinos.

Curiosamente, mentres os seus antecesores, dende 1.650, practicamente todos mencionan os seus títulos académicos de Doutor, Licenciado ou Bacharel, el nunca fai alusión a titulación algunha, anque se mostra home de boa cultura; coñece o terreo sobre o que se move, e mesmo utiliza unha linguaxe ricaz.

Deixando a un lado algunha incorrección derivada da súa condición de galegofalante, pola que escribe algún día “apeyo” en lugar de “apeo”, ou conxuga nalgún caso o infinitivo, propio só do galego, solprende o uso, por exemplo, dunha serie de termos para designar o feito de morrer, se cadra debido á forma de morrer as persoas. El fala de finar, falecer, ser chamado a xuicio, facer entrega da alma, pasar a mellor vida, etc.

A parroquia resultoulle un bo lugar de acollida. Aínda tendo en conta que nese tempo era abundante a presenza de Sacerdotes –non samente porque había bastantes que foran ordenados a título de patrimonio, senón tamén porque, coa esclaustación dos

anos 30 dese século, bastantes relixiosos Sacerdotes vagaban polas parroquias— él podería optar a outra parroquia. Sen embargo entre 1.650 e 1.869, somente dous Curas trasladaron: un polo 1.730, para Callobre, e outro contra o 1.790 para Beluso (Bueu). Tódolos demais viñeron para se quedar; Ouzande era “parroquia de pan levar”.

O primeiro rasgo da personalidade deste noso cura, manifés-tase xa nada máis chegar. Vese que é un home a quen nada da parroquia de Ouzande lle é alleo, todo lle afecta. Diría que dende a súa chegada a parroquia xa ten quen a coide.

Cando recibe sepultura o seu antecesor, Bacharel Josef Aguayo no 22 de marzal de 1.828, o Cura Ecónomo de Aguións D. Juan Buena presidíu o enterro e funeral, asumindo a responsabilidade da administración da parroquia, mentres o Superior non designaba un párroco interino, ou Ecónomo, que se dí.

Foi designado Don Francisoco Baños; pero nin un nin o outro asumiron a responsabilidade de por ó día determinadas cousas que non o estaban.

Na miña mocidade, cando con algún compañeiro visitabamos parroquias que non coñeciamos, un dos síntomas que nos servía para decatarnos de cal podería ser a idade do Cura que a rexentaba viña sendo ver que as hedras e as silvas xa pasaban por encima do portalón, e trepaban polas paredes da casa. Era todo un signo de decrepitude de quen habitaba a casa rectoral.

Algo semellante pasaba cos libros da parroquia. Era normal que a un Cura vencido pola idade se lle esquezan inscricións de bautismos, casamentos ou defuncións así como deixar escritas ó día as contas das confrarías e as da Fábrica ou fondo que soe haber en cada parroquia para repara-la Igrexa e costea-lo culto. Hai que pensar que os párrocos, coma os bispos, non se xubilaban.

Así pois, en Ouzande, dende o ano 1.818 ata o 1.828 están as contas sen facer, e quedaron partidas sacramentais sen inscribir. Os curas interinos desentendéronse do asunto, pero Fontenla pono en coñecemento do seu bispo D. Rafael de Vélez, de quen

recibe facultade e mandato de facer as averiguacións pertinentes –asistido dun escribano ou doutro crego, que lle faga de Notario– na recepción de declaracións dos interesados ou persoas que testifiquen; inscriba as partidas, tome as contas dos Fabriqueiros e maiordomos das confrarías, inscribíndoas nos correspondentes libros e, unha vez feito, presénteas no bispado para a correspondente aprobación. En menos dun trimestre o traballo xa estaba feito. É ben certo que “ninguén tíra do rabo do cabalo coma seu amo”.

Resultado da formulación das contas é que os Fabriqueiros aparecen todos con débedas máis ou menos abultadas, que terían que pagar á Igrexa, e que o Cura lle viría moi ben para por a casa un pouco habitable, que non o está.

O bispo apróballa as contas e manda que se apremie ós Fabriqueiros para que cada un faga entrega do que debe, porque recibiran, ou deberían ter recibido, máis cartos dos que xustificaban ter empregados.

Os ingresos viñan dados por rendas de certas terras que eran propiedade da Igrexa, polos ingresos devengados por bautismos, casamentos, enterros, e tamén pola cantidade de 200 reais cada ano que debe pagar o párroco pola casa e finca que disfruta, que foran doación, contra o ano 1650, do Licenciado D. Mauro Posse de Montaos, párroco de Ouzande, que puxo como carga a quen a disfrutase a obrigación de celebrar cada ano 12 misas polo doante, e entregar os 200 reais de renda ó Fabriqueiro de turno.

Os Fabriqueiros dicían todos que eses cartos non chegaran xa ás mans deles, anque eran conscientes de que xuridicamente debíanllos ter esixido ó párroco.

Tres dos Fabriqueiros, Antonio do Pazo, Juan Freire e Manuel da Ponte, por sí mesmos e en nome dos sete restantes, envían un escrito ó Arcebispo dicíndolle que eles non lle ían pedir contas ó párroco, sabendo de certo que o que se percibía para a Fábrica non chegaba, nin moito menos, para os gastos que a el lle supoñía te-la igrexa ben atendida como a tiña. Que eles eran xente pobre

que non tiña de seu nin para o sustento diario. Por iso pregan o 5 de xaneiro de 1.829, lle mande ó párroco que non execute a cobranza da débeda. O Arcebispo remítelle ó párroco a súplica dos fregueses para que informe o que a el lle pareza oportuno, conforme á verdade e á equidade.

Polo informe que libera o Cura dalle a un a sensación de que el mesmo foi o inspirador do que os fregueses suscriben. Remata o informe dicindo: *“Es una verdad maciza que los doscientos reales no entraron en su poder; lo es igualmente que nadie se atrevería a pedírselos al difunto Cura; la es asimismo que el manejaba por sí y ante sí, sin conocimiento de ninguno, los caudales de la iglesia; y no lo es menor que el Cura fue muy celoso, y de los más bien opinados del partido; pero sin embargo de todo, consta de esta operación quedó adeudando a la fábrica doscientos ducados, los mismos que se reclaman contra estos mayordomos. La Iglesia, o el actual Fabriquero, ni yo estamos autorizados para pedir en nombre de aquella contra la herencia del difunto Cura, sino contra los predichos mayordomos; y quienes debían pagar a la iglesia y repetir contra la herencia parece debían ser ellos mismos; pero la herencia es dudosa y sobre ella se movió pleyto, en que conoce el Real Tribunal de este Reyno; y, por consiguiente, para parecer al pleyto estos infelices necesitan gastar lo que no tienen, y al fin del pleyto, no llegando la herencia para pagar las deudas de privilegio, como no llega seguramente, sobre la pérdida de los 200 reales sufrirán la de los gastos de aquel, cuando con dificultad pueden procurarse un poco de bronca para su familia, pues en realidad, a causa de la esterilidad de dos años consecutivos como se experimentan, ninguno está en estado de poder pagar la cantidad que contra él se reclama; porque dando de barato, que se pusiesen en subasta sus bienes, estoy seguro no se presentaría un solo licitador; y por último pagarán una deuda que en cierto modo no contrajeron, convirtiéndose contra ellos en delito la virtud de respeto y obediencia que prestaron a su Cura; y haciéndolos deudores de una cantidad que por esta razón no entró en su poder. Por todo lo cual parece sea cosa pía y equitativa el absolverlos del referido cré-*

dito. V.E. sin embargo resolverá, como siempre, lo más justo y acertado. Dios guarde a V.E. muchos años. S. Lorenzo de Ouzande, y enero de 1.830. Juan Manuel Fontenla” (rubricado).

Ante este informe, no que o Párroco pasou de fiscal acusador a magnífico defensor dos seus fregueses, o Arcebispo pídelle ó Cura de Ouzande que amplíe o seu informe no que se refire a se o seu Antecesor Don Josef Aguayo fixo algunhas outras obras na igrexa, ou algún beneficio á mesma, ou á súa Fábrica; e a canto podería ascender o custo das mesmas, suspendendo mentres tanto a cobranza da débeda dos Fabriqueiros.

Podería calquera pronosticar o futuro pensando que un morto xa pode cargar con todo. Pero Fontenla está moi lonxe de semellante proceder. Comenza por dicir que lle consta, por voz pública, que no tempo do seu antecesor fixéronse obras importantes: un fermoso retablo no altar maior, dúas imaxes de S. Roque e da Virxe do Rosario (que aínda as veneramos actualmente). Enlousou de novo todo o corpo da Igrexa, pintouse a imaxe do Patrono S. Lourenzo, fíxose a pía da auga bendita que tamén se usa no día de hoxe e un calvario de pedra arredor do adro; fixéronse tamén dúas campás, unha houbo que volvela fundir porque escachou ó pouco tempo; fíxose a espadana para as campás, dun tamaño e labra regular e un osario a carón do muro do adro; iso aparte da menaxe para o culto como candeiros para tódolos altares; mesmo fixo un incensario, no que investíu algunha prata da igrexa suplindo o demáis el, do seu propio peculio, mesmo chegando a desfacerse das fibelas de prata, que daquela, tanto os cóengos coma os cregos graduados na Universidade, adoitaban levar nos seus zapatos. De seguido engade: “*Yo, Excmo. Señor, confieso ingenuamente que no tengo conocimiento para calcular, ni aproximadamente, el coste que habrán tenido todas estas cosas; y si neciamente me metiera a hacerlo diría por necesidad un desatino; pero con todo eso no dejo de conocer que pudieron costar mucho, si se atiende por una parte a la larga distancia a que está la cantería, y por otra a que los jornales eran mucho más altos que ahora: y por fin que todas las cosas tenían el doble*”

más valor que al de presente; y así debió ser por precisión, porque el valor de las cosas está por lo regular en razón directa de la moneda que circula. Es verdad que para todas estas cosas echó mano mi antecesor de todos los fondos de la Iglesia, así de fábrica como de Cofradías, haciendo de todos ellos una masa común al efecto; pero aún de este modo pudo suplir mucho de su bolsillo, y por necesidad debió suplirlo, porque todas las rentas de la Iglesia y caridades de las cofradías reunidas rarísima vez ascienden a mil reales de vellón, quedándose los más de los años entre ochocientos y novecientos reales y sacados de estos los gastos ordinarios, de cera, aceite, en tiempos en que estos dos artículos tenían un precio más que regular; y otros como retejo, reparos y lavaduras de las ropas, incienso, etc. etc. las sobras debían ser muy cortas, y de consiguiente nulas para obras extraordinarias de alguna consideración. Luego, habiendose hecho estas, como no se duda, no puede menos de haberlas costeadado mi antecesor. Dios guarde a V.E. muchos años. San Lorenzo de Ouzande, y enero 9 de 1.830. Juan Manuel Fontenla”.

Remátase a liorta cun decreto do Arcebispo no que dí que, polo exposto no escrito dos fabriqueiros, do informe do párroco e doutros informes que acadou, resulta que “*DON JOSEF AGUAYO fue un hombre exactísimo en el cumplimiento de sus obligaciones y muy celoso por el bien de su Iglesia en la cual gastó cuantiosas sumas a su costa para repararla, hacer las obras que en su tiempo se constuyeron y alajarla para lo cual llegó hasta a vender sus hebillas; declaramos que satisfizo superabundantemente en dichos años y hasta su muerte los doscientos reales que anualmente debía pagar a la fábrica, además de las doce misas rezadas.*”

Penso que ó ler ese decreto, D. Xoán Manuel brincou de ledicia, vú liberados os seus freguexes dunha angustia, deixou ben alta a figura do seu predecesor, e mesmo dalgún xeito aliviado da penuria económica para levar adiante as obras máis urxentes, a fin de que a rectoral fose medianamente habitable e a igrexa contase cos medios de culto elementais, xa que o mesmo Arcebispo

Ile axuda cunha cantidade de cartos e co regalo para a Igrexa dun Copón e unha Custodia de bronce dourado a fogo, que aínda están hoxe en activo. Destaca, non somente a bondade dun home, senón tamén a súa intelixencia, que non lle deixa corre-lo risco ós fregueses, como ten acontecido en relevos de cargos nos que os entrantes gastan as mellores enerxías desprestixiando ós seus predecesores, cousa que lles custa perdoar a cantas persoas se sentiron ben servidas por quen ocupou antes o cargo. Ben seguro que resoaran nos seus oídos as palabras de Cristo: “O templo é para os homes, non os homes para o templo “. Antes que salva-la Fábrica hai que salva-los Fabriqueiros.

UN HOME PARTICULARMENTE SENSIBLE ÁS DOENCIAS DO PRÓXIMO

Nos libros sacramentais fálase con frecuencia das suplencias que do Párroco de Ouzande fan outros sacerdotes por non poder asistir a certas celebracións fúnebres, bautizos ou casamentos. Pasados algúns anos dise que as suplencias son por indisposición do párroco; ata rematar na última década confesando que se sente afectado do mal da gota, polo que chega a facer casamentos na propia casa, ante un crucifixo (daquela os matrimonios non tiñan lugar dentro da Misa). Xa nos últimos anos obtén facultade expresa para facelo así do Arcebispo Cardeal García Cuesta.

É ese feito da encarnación, no mundo dos enfermos o que, seguramente, o leva a mostrarse particularmente sensible coas doencias físicas e espirituais dos seus fregueses.

El non é home de pensar somente na atención espiritual, senón tamén na vida do máis acá. Así, no 19 de novembro de 1.842 multa cunha onza, aplicada en misas pola defunta Feliciano Diéguez, ó xenro da mesma Fernando Durán, xa que pola súa incuria a defunta non testou nin se lle facilitou médico que a atendesese na súa enfermidade, e deste xeito evita metelo en gastos mais exorbitantes.

E no 4 de marzo de 1.851 consigna o feito da sepultura dun

defunto chamado Xoán Souto, casado en segundas nupcias por parte dela, con Rosa Rey, co rezo dunha vixilia e oficio de sepultura samente. Tomado literalmente o resto do relato, di: *“Aunque semifatuo y epiléptico de nacimimientto seducido por su muger, como un verdadero niño, pues realmente nunca pasó de la infancia, vendió todos sus bienes en globo y sin previa tasa. Es probable que haya malicia; si resulta que debe invertirse en funerarlo y misarlo. Falleció a las siete de la mañana del día antecedente, socorrido con el sacramento de la Extremaunción, Absolución por la Bula y recomendación del alma; durante los últimos días de su enfermedad careció de todo humano auxilio, debido este abandono a la criminal apatía del Presidente de la Junta Municipal de Beneficencia, sordo a las gestiones del Presbítero Felipe Tato, mi escusador; a las del pedáneo y celadores de esta parroquia, a las de varios vecinos de la misma, a las del enfermo tendido a su puerta, y por último a la comunicación que en medio del mal estado de mi salud, me vi obligado a hacerle con fecha 28 de febrero último. Ni aún el Sr. Juez de 1ª Instancia, al que oficié dando cuenta de su fallecimiento y abandono en que había estado los días antecedentes, se dignó enviar facultativo que lo reconociera, y certificara siquiera si la muerte era real o aparente, pues podía dudarse con fundamento acerca de ello, habiendo terminado sus días en uno de los accesos epilépticos que con frecuencia le acometían. Y para que conste en todo tiempo, como cura propio de San Lorenzo de Ouzande, lo firmo a los referidos día mes y año. Juan Manuel Fontenla”*. Rubricado.

No 2 de decembro de 1.855, deixa constancia do enterro dun home que finou no cárcere, e que el pedira o 30 de novembro que lle facilitasen un espacio onde poder escoitalo en confesion e administrarlle a Comunión, cousa que non fixeron. El engade: *“Falleció sin cura, sin médico ni Cirujano, y sin más auxilios que los que le hayan prestado sus compañeros de prisión, entre los que falleció. Y para que de todo ello haya noticia, y sin perjuicio de denunciar tan bárbaro y cruel abandono a quién corresponda el remedio, como Cura propio de la sobredicha lo firmo a los citados día, mes y año. Juan Manuel Fontenla”*.

Rubricado. A continuación escribe: *“Nota. En esta misma fecha denuncié al Promotor fiscal en términos fuertes el deplorable abandono en que yacían los enfermos presos”*. Hai unha rúbrica.

Este home ten claro que Deus quere salvar ó ser humano na súa totalidade, alma e corpo; que o mensaxeiro de Cristo non pode desentenderse do máis acó da morte, co pretexto de que o máis importante é o *postmortem*.

El séntese urxido a ser voz dos que non teñen voz. E na constancia escrita que deixa dos feitos, clama contra toda inxusticia, sen reparos de que alguén, nalgún caso, poida sentirse aludido. Abonde como mostra o que di a inscrición dun enterro feito o 6 de xaneiro de 1.857, dunha muller que finou *“... ASESINADA CON ALEVOSÍA Y CON TAN FIERA CRUELDAD que apenas en la historia de la estadística criminal de Galicia ofrecerán otro ejemplar, en su casa taberna de La Estrada, población reunida, inmediata a las casas consistoriales, a la que habita el Juez de 1ª Instancia accidental, camino en medio de la del promotor fiscal, cerca del cuartel del puesto de la Guardia Civil, y pared en medio de la de Luisa Pernas, en la tarde del día anterior, sin que nadie, al parecer, se haya apercivido de tan horrendo atentado, perpetrado con una hacha, según el testimonio del Certificado de los profesores que verificaron la inspección cada-vérica, que a la letra es como sigue: Don José Rivadavia Escribano de S.M. habilitado para el despacho de la de número de Don Francisco Oca, en este Juzgado, CERTIFICO, Que en la causa escrita y pendiente sobre la muerte de Francisca Blanco, viuda de Francisco de Castro, de San Lorenzo de Ouzande, acaecida el cinco del corriente por la tarde, aparece una declaración de los facultativos Licenciados en Medicina y Cirugía, Don Serafín Pazo, el Médico Don Gregorio Alvarez Conde y el Cirujano Don José María López de la que resulta que la Francisca Blanco fue muerta violentamente y con alevosía a beneficio de distintos golpes y cortes dados con una hacha en el cuello y cabeza, que produjeron la muerte instantánea. Para que*

conste, y para dirigir al Sr. Cura de la citada parroquia, firmo la presente en Tabeirós a seis de enero de mil ocho cientos cincuenta y siete. José Ribadavia. Hay una Rúbrica. Se le dio sepultura sin ningún oficio, ni exequias, a causa que se dio sepultura al anoecer; ni hay noticia de que tuviese hecho testamento. Y para que conste lo firmo y sello en mi casa rectoral de Ouzande, a diez días del mes de enero año de mil ochocientos cincuenta y siete, Juan Manuel Fontenla.”

Na primeira parte do escrito deixa ben clara a súa denuncia de que a cupabilidade deste crime pode corresponder a máis dunha persoa, sexa como autores ou como encubridores do feito.

¿Quen matou ó Meco? Matámolo todos, ou polo menos varios. Na súa mente hai sospeitas polo menos de quen pode ser encubridor.

UN HOME PREOCUPADO POR DOTAR A PARROQUIA DOS ELEMENTOS NECESARIOS

Sabendo que o importante son as persoas, decátase tamén que para atendelas na súa vertente social, a Comunidade ten que estar dotada de certas estruturas, ou elementos materiais de utilización comunitaria, como son o espacio adicado ó desenvolvemento da predicación, da celebración dos sacramentos, da acción litúrxica en xeral, e tamén os espazos destinados a dar sepultura ós defuntos.

Sobre a cuestión do espazo de enterramentos atópase o Cura Fontenla, ós poucos anos de chegar, cunha nova situación. Ata o ano 1.833, os defuntos recibían sepultura dentro dos templos. Así o viñeran facendo en Ouzande dende tempo inmemorial. A nova normativa legal pilla a tódalas parroquias carentes dun espazo apropiado, que se chamaría cemeterio –termo de orixe grega que quere dicir “dormitorio”– e iso levou a case tódalas freguesías a utilizar con esa finalidade os adros das Igrexas

O adro de Ouzande, por tratarse de terreo mui rochoso, era francamente inepto para ese destino, razón pola que o crego

pediulle dende o pincipio ós vecinos un esforzo para crearen un novo cimenterio.


Emanara unha disposición do goberno, por estes anos, de que os cimenterios se constrúsen con fondos da fábrica; de non telos, con fondos de bens propios dos pobos, e de no habelos tampouco, que as autoridades superiores proveesen. Como fondos de Fábrica non había, e a superioridade tampouco resolvía, a cousa foise demorando, ano tras ano. No 25 de marzal de 1.847, o párroco dalle sepultura dentro da igrexa de San Lourenzo ó cadáver da súa propia nai, Josefa García, viúva de Ramón Fontenla, que finou na casa rectoral. E remata a inscrición dicindo: *“La sepultura en la iglesia fue provisional, interin no se construye el cementerio, para evitar que el cadáver fuese pasto de los perros y cerdos, como está sucediendo con otros, a causa del malísimo estado de las sepulturas del atrio, y estar éste enteramente abierto; resistiéndose el vecindario a su mejoramiento, o construcción de otro separado del atrio y competentemente murado, fue preciso acudir a la autoridad municipal para compelerlos, como tuvo efecto; tan luego se concluyan las obras serán trasladados a él este cadáver y los restos de los demás que yacen en el atrio medio insepultos. Y para que conste, lo firmo a los referidos día mes y año, Juan Manuel Fontenla”*. Rubricado.

Realmente, o respecto que lle merecía a defunta nai, ou calquera outro defunto, superou o temor a ser sancionado por violala lei, dando testemuño ós fregueses, a quen de seguro lles expuso as ideas, aquí contidas, na homilfa do enterro da súa nai, facéndolles comprender que o respecto á tradición do culto ós defuntos dos devanceiros é superior ó dos cartos dos que había que desprenderse para darlles honrosa sepultura. Foi o tiro de gracia que motivou o remate da obra, da que deixa constancia no libro de Fábrica f. 203 v. que *“lo hizo de su cuenta”*, anque noutro lugar di que os veciños correron co gasto de carreta-la pedra para muralo; que lle custou tres mil reais. Era para que houbese alí lugar para dar sepultura en terra a tódolos veciños da parroquia, e a calquera pobre ou peregrino que nel finase. Tratábase

dun espacio reducido dabondo, que, segunda un escrito de xullo de 1.911, para a liquidación de impostos de dereitos reais, samente acadaba dúas áreas con noventa e nove centiáreas. Seguramente que para daquela era solución mais que suficiente, porque non se construían panteóns, e sospeito ademáis que o espacio ocupado por cada sepultura era máis reducida que agora, pois será na década seguinte cando empece a dicirse nalgunhas partidas: “*Recibió sepultura en hábito de tal santo y en caja de madera*”. O que me leva o convencimento de que naquela época, tanto dentro de igrexa coma no adro ou no cemeterio, depositaban os cadavres na cova, vestidos xeralmente cun hábito de picota, de S. Francisco, ou envolveitos nunha saba branca.

Denantes de enfrontarse coa construción do cemeterio, D. Juan Manuel enfrontouse con outro problema. Foi o de dotar ó lugar de A Estrada dun centro de culto, que, tanto por serlle coñecida a devoción á Peregrina en Pontevedra, coma por ser ese lugar paso frecuentado por moitos peregrinos, no dubidou e adicarlo á Virxe Peregrina.

Na súa mente poida que entrasen varias razóns: 1ª, cada Cura era moi celoso de que os seus fregueses non se desvinculasen da parroquia para asistir ós cultos en lugares fóra da súa propia, como podía ser a capela do Espírito Santo, ubicada tamén na Estrada, en términos da parroquia de Figueroa; ou á igrexa de Figueroa, ubicada no actual cemeterio de A Estrada. Perder membros da parroquia sentaballe moi mal ó resto dos fregueses, e por suposto malisimamente ó parroco, porque perdía dereitos de percibir dezmos e oblatas; 2ª Fontenla, ben seguro que coñecía as disposicións que os Bispos, nas visitas pastorais, ían deixando consignada nos libros da Fábrica, e sabía que nalgunha insistirán en que os fregueses de Ouzande, acudisen á Misa dominical na igrexa parroquial; era un xeito de evitar o que a veces dicimos “*cumpro y miento*”, porque quedaban coa conciencia moi tranquila asistindo a unha desas misas que oficiaban sacerdotes patronistas, sen responsabilidade de predicar no evanxeo cada domingo; 3ª, Fontenla sabía ben –pois foi el quen transcribú ó



Sepultura ágrafa do camposanto de Ouzande, onde se enterrou a D. Xoán Manuel Fontenla. O cáliz e o bonete tallados na pedra denotan o estado sacerdotal de quen xaz nela.

libro de Veredas mandado levar por D. Rafael de Velez, no ano 1829– que o Monarca Fernando VII dera o mandato de prohibición de facer feiras e mercados en domingos e festivos. Tiña o convencimento de que esa norma so cabía no maxín dun Rey

absolutista que ata se facía ministro de Deus, e non ía ser levada á práctica na Estrada, porque non se podía pedir á xente que deixase un día enteiro os seus labores no campo o co gando, para ir mercar ou vender, porque a poboación está diseminada, e os camiños moitas veces difíciles de transitar. Tampouco os da Estrada ían deixar de estar á espreita do arrieiro, peregrino ou viaxeiro calquera que fose para facer coel algún trato comercial.

Posiblemente, revolvendo no seu maxín, evocou a frase do evanxeo de S. Xoán: “*A Palabra fíxose carne e prantou entre nós a súa tenda*”. Antes de irmos nós onda el, ven el onda nós. Pensado, toma a decisión: Edificar unha Capela na Estrada, no entorno onde se fai a feira, e onde está a construírse o novo cárcere, ubicado onde hoxe se encontra o centro da terceira idade.

Coa obra en marcha, o seis de agosto de 1.841 diríxelle ó Gobernador Eclesiástico da Metropolitana Igrexa do Señor Santiago (O bispo está desterrado) o seguinte escrito; *Habiendo dado principio a la construcción de una capilla en el pueblo de La Estrada, términos de Ouzande, inmediata a la Cárcel del partido que también se está construyendo, para que puedan oír Misa en ella los concurrentes a la feria mensual que allí se celebra, y al mercado semanal, como igualmente los presos de la cárcel, que podrán hacerlo desde las rejas del mismo edificio, corriendo por cuenta del Cura y los vecinos el sostén y decencia de la referida capilla, advocación de la Peregrina, a V.S. se lo representa y rendidamente, SUPLICA se sirva aprobar su erección y conceder al que representa facultad para bendecirla, provista que sea de todo lo necesario para que con la decencia debida pueda celebrarse en ella el Santo Sacrificio de la Misa, y rezarse por la Bula los días que se saca Anima, en lo cual recibirá especial favor el suplicante. Dios guarde a V.S. muchos años. Agosto 6 de 1.841. Juan Manuel Fontenla*”. Rubricado.

Nesa mesma data, o Gobernador da Diócese, Dr. Ávila, en vista dos informes sobre a conveniencia e do compromiso de que non supón para a Diócese carga económica ningunha, concede a licencia, deixando ó criterio do párroco a forma, arte e ornato, e

mesmo a capacidade que ha ter a capela. Outórgalle xa a licenza para que, unha vez concluída, perfectada e provista de todo, poida bendicila o mesmo párroco e se celebre nela o Santo Sacrificio da Misa sen perxuicio do dereito parroquial. Signa Matías Ignacio Acosta.

No mesmo documento Fontenla consigna: “*Fabricada a espensas de las caridades de las cofradías de la matriz, y del Cura, y surtida del preciso recado, se bendijo y abrió al culto público el 19 de marzo de 1.842, Juan Manuel Fontenla*”. No libro de Fundacións deixará constancia, en escrito de 16 de xaneiro de 1.867, de que a construción da capela lle supuxo un investimento de catro mil reais “*fuera de la comida de los operarios*”.

O gozo de abril ó culto faille mais doloroso o ter que consignar con tristura dezaseis anos despois, o dato seguinte: “*En 25 de junio de 1.858 se cerró de orden verbal del Excmo. e Ilmo. Sr. Arzobispo de esta diócesis, y trasladó a la parroquial, procesionalmente, la imagen de la Peregrina, crucifijo, candeleros y todo el más recado a la misma, cantándose por último una Misa. Y para que conste lo firmo, fecha ut supra. Juan Manuel Fontenla*”. Rubricado.

Ainda que neste relato non se menciona, seguramente o traslado fíxose en data distinta; desa capela debeu ser tamén levada a Ouzande, a campá pequena que ocupa o oco máis alto de espadana do campanario de Ouzande, porque leva a inscrición, “Juan Manuel Fontenla 1.844”. Tivo que ser feita para esa capela, e permanece, coma a mesma imaxe da Peregrina, como testemuñas daquela igrexa hoxe desaparecida. E a campá, por certo, non muda, porque aínda emite os seus sons nos días das festas do Patrono e do Socorro, e segundo me dixeran os veciños, soou tamén cada vez que foi usada para chora-la morte dun párroco.

A propósito de campás, convén engadir que delas dicían en Latín os historiadores primeiros da idade media:

“*laudo Deun verum, plebem voco, congreso clerum
defunctos ploro, pestem fugo, festa decoro*”

Louvo ó Deus verdadeiro, convoco á plebe, reúno ó clero,
choro os mortos, escorrento a peste, solemnizo as festas.

Deses servicios, digo, a campá pequena da Peregrina fainos aínda todos anque chorar seica só chora cando morre o párroco !Pois que tarde moito en facelo!

O relato da procesión do traslado deixa entrever que, máis que un desfile triunfal, tratouse dun viacrucis martirial no ánimo do párroco Fontenla, que dera á luz a criatura con apuros e dificultades, e ten agora que deixar de utilizala.

A capela, solicitada para misa de domingos e festivos, sempre se utilizou para algo mais; alí celebráronse casamentos de xente daqui da Estrada, e mesmo, en certas ocasións, estivo alí depositado algún cadáver antes de recibir, ó día seguinte, sepultura en Ouzande.

Unha vez pechada ó culto, e co nome de capela de Santa Lucía, aínda se celebrou alí algún casamento. Dame a impresión de que debeu, sen que eu poida atopar constancia escrita no arquivo, ser vendida a algún particular. D. Pedro Varela dí que foi vendida a D. Benito María de Oca. E que foi demolida contra o ano 1.884, coa protesta dos veciños de Ouzande que alegaban dereitos sobre ela, alegando que se construíra con fondos da súa parroquia, o que era certo, engadíndolle “e cos do seu Cura”; pero o tal cura xa finara en 1.869 e a súa voz non era audible.

JUAN MANUEL FONTENLA, INSTRUMENTO DE PAZ E AVINZA ENTRE OS FIEIS DA PARROQUIA, E DESTES COAS PARROQUIAS LIMÍTROFES OU VECIÑAS

Non podíamos supoñer menos de quen buscou sempre a paz, a concordia e o ben común da xente.

Deixando a un lado a súa participación en prorratesos de augas entre os veciños, dos que quedan constancias, vou referirme somente a dúas actuacións súas que me chamaron a atención. Referireime, en primeiro lugar, a unha xuntanza que, con outros



Fachada da igrexa parroquial de Ouzande. No máis alto do campanario a campaiña procedente da capela da Peregrina, mandada fundir no 1844 polo cura Fontenla e que, según a tradición parroquial, repenica polo S. Lourenzo e polo Socorro, e chora a morte dos párrocos.

veciños de Ouzande e un grupo de San Andrés da Somoza, efectuaron “... en el alto de la Forcabedra (sic) monte de las parroquias de San Lorenzo de Ouzande y San Andrés de la Somoza a cinco días del mes de octubre año de mil ochocientos sesenta”.

Nesa xuntanza chegan a fixar a línea divisoria e a chantar os marcos para que no futuro non se produzan desavenencias entrámbalas dúas parroquias.

Noutro caso, cun veciño que fai o que non debe coa auga da Fervenza, pon en práctica o consello evanxélico de que se alguén peca contra nós falemos con el primeiro, despois chamemos a dous ou tres para que, ante testemuñas, escoite a corrección ... e se chegas a acordo, salvaches a teu irmán. Fontenla deixou constancia de que o camiño proposto por Cristo dá resultado; e no folio 130 do libro de fundacións escribe: *“En la rectoral de S. Lorenzo de Ouzande, a nueve días del mes de septiembre del año de mil ochocientos sesenta y dos, ante los testigos que avajo se dirán, pareció presente Antonio do Campo, vecino del lugar de Alemparte, y reconvenido por el Sr. Cura de la misma a causa de que había estraído agua de la Fervenza, a la derecha del cauce del arroyo del mismo nombre, sin posesión ni derecho alguno para hacerlo él ni su difunto suegro Jacinto Tato, perjudicando en ello no solo al repetido Sr. Cura sino también a los aparceros de los molinos que se sirven del agua del indicado arroyo colocados todos a la izquierda del mismo; a evitar un interdicto que el Sr. Cura trataba el mismo día interponer contra el sobredicho para que a lo sucesivo no haya motivo de nuevas cuestiones, ni se perjudique los derechos del iglesario y aparceros de los molinos, desde ahora se obliga a cerrar el cauce por donde introdujo el agua en su nueva cerrada de la Fervenza y destruir el estanco de terrones según se halla, desde el principio de mayo hasta el primero de diciembre, a no ser que con anuencia expresa del actual Cura o sus sucesores, y por haber abundancia sobrada de aguas para los referidos molinos e iglesario, se le permita abrir dicho cauce, y regar en este tiempo, excluido los días que tenga a bien él o sus sucesores permitírsele; más de ninguna manera, ni en estos tiempos dichos ni en cualesquiera otros del año que por escasez de aguas no puedan moler los molinos sino a pozadas, podrá aprovecharse de agua alguna, pena de sufrir las consecuencias de un interdicto. Y para que así se lo hagan cumplir otorga esta obligación que firman de su puño el Sr. Cura y refe-*

rido Antonio ante los testigos D. Manuel Campos Otero y D. Felipe Tato, presbítero patrimonista de esta parroquia a los mismo día mes y año ut supra. Antonio do Campo, Juan Manuel Fontenla, Manuel Campos Otero. Felipe Tato". Rubricado.

Fermoso proceder. Presencian o acordo dúas persoas de tanta confianza como un sacerdote e un seminarista, que catro anos máis tarde era xa sacerdote tamén. O Cura non somente trata de evitar un perxuízo para sí, senón tamén para os sucesores e para os veciños usuarios dos muíños da Fervenza, que na actualidade a asociación cultural –que leva precisamente o nome de Fervenza de Ouzande– quere recuperar e coidar coma un valor cultural e histórico. É cousa de alegrarnos. Fontenla non defendía somente o ovo senon tamén o foro, se cabe dicilo así.

DON XOÁN MANUEL FONTENLA, RELATOR DA HISTORIA DE OUZANDE E DA ESTRADA

Todo evanxelizador, e todo responsable dunha comunidade cristiá é, pola súa propia misión, como decía S. Paulo ós de Corinto, no cp. II da primeira carta: “*O que eu recibín do Señor, transmitíñvolo a vós*”, un relator de feitos do pasado. Poida que se deba a esta condición de pastor de Ouzande, o feito de que Fontenla manifeste unha particular inclinación a deixar constancia escrita de moitas cousas que outros pasaría por alto, e que resultan tan gratificantes que ben merecería, anque o fixese de gratis e sen soldada, o título de *Cronista da Estrada*.

Polo que escribú podemos saber como foi o nacemento da Vila da Estrada, e mesmo da sociedade que emerxe en España cando pasamos do antigo réxime, de realezas con poderes absolutos, ó novo réxime onde os pobos acadan cotas de autogoberno, situacións ás que se chega por medio de procesos lentos, doorous, como se fose un parto que durou a meirande parte do século XIX; acontecer que lle tocou vivir a este home máis da metade da súa vida en Ouzande, por suposto.

De mozo novo soubo do que vivíu Galicia coa invasión das

forzas francesas; de cantas vidas e bens lle arrebatou a Galicia ese feito, e tamén do orgullo que supuxo para a nosa terra ter contribuído de xeito tan significativo a que os exércitos de Napoleón tivesen que retirarse de España. Mesmo en Ouzande consígnanos dous datos gozosos para el, non por que morrese xente, senón polas razóns que os expuso á morte. Dinos no libro 2º de defuntos, folio 19 volto: *“Dentro de la iglesia de San Lorenzo de Ouzande, a veintiséis días del mes de octubre de mil ochocientos cincuenta y siete, se hicieron los funerales de entierro, honras y oficio de sepultura por el ánima de José Rodríguez, hijo de Lorenzo y Dominga da Vila, vecinos que fueron del lugar de las Cachopas, términos de esta mencionada parroquia, que **falleció gloriosamente en la Batalla de Bailén**, julio de mil ochocientos ocho, según las noticias que pude adquirir. Los herederos le tenían por muerto para aprovecharse de su legítima, mas para funerarlo lo daban por vivo; y atendiendo a que van transcurridos cincuenta años aproximadamente desde dicha memorable batalla, sin que hubiere de el la menor noticia, y por el contrario es común voz y fama que murió en ella le hice las referidas exequias con el número de seis señores sacerdotes, cuyo estipendio importante la cantidad de ciento veintiséis reales aboné por los herederos, como también la parba que importó siete reales, y la iglesia es acreedora a una libra de cera que se le cargó por la consumida en las tres funciones, Y para que de ello haya noticia y conste, como cura propio de la misma lo sello y firmo a los referidos día mes y año, Juan Manuel Fontenla”*. Rubricado .

Seguida desta consigna outra inscrición que di: *“Dentro de la parroquial de San Lorenzo de Ouzande, a cinco días del mes de noviembre de mil ochocientos cincuenta y siete se hicieron los funerales de entierro y honras, con cuatro señores sacerdotes incluido el Cura, por el ánima de José Ribeyra, soltero, vecino que ha sido del lugar de Bedelle, términos de Ouzande, y Granadero de la Columna de Galicia, que **murió, según noticias, peleando por la independencia de la nación y por las leyes patrias en la batalla de Rioseco el día catorce de julio de mil ochocientos ocho, todo por disposición de su única hermana, y***

heredera ab intestato, Juana Ribeyra, viuda de Ignacio Trigo. Y para que de ello haya noticia como Cura propia de esta mencionada parroquia lo sello y firmo al referido día cinco de noviembre de mil ochocientos cincuenta y siete. Juan Manuel Fontenla". Rubricado.

Para Constenla saber que un fregués, que fora noutro tempo da súa parroquia, estivese entre os que, baixo o mando de xeneral Castaños, obtiveran unha victoria tan clamorosa sobre o xeneral francés Dupont, coa que Napoleón fora derrotado por primeira vez en Europa, era motivo de gloria.

Tamén esa gloria foi escurecida, xa antes de coñecer a de Bailén, por outro feito luctuoso que ten que vivir el en Ouzande, con ocasión das guerrillas carlistas. Tiñamos coñecemento, por D. Pedro Varela, de que o sete de abril, finara na Estrada Fernando Lorenzo, sepultado en Guimarei, e que tamén morreran na mesma data D. Eduardo Otero e D. Gonzalo Arén, fusilados polos carlistas. Non cita mais mortos, pero ... algúns quedáronlle no tinteiro xa que no folio 90 v. do libro 1º de difuntos de Ouzande figura o seguinte escrito: "*Dentro del Cementerio de la parroquial iglesia de San Lorenzo de Ouzande, a ocho días del mes de abril año de mil ochocientos treinta y seis, se dio sepultura con un responso a un cadáver que, según noticias era de un joven vecino de la parroquia de San Vicente de Verres (sic), muerto de un balazo por la partida del Rebelde López en la incursión hecha en el pueblo de la Estrada en la madrugada del día de ayer. Y para que conste lo firmo a los referidos día mes y año. Juan Manuel Fontenla*". Rubricado.

Coa benevolencia do Sr. Cura de Guimarei, D. José Luis Blanco García tiven acceso ó libro de defuntos desa parroquia para ver que datos había neles sobre os mortes nesa data. Atopeime que, no folio 25, o Cura Núñez deixa constancia de que: "*En el atrio-cementerio de San Julián de Guimarey, a ocho de abril de mil ochocientos treinta y seis se dio sepultura al cadáver de Don Fernando Lorenzo, que se halló en el camino público del lugar de la Estrada, términos de esta parroquia; fue*

enterrado de orden de la Autoridad, acompañado de José Requeijo, vecino de San Breixome de Lamas, alguacil de semana del Sr. Juez de 1ª Instancia, y José do Campo Mayordomo pedáneo de la misma, con el ceremonial eclesiástico que presidió D. Manuel M. Peña, presbítero. Para que conste lo firmo con los testigos que, entre otros varios, fueron Miguel Vila, Julián Ferro, Francisco da Ponte, Juán Durán, todos de aquí. Asinado e rubricado, fai constar de seguido que: “Dª Ramona Aren pidió licencia, por medio de D. Antonio Paseiro, Boticario, para trasladar a San Martín de Rióbó los cadáveres de su marido D. Eduardo Otero y su hermano D. Gonzalo Arén, que también se hallaron en el camino de la Estrada, términos de esta parroquia de Guimarey. Concedió la autorización el ocho de abril de 1.836”.

Movido da curiosidade boteille unha ollada ó libro de defuntos de Figueroa, e no folio 59, atopeime co seguinte escrito: “*En ocho de abril de mil ochocientos treinta y seis se dio sepultura eclesiástica en el cementerio o Campo Santo, al cadáver de José Rey, de estado casado, y marido que fue de Josefa Durán, vecinos de Figueroa. No recibió Santo Sacramento alguno por haber sucedido la muerte desgraciadamente de dos tiros, y haberse reconocido por la Justicia de esta Jurisdicción. Y tan solo llevó un oficio de sepultura. Y para que conste lo firmo con dicho Cura párroco, al día mes y año de arriba. Manuel Alvarez Monteserín. Andrés Buceta*”. Hai dúas rúbricas.

Chaman a miña atención os matices na forma de dar sepultura e na maneira de relata-lo acontecido. Tanto en Guimarei coma en Figueroa non son actuantes ningún dos párrocos; faise o servizo por medio de sacerdotes delegados. O Cura de Ouzande, que tantas veces tivo que valerse de delegados, ou escusadores que dicía el, por falta de saúde, neste enterro figura actuando el. Mentres o de Guimarei fala de mortos “hallados en el camino público”, e o de Figueroa de “haber sucedió la muerte desgraciadamente de dos tiros”; dos citados en Guimarei mesmo nin se menciona a causa da súa morte, e nin o Cura de Guimarei nin o de Figueroa fan alusión ós autores. Fontenla nomea a causa da morte e quen

son os asasinos. Non sería nada fóra de camiño sospeitar que as simpatías do clero estivesen, (ata acontecer que mesmo un cura de Arca, segundo conta Pedro Varela foi sentenciado a pena de morte por asociarse con grupos carlistas na guerrilla) uns cos carlistas e outros –o de Ouzande por exemplo–, cos liberais. Velaí como se lle atopa motivos a que no 1.840, cando o Concello da Estrada ergue un monumento á Constitución do Estado aprobada no 1.837, para que quede como símbolo do Concello da Estrada, que nace nesa data, na praza principal do noso pobo, que daquela aínda non era vila. Na columna disque había unha praca metálica na que se lía CONSTITUCIÓN – 1840. Disque tiña tamén, gravada na pedra da parte baixa do monumento o seguinte texto da autoría de Fontenla:

El Cuerpo Municipal
fija este punto en su historia
para perpétua memoria
del siete de abril fatal.
A un porvenir venturoso
consagra este lateral:
digno es pueblo tan leal
de paz, justicia y reposo.

Dicir que o sete de abril foi un día fatal, o día en que, polo menos, na Estrada cinco veciños do Concello finaron de morte violenta, para Fontenla non quere dicir mal inevitable, senón acontecemento moi dooroso e infeliz que alguén –el cita ós autores, podendo ter gardado silencio–, provocou. Ben seguro que estaba convencido de que A Estrada non merecía tanto sufrimento.

A idea de estar protexidos por unha Constitución e de ir o pobo acadando a posibilidade de non sentirse gobernados por déspotas vese que lle creou ilusión. Por datos que me facilitou –e que agradezo– Juan Andrés Fernández Castro, Fontenla participou como candidato e obtivo Acta de Deputado Provincial en abril de 1.841.

Fontenla non somente transmite relatos coa intención de

mante-la memoria histórica. Moitas veces deixa caer datos coma quen non quere a cousa, que, tidos en conta no seu conxunto, dannos a coñecer o nacemento do pobo, con todo o que lle supón irse dotando das estruturas necesarias, sendo aínda un pobo tan pequeno. Fálanos da construción do cárcere por exemplo; e el sabía da necesidas de tal centro, xa que na páxina na que inscribiu a primeira defunción, o Cura interino Francisco de Baños deixara escrito o seguinte: *“En dieciocho del mes de agosto de mil ochocientos veintiocho se dió sepultura en la parroquial iglesia de S. Lorenzo de Ouzande, en la que está frente a la puerta principal, al cadáver de un hombre que, estando en la cárcel con otros, que se decía ser contrabandistas, y habiendo venido unos a romper la cárcel que se hallaba en el lugar de Bedelle de esta parroquia, los agresores hicieron fuego, de resultas de ello resultó un hombre muerto, sin que sepa yo nombre, apellidos ni patria. Se le dio sepultura en virtud de parte que por escrito dio el Comandante que comanda la tropa que había aprisionado a dichos presos, después de haber sido reconocido por el facultativo Don José Torrado, vecino de Santa María de Aguiones. Y para que conste, como Cura Ecónomo de esta parroquia, lo firmo dicho día mes y año. Francisco Baños”*. Rubricado.

Non son eu quen de asegurar con que tipo de elementos se contrabandeaba alá polos anos trinta do século XIX; o que sí creo e que, vendo o que facían co cárcere de Bedelle, –rompelo, di o Cura–, se sentise a urxente necesidade de edificar outro, aquel que todos coñecemos deica os anos setenta, con certas trazas de fortaleza.

O que está visto é que o relator dos acontecementos preséntanos a imaxe dunha sociedade que vive tempos aciagos; unha e outra vez afirma nas inscricións dos enterramentos que se trata de persoas pobres, polo que non fixeron testamento; que o Cura con dous sacerdotes máis fai o servico de balde; que se prodigan os roubos nas igrexas, como pasou na de Ouzande. Refíreo deste xeito Fontenla nas últimas páxinas do libro de Fundacións, non numeradas; *“Año de mil ochocientos treinta y dos y treinta y tres*

fue robada dos veces la iglesia, la primera abriendo la puerta traviesa con ganzúa y la de la sacristía violentada con palanqueta; en la segunda destrozada la puerta traviesa con taravela o virviquí, y la de la sacristía como la vez primera. Por la causa que sobre el primer robo se instruyó, en la que eran implicados Juan Blanco como Fabriquero, y dos rondas, una entrante y otra saliente, y en una función solemne que el Prelado mandó hacer en desagravio al Santísimo Sacramento, con todo el clero del Arciprestazgo, reposición de puertas, cepos destrozados, albas, manteles y toallas robadas, se invirtieron mil reales”. En canto ó segundo roubo, consignara dúas páxinas antes: “En virtud del parte que del primer asalto di a la autoridad, se instruyó expediente; y no habiendo resultado del sumario indicación alguna de los perpetradores de tamaño atentado, se mandó con acuerdo de la Real Sala del Crimen suspender y archivar el expediente, sin perjuicio de continuarlo a lo sucesivo, siempre que para ello apareciese nuevo motivo; y como esto ocasionó gastos que no podían menos de recaer sobre el Fabriquero y vecinos, por faltar al cumplimiento de la Real Orden que prevenía las patrullas, cuando se verificó el segundo asalto, la Parroquia reunida me suplicó no diese parte, por evitar gastos, obligándose a reponer de su cuenta las alhajas robadas y destruídas; a lo que accedí con dificultad. Y para que de todo haya noticia y conste lo firmo en mi casa rectoral a 30 días del mes de diciembre de 1.833. Juan Manuel Fontenla”. Rubricado.

Os tempos son tan aciagos que, polas décadas de 1.840-50, ademáis de consignarse o dato de que morre xente nas Guerras Carlistas, morren tamén fóra da parroquia emigrantes a quen a extrema necesidade obrigou a abandonar o país; temos noticias de defuncións ocorridas en centros hospitalarios de Ciudad Rodrigo, Xerez de la Frontera, “ciudad y puerto de Cádiz” ... etc. onde se rexistran varias defuncións.

Finalmente, como dato para mín máis espeluznante, está o de que nalgún ano por eses tempos fixéronse na Parroquia de Ouzande mais enterramentos de persoas que morreron no cárcere

que fóra déla. Finaron dentro nenos, fillos de nais privadas de liberdade; homes e mulleres de parroquias limítrofes; presos doutras concellos do Partido da Estrada, presos doutras provincias; mesmo varios detidos, condenados xa a presidios, que ían en tránsito para ingresar no penal da Coruña, e que chegaban a Estrada en estado lastimoso, coma cristos na rúa da amargura, que non samente cearon alí, senón que alí mesmo morreron.

Morre xente privada da liberdade por delitos polífticos, por crimes contra a vida e a propiedade; mesmo unha muller de Couso de Campo Lameiro, que andaba “pordioseando ostiatim” –fermosa expresión conservada polos nosos Curas rurais– por roubar unha mazaroca de millo e veu dar cos seus ósos no presidio da Estrada ... son as dores de parto dunha sociedade nova que está a nacer, dunha vila que debe ser capital dun Concello e dun Partido Xudicial, mais que aínda carece das estruturas necesarias para elo. E sendo cruce de camiños de bastante tránsito e lugar de feiras de alta importancia, preséntase tamén coma cebo ou engado para quen ten que buscar mellores condicións de vida, e tamén para aqueles que, carentes de escrúpulos ou metidos no vivicio pensan na Estrada como lugar propicio para atentarse contra bens e vidas. Deixa tamén anotadas o noso Cura-cronista dúas cousas que, estas sí, son fatalidades inevitables; trátase dos derradeiros escritos consignados no Libro de Fundacións, que transcribo na súa literalidade:

“En 25 de septiembre de 1.853, a la una de la tarde se presentó una fuerte tronada por sudoeste y descargó tal copia de agua y granizo del monte del Zó hasta la Iglesia de esta parroquia, que nadaron las arcas en algunas casas del Redondo, destruyó el camino del Curro, y llevó cuanto encontró por el arroyo de la Fervenza, causando muchos daños en el Iglesiasario y en los terrenos que siguen al Salgueiral hasta el camino de Alemparte; se metió el arroyo en varias casas de este lugar, destrozó muros y caminos, máxime en el lugar del Río, y no se extendió más allá del Redondo y de las Carballas.”

Engade máis adiante que ... *“el 13 de diciembre del mismo*

año, desde las siete de la mañana principió a soplar un fuerte viento sudeste arreciando en términos que a las diez y media era un desatado uracán (sic); hizo mil daños, cuya extensión y por menores aún se ignoran. En esta Iglesia parroquial derribó el campanario sobre el techo de la misma, a pocos minutos de salir de la misa, derruyendo todo el cuerpo de la Iglesia, sin dejar nada sano de cuanto halló debajo: techo, fayado, vigas, tribuna, valdosado, pared del mediodía, dañando también la del norte, salvándose como por milagro una campana; sin que ocurriese más desgracia alguna. Quedaron intactos los retablos, altares y efigies. Y para que de ello haya noticia lo anoto a los mismo 13 de diciembre de 1.853. Juan Manuel Fontenal”. Rubricado. Deixa tamén constancia da construción do novo campanario, no 1857, polo que percibiu o mestre canteiro Valente 3.247 reais “a mojado”.

E finalmente un broche do cronista, que nos permite achegarnos á data da construción do Cruceiro da Estrada. No mesmo libro das Fundacións deixou escrito: “*Por conducto de Don Manuel Sueyro, vecino de San Miguel de Couselo se me manifestó un apunte en papel común relativo al apeyo y demarcación entre el Coto del Viso y la Jurisdicción de Santa María de los Baños de Cuntis, verificado por los años de mil seis cientos cincuenta y cuatro, cuyo tenor literal es como sigue = Demarcación del monte del Coto de Viso. Demarcación con la Jurisdicción de los Baños, hecha con asistencia de ambas Justicias en 6 de agosto de 1.654 años: Información hecha sobre los límites del monte y Jurisdicción del Coto del Viso hecha en 16 de julio de 1.654, por ante Diego de Castro, Escribano; Empieza en el CRUCERO DE LA ESTRADA y camino cordel derecho a la mámoa de Mamonte, y a la Cueba del Ladrón, y a la Fuente Matanza y Espiño das Barbas, y desde allí a las piedras Rubias, y al Outeiro de Sangal y Carballo do Porto Fragoso, y de allí corre por el Rio arriba al puerto de Filgueira Coba, y al Outeiro do Sixto y Portela do Silbal y piedra Cabalar y Bortarelas, y vaja al molino de par de Só y remata en el puerto Aboieiros y lugar de Sar. Y para que de ello haya noticia y conste en lo sucesivo he resuelto*

sacar esta copia literal que firmo y sello en la Rectoral de San Lorenzo de Ouzande, a 5 días del mes de noviembre, año de 1.860. Juan Manuel Fontenla. Rubricado.

Sen el pretender máis que deixar constancia dos límites entre montes do Coto do Viso e da Xurisdicción de Cuntis, facilítanos un dato importante sobre a construción do Cruceiro da Estrada, erixido antes da segunda metade do século XVII, do que estabamos carentes ata o de agora; graciñas Fontenla. A derradeira lección que me dixou meu bisavó cura de Ouzande (chámolle así porque, sendo eu cura da Estrada e Ouzande e, tendo en conta que ó quedaren unidas as dúas parroquias tralo pasamento de Fontenla, entre os dous houbo só dous párrocos: D. Francisco González de Penela e D. Nicolás Mato Varela; eu, xa que logo, veño sendo bisneto daquel) véxoa no seu testamento, do que lle agradezo a Juan Andrés Fernández terme facilitado copia, e que fora outorgado perante o Notario da Vila da Estrada don Manuel Santamarina, que se achegara á rectoral de Ouzande coa finalidade de redactar o testamento o día 23 de abril de 1869 –Fontenla finou o día 8 do mes seguinte, con 78 anos de idade–. Para quen pense, aínda hoxe, que está xustificada a afirmación “vivir coma un cura”, viríalle ben saber que D. Xoan Manuel, ós seus 78 anos, con 41 de párroco en Ouzande, os únicos bens que con certeza posúe son as lexítimas que herdou de seus pais en Quireza –seguramente catro guicholas dun valor moi pouco máis que sentimental– e unha tenza de monte que os veciños lle quixeron asignar coma a un veciño máis da parroquia no momento de verificar a partición do monte de aproveitamento común.

Dispon que “todo lo demás que resulte ser de la pertenencia del otorgante, según se encuentre dentro o fuera de la casa mortuoria, y le pertenezca por cualquier razón, faculta y confiere poder amplio según se requiera a los cumplidores que aquí se nombrarán para que procedan a la venta y enajenación de cuanto aparezca, ya sea pública o privadamente, y con el importe de lo que obtengan le costearán sus funerales como consideren conveniente sus cumplidores, pagando algún débito si resultase

tenerlo y distribuyendo cualquier residuo en sufragios por el bien de su alma”.

Os testamenteiros a quen fai alusión eran D. Manuel Campos Otero, Capelán de de Ouzande e D. Antonio Couñago, veciño da Vila da Estrada. As súas lexítimas de Quireza dispón que as herden, por metades, a súa irmá, María Josefa Fontenla, e as sobriñas María e Josefa Fontenla, en representación do pai delas José Fontenla.

Na rectoral de Ouzande vivía unha criada chamada Dolores Gómez, casada en Ouzande en 1.861 que atendía ó Cura e ós familiares que vivisen coel, por exemplo seu cuñado José Barros que finou na rectoral en 1.864 á idade de 94 anos. Desa criada di o Cura que fixo cos seus aforros unha casiña na Estrada, para a que ela foi mercando algún mobles que aínda están na rectoral no momento de redactar o testamento, no que se di expresamente que se respecte o dereito desta muller a levar, cando el morra, tódalas súas pertenzas e que os testamenteiros lle dean unha parte da tenza do monte que os vecinos lle asignaran a el; o resto, que a vendesen. Que calquera axuda que lle tivese prestado para ir facendo a súa vivenda na Estrada, ninguén lla reclame, xa que se trata de recompensarlle os bos coidados e mellor trato que ela lle dispensou, e seguirá dispensandolle na súa avanzada idade. Calquera crédito ó que teña dereito contra o seu cuñado Francisco Gil ou os seus herdeiros, queda condonado a prol dos referidos herdeiros. Pola súa alma e as dos seus maiores empregarán tamén os testamenteiros os atrasos dos que é acreedor contra o Estado, cando llos paguen, por suposto.

No testamento comezara diciendo que: *“Encomienda su alma a Dios Nuestro Señor, que de la nada la ha creado, y el cuerpo a la tierra de la que fue formado, el cual, hecho cadáver, se le amortajará con las sagradas vestiduras de su ministerio y harán sus funerales y demás sufragios según la posibilidad que resulte de lo que aquí designará y la voluntad de los cumplidores. Además de esas funciones, se le tendrán las que le pertenecen como uno de la Hermandad de Tabeirós”.* Esta era unha

Confraría do Clero de Tabeirós, que entre outras finalidades estaba a de facer funeral e cabodano, coa misa que ofrecía cada socio, por cada membro da mesma que falecese. Así de sinxela era a disposición dos bens de Fontenla. Os herdados que volvan ós descendentes de quen llos deixara a él. Os bens adquiridos, que seguramente son nada, dan a medida do nivel do seu enterro. De seguro que non lle custou moito traballo pasar dunha vivenda non propia –e oxalá tódolos Curas atopasen nas parroquias vivenda rectoral– e por suposto da calidade das da xente humilde, coma os veciños, a unha sepultura en terra no Camposanto que el fixera para que o compartisen todos, sen máis distintivo ca o bonete e o Cáliz gravados en relevo na campa que cobre a súa sepultura. Dame a sensación de que era pasar de peor a mellor, xa que era un espacio onde o frío do nordés non se sentía con tanta intensidade, alí onde as horas de sol, que no inverno se agradecen moito, non eran tan limitadas. “Así ... custa menos morrer.” Díxome un amigo, que xa morreu, nunha ocasión en que entramos foramos convidados á casa dun amigo común, moito mais comfortable cá de cada un de nós; ó sairmos daquela mansión pacega e quedarmos a soas, espetoume: “oes, isto estaríanos moi ben se non houbese que morrer; pero tendo que morrer, co que nos custa xa deixar esta terra, se por riba tes que deixar unha casa coma esta ... é mellor no tela”.

No que se refire ós sufraxios *post mortem* vese que tampouco lle preocuparan tanto coama a outros. Todo depende da filosofía, ou mellor teoloxía, coa que se orienta a propia vida. Para un crente non deixa de ser certo que para entrar na gloria é preciso un grao de limpeza e purificación de todo pecado, como lle pasa ó trigo ou calquera outro froito que para ser gardado debe ter o punto de maduración adecuado, senón habería que metelo no hórreo para que seque e cure adecuadamente. Para un crente, porque así o lemos nas misas de defuntos, tomado do 2º dos Macabeos 12, 42-47, é cousa piadosa e santa rezar e ofrecer sacrificios polos defuntos,

Pero Fontenla non lía somente esa páxina, con respecto á puri-



Unha vella fotografía da antiga rectoral de Ouzande, doada no 1650 polo párroco D. Mauro Posse de Montaos. Nela viviu deica o seu pasamento D. Xoán Manuel Fontenla.

ficación do pecado; ben seguro que lle era familiar a afirmación que S. Pedro deixou na súa 1ª Carta, cap. 4,8: “esforzádevos no amor duns ós outros porque o amor sepulta os pecados, por moitos que sexan”. Son medios complementarios de purificación. Da teoloxía que vive cada quen dependerá a elección das prioridades. Un día, un tolo chamado Francisco do Carrilo, na aldea onde eu me criei, tivo a ocorrencia de meterse no medio dunha leira de centeo próximo xa á maduración, e facendo unha especie de camiño arredor dun espazo do tamaño dunha eira, estragando polo tanto un anaco importante de centeo, púxose a cantar responsos en latín, no latín del hai que supor; ó ver aquel eschapazo no centeo, o dono da leira, sabendo que era un tolo, díxolle: “Pero home, Francisco ¿non estarías mellor facendo outra cousa? que os responsos son despois da morte, oh”. Francisco retrucou-

Ile: “Mire, Señor Xesús, tal como viven miña irmá e miña sobriña, que se puxo a vivir cun home casado, non teño esperanza ningunha de que me boten unhas misas nin responsos despois de morto. Estiven matinando toda a noite e tomei a decisión de facer eu agora xa todo o que poida; algo sempre ha valer.”

O tal Xesús, que era o meu pai, dixo cando todos xuntos estábamos a cear: “estou cavilando que Francico do Carrilo se cadra é o menos tolo e o máis asisado dos homes da parroquia”. Meu pai tamén lía a Biblia e coñecía a carta de San Pedro. Penso que tamén don Xoán Manuel era, polo menos, o menos tolo, que de sabio, poeta e louco seica todos temos un pouco. Outros sacerdotes que trataron moito coel e ós que Ile tiña aprecio, foron un pouco por outra teoloxía. Dous deles finaron en Ouzande poucos anos antes del, e deixaron o seu testamento con outras mandas significativas no referente ós sufraxios por sí mesmos despois da morte.

Hai que facer constar que ambolosdous tiñan casa de seu, certas propiedades e mesmo recibiron, un deles por doación inter vivos e outro por herdanza post mortem, os bens de dúas familias. Non é de estrañar ningunha das disposicións que fan ante notario. O primeiro que finou deixou disposto, perante o Escribano Público don Domingo Antonio Pintos que, *“Hecho su cuerpo cadáver, sea amortajado según su estado sacerdotal, y que, además de las funciones de entierro, honras y séptimo día que tiene obligación de hacerle la Cofradía del Clero de Bea, de la que era hermano, se celebren otras tres funciones en la parroquia donde fallezca, con diez señores sacerdotes, incluso el párroco; y se apliquen por su ánima, por una sola vez y limosna de cuatro reales, ciento sesenta misas rezadas; y que el día en que tenga efecto su entierro se repartan de limosna a los pobres doce ferrados de maíz cocido, dejando por su albacea, cumplidor y testamentario al Presbítero don Felipe Tato, patrimonista de esta enumerada parroquia”*.

O outro sacerdote, no testamento redactado polo Notario D. Manuel Santamarina, manda *“... asistan a su entierro, honras y*

trigésimo día veinte señores sacerdotes; que se celebren por su ánima 150 misas rezadas; que durante el primer año después de su fallecimiento se cante cada domingo el responso de Ne Recorderis en la Iglesia de la Villa de La Estrada; y lega al Hospital Real de Santiago la limosna de 32 escudos, por una sola vez, y a pagar dentro del mes siguiente a su muerte ...”

Ningunha das disposicións lle pareceu repreensible a don Xoán Manuel. Cristo dixera: se queres entrar na vida eterna, garda os mandamentos ... se queres ser perfecto desfaite do que tes e dallo ós pobres (Mt. 19, 17-21). O inmoral sería aproveitarse da suor dos demais ou, pechado a toda colaboración, perder a sensibilidade ante o seu sufrimento. Penso que iso non foi o que don Xoán Manuel observou nos seus colegas. De ser así sentiríase chamado a facer sobre a tumba deles o que disque fixo un “grafiteiro” que, debaixo dunha placa colocada nun hospital na que estaba escrito: *Aquí xaz Pero Martíns / un dos veciños de peso / e caridá proverbial / para os pobres deste pobo / deixou feito este hospital*. O “grafiteiro” engadiulle: *E primeiro fixo os pobres*.

De calquera maneira, don Xoán Manuel ben seguro que coñecía e aceptou para sí –porque se fiaba de quen o dixo–, o que San Paulo pon na boca de Xesús “É máis felicidade dar que recibir” (Libro dos Feitos do Apóstoles, Cap. 20, 35). E penso que non só foi feliz en Ouzande senón que aínda o é e será eternamente. Se el elixira o camiño da perfección, non ía ser Cristo incumplidor da súa promesa. Só me queda dicirlle a el:

Pasados tantos anos
de ternos deixado,
aínda o teu recordo
ten para min engado
Xoán Manuel.

Fixeches un bo cura
servindo a cotío,
con amor ó pobo
e a Deus sendo fiel,
Xoán Manuel.

Eu para ti auguro
e a Deus lle pido
posesión da Terra
que deita leite e mel,
Don Xoán Manuel.

ÍNDICE

Capelas e santuarios do Concello da Estrada <i>Francisco Arzumendi Iglesias</i>	5
Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra <i>Juan Andrés Fernández Castro</i>	27
Un proxecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada <i>Isabel Carlín Porto</i>	47
Os escudos do Concello da Estrada dende 1840 <i>M^{ra} Jesusa Fernández Bascuas</i>	57
La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX <i>Ángel Miramontes Carballada</i>	73
Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX <i>Ofelia Rey Castelao</i>	91
A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños <i>Juan L. Blanco Valdés</i>	105
A Vixe de Gundián <i>Juan Fernández Casal</i>	125
Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladarez Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903) <i>Juan Andrés Fernández Castro</i>	137
En torno ó topónimo Toedo <i>Fernando Cabeza Quiles</i>	155
Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II <i>Héitor Picallo Fuentes</i>	163

Recuerdos de una matrona

Carmen Ferreiro Porto

233

Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española

Olimpio Arca Caldas

245

Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande, Ouzande

Manuel Castiñeira Rodríguez

263



Deputación Provincial
Pontevedra



FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA



Fundación Cultural da Estrada
Publicacións